



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 30 de abril de 2021

ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS

<u>Declaración institucional de apoio aos traballadores/as na planta de Repsol na refinería da Coruña.....</u>	<u>7</u>
--	----------

ORDE DO DÍA

Información e actas

<u>1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/2021, de 26 de marzo.....</u>	<u>8</u>
<u>2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 20 de marzo de 2021 ata o 23 de abril de 2021.....</u>	<u>8</u>

Comisión de Benestar Social e Educación

<u>3. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2021 e do correspondente convenio de colaboración.....</u>	<u>8</u>
---	----------

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

<u>4. Ratificación dos cambios aprobados no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).</u>	<u>16</u>
--	-----------

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

<u>5. Aprobación do PLAN DE INVERSIONS 2021, SEGUNDA FASE</u>	<u>39</u>
<u>6. Aprobación técnica do PLAN DE INVERSIONS 2021, TERCEIRA FASE.....</u>	<u>40</u>
<u>7. Aprobación técnica do PLAN DE SENDAS PEONIS 2021, PRIMEIRA FASE.....</u>	<u>45</u>
<u>8. Aprobación do Plan de Sendas 2018, terceira fase integrado polo proxecto da obra ACTUALIZACION PROXECTO SENDA PEONIL NA DP 7803,P.K. 0+000 A 2+560 (SANTIAGO)</u>	<u>46</u>
<u>9. Aprobación do proxecto da obra DP 0401 Ares a Redes, P.Q. 0+140 a 3+200. Actualización do proxecto de senda peonil (Ares), incluída no PLAN DE SENDAS 2019, SEGUNDA FASE.</u>	<u>47</u>
<u>10. Aprobación do Catálogo de estradas da rede de titularidade da Deputación Provincial da Coruña.....</u>	<u>48</u>

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

11. Aprobación dun Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez relativo á autorización de uso do inmovible que foi propiedade de Don Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre49

12. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S. Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais..... 53

13. Aprobación da Prórroga do Convenio coa Universidade da Coruña núm. 67/2017 do 31 de maio, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento da Cátedra de Dereito Local 2021-2025 58

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora servizos e seguridade vial de Martagona a Furelos e outros", do Concello de Melide, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0185.0 58

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reafirmado viais municipais Callobre, Bemantes e Carantoña", do Concello de Miño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0189.0..... 60

16. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Acondicionamento CPI Virxe da Cela, parque infantil e entorno do polideportivo e campo de fútbol Xestal" do Concello de Monfero, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2200.0337.0 61

17. Aprobación do convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e os concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira e Porto do Son, para regular o proxecto "Parque Arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos". 63

18. Aprobación da prórroga da vixencia do convenio entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ares para o cofinanciamento das obras da "Cuberta da cociña do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro" 72

19. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Concellos do Camiño Inglés polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Mellora e posta en valor do Camiño Inglés" 73

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

20. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de

pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de marzo de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de marzo de 2021. 83

21. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a marzo de 2021 e proxección a 31/12/2021..... 84

22. Dación de conta dos expedientes de modificación de créditos de anulación da incorporación de remanentes números 1 e 2, de aprobación pola presidencia. 84

23. Dación de conta da remisión aos órganos de control externo (Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia) da relación de convenios formalizados no exercicio 2020 e dos expedientes de convenios aos que se refire o artigo 53 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. 85

24. Dación de conta do envío ao Tribunal de Contas das subvencións pagadas aos grupos políticos provinciais nos anos 2018 e 2019. 85

25. Dación de conta do Plan de control financeiro de subvencións 2021, referido ás subvencións pagadas no exercicio 2018. 85

26. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2021, así como da súa remisión á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma. 85

27. Dación de conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2020 da Deputación e os seus entes dependentes á Administración do Estado e da liquidación do orzamento da Deputación á Comunidade Autónoma. 86

28. Dación de conta da remisión do Orzamento do exercicio 2021 da Deputación e os seus entes dependentes á Administración do Estado.86

29. Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación da Coruña exercicio 2020. 86

30. Dación de conta do informe anual de auditoría do rexistro contable do Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña correspondente ás facturas pagadas no ano 2020. 86

31. Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Contabilidade correspondente ao ano 2020. 86

32. Dación de conta da "Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña ano 2020". 87

33. Aprobación inicial da modificación da ordenanza Nº 12 reguladora do prezo

público por servizos na residencia de estudantes do IES Rosalía Mera (antes Calvo Sotelo). 87

34. Aprobación inicial da modificación da ordenanza N° 15 reguladora do prezo público pola utilización do IES Rosalía Mera (antes Calvo Sotelo).92

35. Aprobación da modificación das Bases para a Prestación de Servizos Tributarios aos concellos da provincia. 95

36. Dación de conta das Resolucións da Presidencia sobre Plan Individualizado de Pagos (PIP), e Fraccionamento dos importes domiciliados de cotas tributarias..... 97

37. Dación de conta das resolucións de presidencia números 13845/2021 e 13846/2021, do 9 de abril de 2021, polas que se cesa e nomea, respectivamente, persoal eventual. 97

38. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2021 de aprobación polo Pleno. 97

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

39. Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para cofinanciar o "Programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental: Para unha transición ecolóxica 2021" 99

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre subvencións a entidades medioambientais..... 108

2.Moción que presentan os grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG sobre a prevención da ludopatía, especialmente na mocidade 113

3.Moción do Grupo Provincial Popular sobre a renovación de abastecemento e saneamento 123

4.Moción do Grupo Provincial Popular sobre incremento PEL..... 135

5.Moción do Grupo provincial do BNG plan sectorial eólico 142

6.Moción que presenta o grupo provincial PSdeG-PSOE sobre o peche do Centro de Operacións de Redes de Naturgy en A CORUÑA152

7.Moción do grupo Alternativa dos Veciños en apoio do sector do espectáculo, orquestras, bandas de música profesional e non profesional e da verbena galega..... 164

ROGOS E PREGUNTAS..... 171

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 30 de abril de 2021.

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia 2486/2021, de 27 de xaneiro, o día 30 de abril de 2021, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don José Luis Fernández Mouriño	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Excusado:

Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
--------------------------------	------

Actúa como secretaria accidental: dona Amparo Taboada Gil, oficial maior da Corporación.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sra. Secretaria

Hai unha declaración institucional á que lle dou lectura:

Ao abeiro do regulamento orgánico, os grupos provinciais Marea Atlántica, Partido Socialista, Partido Popular, BNG e Alternativa dos Veciños fan declaración institucional de apoio ás seguintes reclamacións dos traballadores e traballadoras da planta de Repsol na refinaría da Coruña:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AS RECLAMACIÓNS DOS TRABALLADORES/AS DA PLANTA DE REPSOL NA REFINERÍA DE A CORUÑA

O pasado 8 de Abril, a Dirección de Repsol comunicou ao Comité de Empresa da Refinería de A Coruña o inicio dun Expediente de Regulación Temporal de Emprego por causas produtivas que afectará a 212 traballadores e traballadoras e cunha duración de máximo 6 meses.

A diminución da demanda de mobilidade e do transporte, derivadas da irrupción na nosa sociedade da Pandemia provocada pola COVID-19, provocou uns efectos económicos negativos, ademais de a moitas outras, ás empresas dedicadas á produción de combustible. Este foi un sector que durante toda a Pandemia estivo á altura das circunstancias grazas ao esforzo dos seus traballadores, que ao ser considerados esenciais, adaptaron as súas xornadas laborais, mesmo con horarios de 12 horas continuadas, para garantir a actividade industrial no caso da aparición de brotes do virus.

Esta situación fixo que a Dirección de Repsol felicitase publicamente aos seus traballadores e traballadoras por un esforzo que, non supoñendo ningún beneficio económico ao seu plantel, si que evidenciou un compromiso, manifestado por Repsol, de que non tomaría decisións dramáticas para o seus persoal durante a Pandemia, cuxo fin se comeza a intuír co incremento nos ritmos de vacinación e por tanto un próximo aumento da mobilidade e o consumo.

É a primeira vez na historia que a Empresa toma unha decisión tan drástica como esta e, tendo en conta que a pesar de estar nun momento complicado en tempos de COVID-19, a petroleira tivo un resultado neto axustado no 2020 dun beneficio de 600 millóns de euros.

Unha decisión que terá un gran impacto económico en toda a nosa contorna, sumado ao efecto en cascada que vai provocar no emprego das numerosas empresas contratistas vinculadas á Refinería.

É o noso desexo e compromiso traballar para que Repsol reconsidere a decisión de aplicar este ERTE, o cal non está fundamentado en temas económicos e non suporá ningún tipo de aforro para a Compañía pero que si afectará a 212 traballadores de forma directa, ademais dos traballadores e traballadoras das contratas xunto coas súas familias e a toda economía circular dos concellos e comarcas afectadas, co que

serían mais de 3500 persoas as que notarán o impacto desta medida que quere poñer en marcha Repsol.

Desde este Comité de Empresa denunciámos que unha empresa do tamaño de Repsol utilice as arcas públicas para pagar os soldos dos seus traballadores e traballadoras ao mesmo tempo que solicita subvencións e achegas económicas para reforzar a súa actividade non se axusta a unha responsabilidade social e de respecto á sociedade onde desenvolve as súas operacións.

O anuncio desta decisión empresarial pon de relevo a importancia do mantemento do emprego de calidade e coloca enriba da mesa a necesidade de manter o tecido industrial desta comarca e por engadido de toda Galicia.

Por todo o exposto, o Comité de Empresa da Refinería de A Coruña solicita o apoio e compromiso de todos os grupos políticos presentes na Deputación de A Coruña aos traballadores e familias afectadas pola apertura deste ERTE comunicado por Repsol e instan á Xunta de Galicia a traballar conxuntamente co Goberno do Estado para que a empresa Repsol reconsidere a posta en marcha do ERTE anunciado, e garanta as inversións necesarias para o mantemento da actividade e o emprego nas instalacións de Repsol en A Coruña.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/2021, de 26 de marzo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 3/2021, de 26 de marzo.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 20 de marzo de 2021 ata o 23 de abril de 2021.

Dáse conta das resolucións da Presidencia desde o 20 de marzo de 2021 ata o 23 de abril de 2021.

3.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2021 e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **60.000,00 €**, á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña.CASCO para cofinanciar o *Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2021*, cun orzamento subvencionado de 267.215,79 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 13 de abril de 2021.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do *Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2021*.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Asoc. Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO é competente

conforme aos seus estatutos art. 3, c) que indican que desenvolverán entre outras a actividade de promover e desenvolver pisos de acollida para persoas con VIH/SIDA, sen recursos.

2.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO**, con CIF G15279219, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2021**.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Gastos do persoal do piso de acollida VIH	Soldos e salarios	95.774,07 €
	Seguridade Social	51.570,64 €
Gastos do persoal do piso de inserción	Soldos e salario	77.916,21 €
	Seguridade Social	41.954,87 €
Total		267.215,79 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **22,45 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto

imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **22,45 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2021.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados

con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña_CASCO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida-CASCO serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos

dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2021**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

4.- Ratificación dos cambios aprobados no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Ratificar os cambios introducidos no convenio aprobado entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) 2019-2021 respecto do texto aprobado polo Pleno da Deputación na sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2018.

2º.- A incorporación do novo servizo municipal quedará supeditado á data de adhesión do concello de Noia ao convenio e á aprobación definitiva do EMC 2-2021 no que está incorporada o suplemento de crédito da partida correspondente.

3º.- O texto completo da Addenda asinada figura no anexo I.

ANEXO I

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.

Santiago de Compostela, a 16 de marzo de 2021.

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, e José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeados polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro,

polo que se nomean aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Deputación Provincial da Coruña, o seu presidente, Valentín González Formoso, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Deputación Provincial de Lugo, o seu presidente, José Tomé Roca, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Deputación Provincial de Ourense, o seu presidente, José Manuel Baltar Blanco, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra, a súa presidenta, M^a del Carmen Silva Rego, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante Fegamp), o seu presidente, Alberto Varela Paz, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN:

O día 21 de decembro de 2018 o Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais, e materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais. Este convenio foi asinado o 26 de decembro de 2018 e ten por obxecto a colaboración das distintas institucións participantes para completar o mapa de emerxencias de Galicia mediante o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES).

Mediante esta addenda incorpóranse ao convenio varios acordos adoptados pola Comisión de Seguimento dos GES nas sesións dos días 26 de febreiro, 5 e 17 de novembro de 2020, que supoñen a modificación de varias das súas cláusulas e anexos.

Na addenda recóllese unha modificación dos ámbitos de actuación dos GES e das súas sedes e subsedes. Esta modificación realízase tras unha análise previa das necesidades de cobertura de zonas de sombra de cada provincia na que se buscaron

as localizacións máis adecuadas para optimizar a atención á poboación e reducir os tempos de resposta. Tamén se tiveron en conta as renuncias e solicitudes presentadas por algún dos concellos para acoller a un GES, despois da sinatura do convenio. Esta nova configuración dos ámbitos de actuación supón a modificación da cláusula segunda do convenio e dos anexos I, II e IV.

As modificacións das cláusulas oitava e novena e dos anexos II e XI do convenio, responden ao aumento que se produce no cadro de ámbitos de actuación que leva a que o número de GES aumente de 27, dos cales tres non estaban definidos, a 29. Como consecuencia, o número de compoñentes aumenta de 348 a 372 e isto supón un incremento do financiamento en materia de emerxencias e extinción de incendios forestais e unha modificación da cantidade asignada a cada GES en materia de prevención de incendios aínda que, neste último caso, non supón un incremento da cantidade total destinada a este fin.

A addenda modifica o apartado 6 da cláusula oitava co fin de facer unha mellor interpretación do texto relativo ao prorrateo no financiamento dos GES no primeiro ano de adhesión dun concello ao convenio. Desta maneira, só se aplicará no caso de GES de nova creación cuxa sede corresponda a un concello que non estivera adherido ao convenio vixente no período 2013-2018.

Debido á modificación dos ámbitos de actuación e á designación das novas sedes dos GES, deixan de existir os tres GES que estaban sen definir, polo que unha das funcións da comisión de seguimento do convenio, contemplada na cláusula décimo quinta, varía a súa redacción.

Deixa de ser necesario que a dita comisión teña que designar o concello sede do GES nº 12 e as sedes dos tres GES indefinidos, así como do novo servizo municipal, polo que unicamente terán que a fixar a sede dun GES naqueles supostos en que se produzan vacantes ou cando o respectivo concello non formalice adhesión ao convenio. Esta modificación tamén se reflexa na redacción do último punto da cláusula segunda.

Engádense tres parágrafos no anexo I co obxectivo de mellorar a eficiencia na atención das emerxencias. Desta maneira a addenda recolle a posibilidade de que o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 poida mobilizar ao GES máis próximo ao lugar do incidente aínda que este lugar non pertenza a un concello dos asignados ao dito GES.

Ao aumentar o número de ámbitos de actuación, aínda que a cantidade total destinada á prevención de incendios forestais non varía, si o fai a cantidade asignada a cada GES en materia de prevención. Por este motivo queda modificado o anexo IV.

E por último, modifícase o anexo VIII co fin de incluír a posibilidade de facer excepcións á asistencia ao curso teórico-práctico impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública, cando as persoas candidatas contén cun certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.

Por todo iso, con base no exposto, as partes acordan asinar a presente addenda de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Modifícase a cláusula segunda, que queda redactada como segue:

SEGUNDA.- LOCALIZACIÓN

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais sitúanse estratexicamente en 35 localidades que se corresponden con 29 GES, que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos 4 Servizos Supramunicipais e os demais servizos de emerxencia, a un total do 90- 97% da poboación.

Os criterios determinantes da distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais foron:

A non existencia de Servizo contra incendios e salvamento, xa sexa comarcal ou municipal.

- Poboación atendida, xa que existen zonas de alta concentración de poboación con mala ou nula cobertura actual por parte dos servizos contra incendios e salvamento.
- Distribución uniforme.
- Preferencia daquelas mancomunidades ou consorcios de concellos con prestación mancomunada no campo da protección civil.
- Localizacións en zonas de montaña, con moi mala accesibilidade, onde os dispositivos de Protección Civil teñen tempos de chegada máis alongados.
- Localizacións en zonas con riscos potenciais.
- Situación estratéxica en canto a vías de comunicación, co fin de axilizar o proceso de despregue e intervención nas emerxencias
- A existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emerxencias e con experiencia e recursos humanos con formación en emerxencias.
- As sedes e subsedes dos GES establécense no anexo II de este convenio correspondendo a Comisión de Seguimento a proposta de novas sedes no caso de producirse vacantes

Segunda. Modifícase a cláusula oitava, que queda redactada como segue:

OITAVA.- FINANCIAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

1-Os Grupos de emerxencias supramunicipais financiaranse polas seguintes partes asinantes do convenio:

- A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Consellería de Medio Rural
- As Deputacións Provinciais
- Entidades locais que se adhiran a este convenio.

2- A contribución ao financiamento da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, en materia de emerxencias para os GES e Servizos

Municipais xa creados e as ampliacións segundo o establecido na Cláusula segunda fixase en:

- Para o financiamento dos servizos municipais: douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros 262.500€ para o ano 2019, douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros 262.500€ para o ano 2020 e douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros 262.500€ para o ano 2021, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212.A.460.1.
- Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES e servizos municipais (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará catrocentos oitenta e oito mil dous centos cincuenta euros (488.250€) para o ano 2019, catrocentos oitenta e oito mil dous centos cincuenta euros (488.250€) para o ano 2020 e cincocentos dezanovemil setecentos cincuenta euros (519.750,00€) para o ano 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141.A.461.1.

3- A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de extinción de incendios, para os GES, fíxase en tres millóns cincocentos oitenta e un mil douscentos cincuenta euros (3.581.250 €) para o ano 2019, tres millóns cincocentos oitenta e un mil douscentos cincuenta euros (3.581.250 €) para o ano 2020 e tres millóns oitocentos corenta e tres mil setecentos cincuenta euros (3.843.750,00 €) para o ano 2021, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES segundo o reparto do Anexo II.

4- A contribución ao financiamento por parte dos concellos será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponde, segundo o anexo II ascende a un total de 651.000,00 €, nos anos 2019 e 2020 e de 693.000,00€ no ano 2021.

5- A contribución ao financiamento das Deputacións é a que segue:

Anos 2019-2020

Deputación	Composición grupos 12/16/18/19	GES	Servizos municipais
A Coruña	7/0/0/0	784.000,00 €	-
Lugo	7/0/0/0	784.000,00 €	-
Ourense	3/0/1/2	838.666,66 €	62.000,00 €
Pontevedra	3/1/0/0	481.333,33 €	124.000,00 €
Non asignados	3/0/0/0	336.000,00 €	62.000,00 €
TOTAL		3.472.000,00 €	

Ano 2021

Deputación	Composición grupos 12/16/18/19	GES	Servizos municipais
A Coruña	7/0/0/0	784.000,00 €	62.000,00 €
Lugo	7/0/0/0	784.000,00 €	-
Ourense	5/0/1/2	1.062.666,66 €	62.000,00 €
Pontevedra	6/1/0/0	817.333,34 €	124.000,00 €
TOTAL		3.696.000,00 €	

Este financiamento distribuirase da seguinte maneira: un adianto do 50% da achega no momento da sinatura do convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación. Nas vindeiras anualidades o 50% no primeiro trimestre do exercicio correspondente, o 25% no mes de setembro e o restante no momento final.

6.- No caso de GES de nova creación, durante o primeiro ano trala adhesión do concello correspondente ao convenio, o financiamento correspondente prorratearase segundo a data da sinatura da súa adhesión.

Estas cantidades serán aboadas directamente á entidades locais nas que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais.

Terceira. Modifícase a cláusula novena, que queda redactada como segue:

NOVENA.- CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

O *CUSTE ANUAL* do presente convenio en materia de emerxencias e extinción de incendios é de: 8.455.000,00 €, nos anos 2019 e 2020 e de 9.015.000,00 € no ano 2021 fixándose os custes totais por GES no anexo II. A addenda supón un incremento de 560.000,00 € na anualidade de 2021.

E, respecto da acta, ben, pois ás veces nós tamén levamos esas sorpresas, pero non é evidentemente, non debemos dramatizar, simplemente me parece ben o apunte que estás a facer, eu entendo que como representante dos teus veciños, xa non como deputado, senón como representante dos teus veciños, queres que para a historia queden sinaladas as xestións que fixeches para mellorar unha infraestrutura que é básica en Oza-Cesuras. Polo tanto, eu entendo que iso, sen ningún inconveniente, non fai falta buscar testemuñas nin moito menos, corrixirase na acta, non te preocupes. Ás veces tamén me pasa a min mesmo; non hai moito nunha votación que houbo aquí pedín as actas e había certas diferenzas entre o que me manifestaban os compañeiros deputados e o que estaba reflectido na acta. Non pasa nada, todos somos humanos, como normalmente non hai problemas nestas aprobacións das fases, imaxino que se pasaría, pero non pasa nada, que será corrixida a acta. Non te preocupes, Pablo, polo tanto, o único que nos preocupa.

Sr. González Cacheiro

Completamente de acuerdo y me quedo con tu compromiso de consignar esa cantidad a mayores...

Sr. Presidente

O tema da memoria, perdoa...

Sr. González Cacheiro

La memoria fue registrada ya por tres veces dentro del departamento y el otro día, claro, hubo un técnico que dijo que él no tenía constancia de ninguna, pero que si la tenía yo, que así se lo manifestase, y yo me quedé un poco perplejo, porque la verdad con tres o cuatro escritos registrados hay un problema de registro. También supongo que habría un problema de registro en la petición como diputado que hice para que se me trasladara el expediente. Vamos a pensar que todos fueron problemas y que, bueno, vamos a dejarlo así y pienso que me quedo con ese compromiso tuyo, Valentín, perdona que te tutee también, de alcalde a alcalde, que no como diputado, que esto es una mera situación transitoria, pero sí que tomo ese compromiso de que ese embudo se va a solucionar y de que la consignación presupuestaria de esa primera fase se va a realizar cuanto antes y se van a consignar esos 699.000 euros. Me quedo con ese compromiso, me quedo a gusto y agradecido.

Sr. Presidente

Sen dúbida. Sr. Pequeno, non sei se quere comentar algo?

Sr. Pequeno Castro

Bo día a todos e a todas.

Quedou comentado, quedou moi claro por parte do presidente, e, se hai algún erro, que perdoe o deputado e alcalde. Eu creo que aquí non temos que indignarnos de nada, temos que felicitarnos de que veña unha obra importante para ese Concello, pero tamén para as vías provinciais da Deputación, unha obra onde a estrada ten 4 m de ancho e pasa a 8 m, e que foi demandada, é verdade, demandada polo alcalde, eu non tiven moita relación co alcalde con respecto a esta obra, o que si tiven relación nun momento determinado cos veciños, e iso foi no anterior mandato, e quedouse nun compromiso clarisimamente de que iamos intentar solucionar ese problema por causa de que andaron nos noiros e a limpeza de noiros fixo consigo que quedara unha zona moi perigosa, e eu recordo ir a ese sitio nada máis, e despois non tiven ningún outro tipo de actuación. Aquí soamente son os técnicos de Vías e Obras os que buscan a seguridade das estradas e son os que realmente están facendo este tipo de traballo. Se hai algún malentendido, pois que perdoe o alcalde, que perdoe o deputado, e intentaremos corrixilo.

E, respecto á memoria, ben, pois falarei cos técnicos e os técnicos que naquel momento na Comisión tampouco se deron conta supoño desa memoria, que seguro, segurísimo, que está en Vías e Obras, e teremos en conta, de verdade, e estamos abertos, e sabes que Vías e Obras, o Departamento de Vías e Obras está aberto para todo o mundo, e alí estase atendendo. E o que quedou claro na Comisión, e é verdade que participaches e falaches na Comisión, pois haberá que mirar na próxima comisión e aprobación de actas da correspondente modificación.

E, por outro lado, do que se trata é de aprobar o proxecto porque necesitamos

aprobar o proxecto para poder destinalle terreos e, para destinalle terreos, necesitamos a expropiación. Entón, o que se aproba primeiramente é o proxecto e apróbase poñer en marcha a expropiación e pedir todas as autorizacións, de augas e máis de patrimonio que son necesarias. E unha vez conseguido isto, está clarísimo, díxoo o presidente pero eu creo que a Deputación é seria e, no momento en que é isto, lévase outra vez ao Pleno para empezar a contratación, facer a consignación e empezar a contratación, aprobar a súa iniciación da contratación. Entón non hai problema ningún, eu creo que a Deputación...

Sr. González Cacheiro

Me quedo con ese compromiso de la consignación presupuestaria y de otra manera de alcalde a alcalde. Una cosa, vamos a ver, la política es la política, pero después cuando se lleva a la ejecución siempre hay una cordialidad y unas líneas rojas, que yo creo que tenemos que tener una cordialidad y que departamentos técnicos, cuando hay interrelación de carreteras, creo que se tiene que tener esa reunión. A lo mejor pues en un despacho, a lo mejor sin prensa, como sea, pero sí que esa reunión yo creo que es necesaria. Se lo dice, ya le digo, un diputado de manera transitoria.

Nada más y muchas gracias a todos, y disculpad la interrupción._

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente o proxecto incluído no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021 TERCEIRA FASE cun orzamento total de 699.092,56.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0003.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 6301, SERRA DE ABAIXO A PORZOMILLOS, PK 0+000 A 1+180 E PK 1+720 A 2+500	OZA-CESURAS	699.092,56 €	94.866,80 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2021.1110.0003.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 6301, SERRA DE ABAIXO A PORZOMILLOS, PK 0+000 A 1+180 E PK 1+720 A 2+500	OZA-CESURAS	699.092,56 €	94.866,80 €

3.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe. "

7.- Aprobación técnica do PLAN DE SENDAS PEONIS 2021, PRIMEIRA FASE

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente o Plan de SENDAS PEONÍS 2021 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 183.731,71.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900	EXPROPIACION
2021.1170.0001.0	DP 4001 BAIXO A LAXE. SENDA PEONIL DENDE ESTRADA AC430 A FORNELOS	ZAS	183.731,71	37.312,01

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900	EXPROPIACION
2021.1170.0001.0	DP 4001 BAIXO A LAXE. SENDA PEONIL DENDE ESTRADA AC430 A FORNELOS	ZAS	183.731,71	37.312,01

3.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.- Aprobación do Plan de Sendas 2018, terceira fase integrado polo proxecto da obra ACTUALIZACION PROXECTO SENDA PEONIL NA DP 7803,P.K. 0+000 A 2+560 (SANTIAGO)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Modificar a TERCEIRA FASE DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2018 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 20 de decembro de 2018, no sentido que o proxecto SENDA PEONIL NA DP 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS ENTRE VOS P. K. S 0+000 Ao P. K. 2+560 E RAMAL INICIAL, CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA déixase sen efecto para incluír un novo proxecto que se adapta ás necesidades xurdidas.

2º.- Aprobar o Proxecto de Actualización do Proxecto ACTUALIZACION PROXECTO SENDA PEONIL NA DP 7803, P. K. 0+000 A 2+560 (SANTIAGO), código 2018.1170.0004.0, cun orzamento de contrata de 754.128,97 € que non supón variación económica con respecto ao aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 22 de decembro de 2018, integrándose na TERCEIRA FASE DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2018.

3º.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPUESTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
18.1170.0004.0	ACTUALIZACION DO PROXECTO SENDA PEONIL NA DP 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS ENTRE OS P.K.S 0+000 AL P.K. 2+560 E RAMAL INICIAL	SANTIAGO COMPOSTELA	754.128,97 €	26.717,15

4º.- Expoñer ao público o proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

5º.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Aprobación do proxecto da obra DP 0401 Ares a Redes, P.Q. 0+140 a 3+200. Actualización do proxecto de senda peonil (Ares), incluída no PLAN DE SENDAS 2019, SEGUNDA FASE.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Modificar a APROBACION TECNICA DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2019 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de abril de 2019 no sentido que o proxecto DP 0401 Ares a Redes, P. Q. 0+140 a 3+200. Actualización do proxecto de senda peonil que se deixa sen efecto para incluír un novo proxecto que se adapta ás necesidades xurdidas.

2º.- Aprobación a PRIMEIRA RELACION DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2019 integrado polo proxecto que a continuación se indica e que se financiará con cargo á aplicación 2021 / 0410 - 4535 - 60900:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPUESTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS),	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0112/4531/600)
2019.1170.0002.0	MODIFICADO DEL DE ACTUALIZACION DE LA SENDA PEATONAL EN LA DP 0401 ARES A A REDES, P.Q. 0+140 A 3+200.	ARES	748.038,49	11.010,30

3º.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPUESTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS),	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0112/4531/600)
2019.1170.0002.0	MODIFICADO DEL DE ACTUALIZACION DE LA SENDA PEATONAL EN LA DP 0401 ARES A A REDES, P.Q. 0+140 A 3+200.	ARES	748.038,49	11.010,30

4º.- Expoñer ao público o proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

5º.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.- Aprobación do Catálogo de estradas da rede de titularidade da Deputación Provincial da Coruña

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar o catálogo de estradas da rede de titularidade da Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co establecido no art. 10.4 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia.

2º Comunicar o catálogo de estradas á consellería competente en materia de estradas da Xunta de Galicia.

3º Publicar o catálogo de estradas da Deputación Provincial da Coruña no portal de transparencia desta Deputación e publicar no Boletín Oficial da Provincia o anuncio da aprobación do catálogo e a súa remisión ao portal de transparencia para a súa consulta por todos os interesados."

11.- Aprobación dun Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez relativo á autorización de uso do inmovible que foi propiedade de Don Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez, RELATIVO Á AUTORIZACIÓN DE USO DO INMOBLE QUE FOI PROPIEDAD DE Don Wenceslao Fernández Flórez EN Cecebre, onde se concretan as obrigas das partes, e sen que implique custe económico para a Deputación Provincial da Coruña

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ RELATIVO Á AUTORIZACIÓN DE USO DO INMOBLE QUE FOI PROPIEDAD DE DON WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ EN CECEBRE

Na Coruña, a de de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte, D. _____, en representación da Fundación Wenceslao Fernández Flórez.

MANIFESTAN

1.- A Deputación Provincial da Coruña en sesión plenaria celebrada o 11 de xuño de 1.999 aprobou a adquisición mediante compraventa da casa e finca denominada "Puente do Cubo" e "Monte da Fame" en Cecebre, término municipal de Cambre (inmovible que foi propiedade de Wenceslao Fernández Flórez), así como o mobiliario, biblioteca, láminas e debuxos ubicadas no mesmo, aprobando asimesmo o prego de cláusulas particulares que rixe a citada adquisición.

2.- Na cláusula 10 do prego (DESTINO) para a adquisición do citado ben, establecíase:

"A Deputación destinará os bens adquiridos a fins propios da súa competencia

(culturais, artísticos, sociais, turísticos, educativos, formativos, etc).

A Deputación comprometéase a realizar os trámites correspondentes para a conservación, restauración e rehabilitación tanto da casa coma da finca.

Asímesmo a Deputación comprometeuse a facilitar á Fundación Wenceslao Fernández Flórez a utilización dos locais que se adquiriron, ben mediante a integración da Deputación na Fundación, ben de calquera outro xeito que estime adecuado en dereito, previa tramitación y adopción dos acordos preceptivos.”

3.- A escritura de compravenda formalizouse ante o notario D. Miguel Jurjo Otero, o 9 de xullo de 1.999 (número de protocolo 1806) e mediante resolución da presidencia nº 13.173 de data 5 de xullo de 1.999 aprobouse o pago do prezo de adquisición.

4.- A Fundación Wenceslao Fernández Florez constiuiuse en novembro de 1.998 ante o notario da cidade de Vigo D. Alejo Calatayud Sempere (número de protocolo 3.603).

De acordo cos estatutos aprobados en reunión do padroado o 17 de xaneiro de 2009, e elevados a escritura pública o 12 de xullo de 2011 ante o notario Miguel Jurjo Otero, a Fundación ten por obxecto segundo o artigo 6 dos seus estatutos:

1.- Fomentar, soste e difundir o interese e reflexión sobre a importancia e transcendencia temporal da memoria de Wenceslao Fernández Flórez e promover o estudo e divulgación da súa vida e obra.

2.- Conservar como Museo, Biblioteca e mobiliario da casa Villa Florentina, en Cecebre, lugar á que estivo vencellado durante toda a súa vida e na que escribiu grande parte da súa vida e obra.

3.- Manter no mellor estado esta Casa-Museo, os seis xardíns e os demais edificios e eidos adxacentes, tanto n concenrente á súa conservación material como en su disposición para ser visitada por cantos desexan coñecer lo que foi centro espiritual e creador do escritor, que xa forma parte do patrimonio cultural do pobo galego.

4.- Procurar que o labor iniciado por Wenceslao Fernández Flórez no estudo, reflexión e interpretación da natureza e do territorio nos espazos rurais e urbanos de Galicia; na interpretación sobre a súa identidade histórica, e no eido da creación literaria, reciba estímulos para a súa prosecución axeitada. A tal fin, a Fundación artellará os instrumentos e medios materiais e intelectuais necesarios para o desenvolvemento dun Centro de Estudios e Interpretación da Natureza – CELIA- que atenda á prosecución de tal labor, centrado preferentemente nas ciencias naturais, nas sociais e na creación literaria, o cal, formando parte da Fundación, será administrado por ésta, e que se regulará por un Regulamento interno que, en ningún caso, poderá contradicir os presentes estatutos e a lexislación vixente.

5.- Coidar da tumba da familia, sitas no Cemeterio de San Amaro na Coruña.

6.- Celebrar, cos actos que se acorden, as datas conmemorativas de Wenceslao Fernández Flórez e organizar na súa memoria, na data que se determine, os acontecementos mais relevantes.

7.- Organizar a concesión de premios ou honores que se considere de importancia para a vida e obra do escritor.

8.- Organizar actividades culturais, relacionadas coa promoción e posta en valor da cultura galega e coa obra do escritor no contexto da súa obra.

9.- Servir de Centro de dinamización cultural con capacidade de iniciativa propia e de operatividade nos diferentes aspectos das Artes en Xeral.

10.- Fomentar a actividade cultural entre a xuventude, buscando o xeito de acollelos e encetalos na nosa cultura galega e nacional.

11.- Fomentar as Artes de expresión como o cine, o teatro, o audiovisual e novas tecnoloxías. Creando e producindo ou premiando tal e como houbese sido feito polo escritor.

As actividades para levar a cabo o fin fundacional concrétanse en:

- Reedición da obra literaria do autor
- Ciclos de conferencias
- Charlas
- Programas de animación á lectura da súa obra
- Ciclos de cine
- Ciclos literarios
- Calquera outra actividade que se considere necesaria para o maior desenvolvemento dos seus fins

5.- A Fundación figura inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 1998/12 (Orde 27 de xaneiro de 1.999, DOG nº 26 do 9 de febreiro de 1.999).

6.- A Deputación, nos termos da cláusula 10 do prego, considerou necesario autorizar o uso do inmovible á Fundación Wenceslao Fernández Flórez para así dispor dun foro permanente de difusión da obra do insigne escritor coruñés, creando ademais un centro de atención turística e cultural neste lugar da Fraga de Cecebre que inspirou a obra do *Bosque Animado*.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é regular o uso do inmovible propiedade da Deputación Provincial da Coruña por parte de Fundación Wenceslao Fernández Flórez, sito en Cecebre, Concello de Cambre, considerando a importante labor que leva a cabo esta fundación na divulgación e estudo da vida e obra de Wenceslao Fernández Flórez.

SEGUNDA.- ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES

A Fundación Wenceslao Fernández Flórez, en aplicación deste convenio comprométese ao adecuado uso da Casa Museo Wenceslao Fernández Flórez.

A Fundación asumirá os seguintes conceptos de gastos, que aboará directamente as entidades prestadoras dos servizos:

Estimación de gastos xerais da Casa Museo

Luz	720,00 €
Teléfono	920,00 €
Gasóleo calefacción	700,00 €
Seguro Responsabilidade Civil	352,39 €
Gastos Limpeza	800,00 €
Mantemento páxina web	180,00 €

Asimesmo asumirá calquera outro incremento de gastos polos conceptos anteriormente citados.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A Deputación da Coruña como titular da propiedade comprométase ao pago dos gastos relativos ao mantemento e conservación da Casa Museo Wenceslao Fernández Flórez, excepto os indicados na cláusula II.

CUARTA.- COMPROMISOS DA FUNDACIÓN

- 1.- Os espazos cuxo uso se autoriza á Fundación Wenceslao Fernández Flórez, utilizaranse exclusivamente para os fins obxeto da Fundación. A estes efectos comunicarase con antelación suficiente ao Servizo de Patrimonio e Contratación o programa de actividades de cada trimestre.
- 2.- En todos os actos que celebre a Fundación ou que se realicen no inmovible cuxo uso se autoriza, farase constar a colaboración de ambas institucións.
- 3.- A Fundación Wenceslao Fernández Flórez comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, non podendo realizar obras no inmovible. O Servizo de Patrimonio e Contratación, poderá por si ou a través doutros servizos da Deputación (Arquitectura e Mantemento, Cultura, Deportes e Acción Social, Biblioteca, Arquivo,...) inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos e o cumprimento dos fins do presente convenio.
- 4.- A entidade beneficiaria realizará actuacións para potenciar a difusión da obra de Wenceslao Fernández Flórez.
- 5.- A Fundación comprométese a que os fondos bibliográficos sexan consultados dentro do inmovible sin que poidan saír do mesmo sen autorización do xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación, previo informe da directora da Biblioteca Provincial.

QUINTA.- PUBLICIDADE DA COLABORACIÓN.

Todos os eventos e os materiais promocionais deberán incorporar a imaxe institucional da Deputación provincial da Coruña como entidade colaboradora, e que poderán consistir en publicidade activa mediante paneis fixos, carteis, trípticos, camisetas, cuñas radiofónicas, páxinas web, notas de prensa e calesqueira medios a través dos cales se propague información das actividades. O incumprimento das obrigas de publicidade derivadas do presente convenio dará lugar a súa resolución.

SEXTA.- COMISIÓN SEGUIMIENTO

Para o seguimento de control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

SÉTIMA.- VIXENCIA E PRÓRROGA

A vixencia do presente convenio terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2021 ate o 31 de decembro de 2021. O presente convenio prorrogarase automaticamente por anualidades, hasta un máximo de catro anos.

A Deputación en calquera momento e en función da súas necesidades poderá deixar sen efecto autorización de uso, cun aviso previo de 3 meses.

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son cláusulas de resolución do presente convenio:

- O seu incumprimento total ou parcial.
- O incumprimento das obrigas establecidas na cláusula cuarta.
- Por acordo mutuo entre a Fundación Wenceslao Fernández Flórez e a Deputación Provincial da Coruña.
-

NOVENA.- RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

A resolución dos conflitos que puideran xurdir con motivo do presente convenio corresponderán á xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- PARTICIPACIÓN CONCELLO DE CAMBRE

A Deputación estudará a forma de integración do concello de Cambre na xestión da Casa Museo Wenceslao Fernández Flórez, nas súas diversas opcións e en particular a cesión de uso ou titularidade do citado inmovible.

Faise constar o presente convenio foi aprobado polo _-----.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento."

12.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S. Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais, onde se concretan as obrigas das partes, e sen que implique coste económico para a Deputación Provincial da Coruña, comprometéndose o concello da Coruña a non recibir compensación económica alguna polas entidades deportivas que fagan uso do citado pavillón.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO DO I.E.S RAFAEL PUGA RAMÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

REUNIDOS

Don _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Dona _____, en representación do Concello da Coruña

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña é titular do instituto "Rafael Puga Ramón" na cidade da Coruña, que conta entre as súas instalacións cun pavillón polideportivo.

O Concello da Coruña, ao abeiro do previsto nos artigos 25.2.l) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art.8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, o deporte de Galicia, desenvolve diversas actividades deportivas ao longo do termo municipal a través das Escolas Deportivas Municipais.

A maior parte desta actividades desenvólense en instalacións deportivas de titularidade municipal, mais as reducións da cabida debido as medidas ditadas contra a COVID-19 fan preciso aumentar os espazos deportivos, mellorando así a seguridade das persoas usuarias.

O pavillón polideportivo do instituto "Rafael Puga Ramón" utilízase durante o horario lectivo, polo que está dispoñible durante unha parte do día.

Tendo en conta o anterior, ambas as dúas institucións consideran de interese colaborar na utilización dos espazos polo que acordan asinar un convenio de colaboración coas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular a relación de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, por medio da cal a Deputación autoriza á utilización ao Concello do uso parcial do pavillón deportivo do I.E.S. Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas.

SEGUNDA.- Descrición das instalacións.

O IES “Rafael Puga Ramón” conta entre as súas instalación cun pavillón polideportivo cuberto que dispón de acceso independente dende a Avenida Enrique Salgado Torres. A instalación ten unha pista de 997,47m2 realizada co propio pavimento de soleira de formigón. Dispón de sinalización, con dimensións regulamentarias para a práctica de balonvolea, baloncesto, balonmán, fútbol sala e tenis. Actualmente, debido ao Covid19, no pavimento marcáronse cuadrículas de 2,00 x 2,00 para a práctica da clase de educación física dos alumnos do IES.

Dispón de porterías, canastras, marcador deportivo e cortina separadora de espazos. Para a práctica das actividades docentes realizadas dispón nas inmediacións da pista de numeroso equipamento como tatamis, bicicletas, colchonetas,...

Dispón de 2 zonas con dous banzos, situadas nun lateral da pista, e conta tamén con 2 vestiarios para equipos, un para árbitro/monitor, aseos e carto de instalación.

TERCEIRA.- Desenvolvemento das actividades.

Corresponderalle ao Concello da Coruña, con medios persoais propios ou contratados, a programación das actividades deportivas a desenvolver no pavillón obxecto do convenio.

O Concello terá que enviar unha proposta das actividades que ten previsto desenvolver no pavillón antes de ser usados polo Concello ou entidades seleccionadas polo mesmo, e terá que enviar ao Servizo de Educación da Deputación unha programación mensual das actividades a desenvolver.

Os horarios de uso das instalacións será o seguinte:

* Pavillón do I.E.S. “Rafael Puga Ramón”: de 18:30 a 00:00 horas, de luns a venres, salvo restriccións horarias que se determinen pola situación sanitaria, en que haberá que respetar as mesmas.

Na fin de semana sen limitación de horario, sempre que a actividade non resulte incompatible coas actividades do centro de ensino.

As entradas e saídas ao pavillón realizarase directamente desde a rúa ás instalacións deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

Non se poderá utilizar o material deportivo existente no pavillón, agás o imprescindible

como son as canastras, porterías ou cortinas separadoras de pistas.

Non se permitirá usar os vestiarios ata que a Deputación o autorice, previa solicitude do Servizo de Deportes do Concello da Coruña, tendo en conta a normativa Covid19.

CUARTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.

A Deputación poderá facer uso das instalación para as activades propias, coordinándose co concello, a cuxos efectos comunicarao cun preaviso de 15 días, salvo situación de urxencia ou forza maior .

QUINTA.- Obrigas das partes.

1.- Obrigas do Concello:

1.1.- Efectuar un uso responsable das instalacións, coidando destas e adoptando as medidas necesarias para que non se produzan danos nas mesmas e respondendo dos danos e perxuizos que ocasione a terceiros.

O Concello designará unha persoa responsable da apertura e do peche das portas de acceso ao recinto deportivo, de acender e apagar as luces da instalación e de vixiar a dita instalación, así como de controlar a manipulación dos elementos de uso imprescindible e que non se use e deteriore o material que o centro ten no espazo común.

1.2.- O Concello asumirá os gastos derivados de danos ocasionados con motivo da utilización polas actividades municipais e polas entidades, na instalación deportiva e nas instalacións anexas dentro do recinto do centro.

1.3.- O Concello realizará a limpeza **diaria** e desinfección da instalación, durante a súa utilización, de acordo cos protocolos sanitarios contra a COVID-19 mentres estean en vigor, e no seu caso vestiarios.

Ao remate das actividades realizarán unha limpeza a fondo da pista e espazos utilizados polas persoas usuarias, e no seu caso dos vestiarios.

1.4.- O Concello será o encargado de supervisar e controlar que as entidades cumpran o protocolo de uso deportivo (PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA SOLICITUDES DE IDM EN PERÍODO COVID-19).

1.5.- O Concello da Coruña ten a obriga de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil e garantir que todos os usuarios teñan seguro de accidentes.

1.6.- O Concello garantizará que as entradas e saídas ao pavillón se realizará directamente dende a rúa ás instalación deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

1.7.- O Concello xestionará o pavillón nas mesmas condicións que teña establecidas o concello para as súas instalación deportivas, comprometéndose o concello da Coruña a non recibir compensación económica alguna polas entidades deportivas que fagan uso do citado pavillón.

2.- Obrigas de Deputación:

2.1.- Facerse cargo do mantemento das instalacións para un bo uso da mesma. Exceptúanse os danos ocasionados nas instalacións polo uso irresponsable ou inadecuado delas durante o seu uso para as actividades deportivas municipais, en cuxo caso responderá o concello.

2.2.- A Deputación aboará os gastos derivados do pago de impostos e do seguro das instalacións (continente e contido).

SEXTA.- Supervisión e inspección das instalacións por parte da Deputación.

A Deputación, a través do Servizo de Arquitectura ou do Servizo de Patrimonio e Contratación, poderá realizar actuacións de supervisión do estado das instalacións en calquera momento, poñendo en coñecemento da persoa que designe o Concello como responsable da instalación con tres días de antelación e velando para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas.

SÉTIMA.- Duración e vixencia.

O presente convenio extenderá a súa vixencia ata o día 30 de xuño de 2022.

Non obstante a Deputación poderá deixar sen efectos o presente convenio, cun preaviso de 3 meses.

OITAVA.- Causas de resolución.

Ademais da extinción polo transcurso do prazo de vixencia, serán causas de resolución do presente convenio o acordo unánime das partes asinantes e o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes.

No caso de incumprimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento, outorgándolle un prazo de quince días hábiles para que proceda a cumprir as obrigas e compromisos asumidos que se consideren incumpridos. Se no transcurso do prazo indicado persistira o incumprimento indicado, entenderase resolto o convenio, debendo indemnizarse pola parte incumpridora os danos e prexuízos causados.

NOVENA.- Natureza xurídica.

O presente convenio ten carácter administrativo, resultándolle de aplicación as disposicións contidas no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Rexime xurídico do Sector público.

Corresponderalle aos órganos da Xurisdicción contencioso-administrativa resolver as controversias que poidan xurdir na aplicación, interpretación e efectos do presente convenio de cooperación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ "

13.- Aprobación da Prórroga do Convenio coa Universidade da Coruña núm. 67/2017 do 31 de maio, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento da Cátedra de Dereito Local 2021-2025

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga por catro anos do convenio nº 67/2017 de 31 de maio , por el que se instrumenta unha subvención nominativa á Universidade da Coruña para o financiamento da Cátedra de Dereito Local, por un importe de 20.000,00 € anuais con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3269/45390, e condicionada a existencia de crédito adecuado e suficiente nos próximos exercicios orzamentarios."

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora servizos e seguridade vial de Martagona a Furelos e outros", do Concello de Melide, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0185.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo ao proxecto modificado do investimento denominado "Mellora servizos e seguridade vial de Martagona a Furelos e outros", do Concello de Melide, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0185.0 no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan

complementario, no que se inclúe este investimento

Logo de aprobar o Concello de Melide un proxecto modificado deste investimento, previos os correspondentes informes favorables e que conta con todas as autorizacións sectoriais esixidas, para substituír unha actuación prevista no proxecto inicial por outra actuación, debido a que a rede de pluviais da rúa Vicente Risco, que incluíase no proxecto inicial, tivo que ser executada entre febreiro e marzo de 2020 para dar cumprimento a unha sentenza xudicial coa redacción previa dun novo proxecto específico para esta actuación, polo que foi substituída pola realización de obras de acondicionamento na rúa Uruguai, que é perpendicular á rúa Vicente Risco e presenta numerosas deficiencias.

Tendo en conta que este investimento non está adxudicado e que non varía o orzamento de contrata con respecto do proxecto inicialmente aprobado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas polo Pleno desta deputación o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2018

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora servizos e seguridade vial de Martagona a Furelos e outros”, do Concello de Melide, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0185.0, que foi aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que aínda non está adxudicado, que mantén o mesmo orzamento de contrata con respecto o proxecto inicial, pero que implica un cambio do trazado inicialmente previsto motivado pola necesidade de substituír as obras previstas na rúa Vicente Risco, que tiveron que ser executadas con anterioridade para dar cumprimento a unha sentenza xudicial, por outras obras na rúa Uruguai, que non estaban contempladas no proxecto inicial, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

			FINANCIAMENTO		
Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
2019.2000.0185.0	Melide	Mellora servizos e seguridade vial de Martagona a Furelos e outros	126.242,34	0,00	126.242,34

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Melide para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reafirmado viais municipais Callobre, Bemantes e Carantoña", do Concello de Miño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0189.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reafirmado viais municipais Callobre, Bemantes e Carantoña", do Concello de Miño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0189.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+ 2019 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento.

Tendo en conta que o Concello de Miño adxudicoulle a obra á empresa Excavaciones y Obras Candal, S.L. co NIF B15496219, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión realizada o 28 de agosto de 2020, e que no día de hoxe a obra está todavía pendente de executar.

Logo de aprobar o Concello de Miño un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 25 de marzo de 2021 pola arquitecta técnica municipal Eva M^a González, cun incremento do seu orzamento de adxudicación de 2.564,74€, coa conformidade do representante da empresa adxudicataria e da redactora do proxecto inicial, que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, e que ten a súa xustificación no deterioro sufrido por algúns dos camiños dende que se elaborou o proxecto ata o replanteo da obra, o que fixo necesario aumentar algunha partida así como introducir unha unidade de obra nova, ademais doutras actuacións, para garantir a correcta execución das obras e a durabilidade dos camiños, suprimindo outros tramos previstos no proxecto inicial que se atopaban en bo estado.

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 26 de marzo de 2021.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2018

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Reafirmado viais municipais Callobre, Bemantes e Carantoña”, do Concello de Miño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0189.0, que foi aprobado mediante acordo plenario desta deputación do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 2019/19076, do 31 de maio de 2019, que está adxudicado e pendente de executar na súa totalidade, que se aprobou polo concello previa conformidade do representante da empresa adxudicataria e da redactora do proxecto inicial, que conta cos informes técnicos e xurídicos favorables e que ten a súa xustificación no deterioro sufrido por algúns dos camiños dende que se elaborou o proxecto ata o replanteo da obra, o que fixo necesario aumentar algunha partida así como introducir unha unidade de obra nova, así como outras actuacións, para garantir a correcta execución das obras e a durabilidade dos camiños, suprimindo outros tramos previstos no proxecto inicial que se atopaban en bo estado, tendo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo concello de Miño, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello de Miño Código: 2019.2000.0189.0 “Reafirmado viais municipais Callobre, Bemantes e Carantoña”	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación
Deputación	151.535,05	123.150,34	151.535,05	123.150,34	0,00
Concello	26,20	0,00	3.182,62	2.564,74	2.564,74
Total	151.561,25	123.150,34	154.717,67	125.715,08	2.564,74

2.- A achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Miño para os efectos de que poida iniciar a execución deste investimento."

16.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Acondicionamento CPI Virxe da Cela, parque infantil e entorno do polideportivo e campo de fútbol Xestal" do Concello de Monfero, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2200.0337.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Logo de ver que na listaxe dos investimentos que se inclúen no Anexo VII do citado acordo plenario de aprobación do POS+2019, con cargo ao préstamo 2019, figura entre outros, a obra do Concello de Monfero denominada "Acondicionamento CPI Virxe da Cela, parque infantil e entorno do polideportivo e campo de fútbol Xestal", co código 2019.2200.0337.0.

Logo de presentar o Concello de Monfero un proxecto modificado desta obra, que xa está adxudicada, e que o citado proxecto non ten incremento no seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, cuxo orzamento é 202.903,45 €, que se achega a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, o informe da secretaría do concello favorable á modificación do proxecto da obra e do contrato correspondente, xunto coa demais documentación técnica e administrativa xustificativa da modificación e que conta co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Monfero denominada "Acondicionamento CPI Virxe da Cela, parque infantil e entorno do polideportivo e campo de fútbol Xestal" incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2200.0337.0, aprobada polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que non varía o orzamento de contrata da obra respecto do proxecto técnico inicial, nin o seu obxecto nin a súa finalidade, aínda que presenta unha variación interna nas súas partidas como consecuencia de que no transcurso da obra xorden novas necesidades por causas imprevistas.

Proxecto Modificado "Acondicionamento CPI Virxe de cela, parque infantil e entorno do polideportivo e campo de fútbol Xestal" Concello de Monfero 2019.2200.0337.0			
Axentes financeiros	Orzamento de contrata	Orzamento de Adxudicación	Baixa
Deputación	202.903,45	154.740,85	48.162,60
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	202.903,45	154.740,85	48.162,60

2.-A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/9436/82120 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Monfero para os efectos oportunos."

17.- Aprobación do convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e os concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira e Porto do Son, para regular o proxecto "Parque Arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a aprobación do presente convenio de colaboración por entender que se dan razóns de interese público, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican o acordo de colaboración. A proposta de subvención plantexa establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes co fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do patrimonio arqueolóxico existente nos respectivos termos municipais, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.

A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos e servizos técnico-administrativos. De igual xeito, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, a conservación, defensa e posta en

valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e os concellos de BOIRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA, para regular o proxecto “PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRESTAMÁRICOS”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO, POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA, PARA REGULAR O PROXECTO “PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS DOS PRAESTAMÁRICOS”

Na cidade da Coruña, a ... de ... de

REUNIDOS

D...., presidente da Deputación Provincial da Coruña,
D ..., alcalde-presidente do concello da Boiro
D. ..., alcalde-presidente do concello de Pobra do Caramiñal
D. ..., alcalde-presidente do concello de Rianxo
D. ..., alcalde-presidente do concello de Ribeira
D. ..., alcalde-presidente do concello de Porto do Son

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar os concellos –especialmente os pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así coma polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rigidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS E OU PROXECTOS CONSORCIADOS

Entre ambos os dous puntos, a Deputación Provincial da Coruña propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos, actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida das comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos– serán rotatorios entre os concellos integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA DE OPERATIVO PARA PROXECTOS, ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os proxectos, servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade

e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sostible o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sostibilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínste, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sostibilidade das accións que se poden desenvolver desde o ámbito local para promover os valores da arte rupestre deste territorio.

ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para regular o **proxecto Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos**, de acordo coas seguintes BASES:

Primeira.- Definición.

1. Os concellos de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto **Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos**, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

2. O presente convenio formúlase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, ao mesmo resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

3. A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto referido no apartado 1. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

Segunda.- Natureza e interpretación.

1. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, crea un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.
2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.
3. A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso, en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.

1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes co fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do patrimonio arqueolóxico existente nos respectivos termos municipais, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.
2. As actuacións concretas que se van levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades que se han desenvolver (Memoria e Plan de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na Base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.
3. As actuacións xestionadas conxuntamente rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sostibilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase a súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.
4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.

1. A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do

Son, Rianxo e Ribeira.

2. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos e servizos técnico-administrativos.

3. De igual xeito, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, a conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.

1. As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento ostente a Presidencia.

2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación Provincial baixo a responsabilidade do servizo de Promoción económica, turismo e emprego.

Sexta.- Duración.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h.1º da Lei do réxime xurídico do sector público, este convenio terá unha vixencia de catro anos, prorrogables expresamente por un máximo de catro anos adicionais. Xa que logo, as entidades asinantes comprométese a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade antes de que teña transcorrido o dito prazo.

2. No caso de que algunha das partes instase á súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar a dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva. En tal caso, procederase a constituír a comisión liquidadora á que se fai referencia na base décimo sexta.

Sétima.- Procedemento para a xestión conxunta do proxecto.

1. Para a xestión conxunta do proxecto deberá tramitarse un expediente para redactar unha Memoria e Plan de actuación que deberá contar, entre outros, cos seguintes apartados:

- Antecedentes, medios persoais e materiais necesarios adscritos, ingresos e gastos orzamentarios.
- Delimitación e alcance das prestacións a realizar concretadas nun Plan director do proxecto.
- Estudo económico-financeiro, no que se fixen os custos unitarios das prestacións a realizar en cada un dos concellos e forma de financialas

(recursos xerais, taxas, prezos públicos, prezos privados, transferencias dos concellos e subvencións). No seu caso, este apartado incluírá un borrador de ordenanza de taxas ou prezos públicos. En todo caso, cada concello deberá garantir o financiamento da totalidade do custo que lle sexa atribuído.

- Estudo técnico-organizativo interno, coa descrición de tarefas a realizar polo persoal e, no seu caso, funcionamento operativo das instalacións.
- Proposta sobre a forma de xestión de cada unha das accións, contratos de obras, servizos ou subministracións, mesmo coa posibilidade de delegar a xestión na Deputación Provincial da Coruña.
- Formas de seguimento e participación dos concellos na xestión conxunta.

2. De igual xeito, tamén será un requisito previo para a xestión compartida dalgún servizo, a aprobación da Memoria e Programa de actuación, así como, no seu caso, ordenanzas reguladoras de taxas ou de prezos públicos (no caso de realización de prestacións individualizadas co carácter de servizo público), que deberán tramitarse consonte ao seguinte procedemento:

- Aprobación inicial da Memoria e Programa de actuación por cada un dos concellos, así coma, no seu caso, regulamento do servizo, ordenanzas fiscais ou reguladora de prezos públicos.
- Exposición ao público por prazo de trinta días, para o efecto de que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.
- Aprobación definitiva por cada concello, coa forma de xestión que se teña determinado, e aprobación definitiva, no seu caso, da ordenanza fiscal ou de prezos públicos, consonte ao disposto na Lei 7/85 e no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

3. Finalmente, no caso de que se teña proposto a xestión das actuacións que vai a desenvolver a Deputación, deberán adoptar cada un dos concellos o acordo de delegación e a posterior aceptación da Corporación provincial, coa maioría esixida polo artigo 47.2 h) da Lei 7/85, de bases de réxime local. Neste suposto, á delegación da xestión das actividades ten que engadirse a relativa a xestión e recadación da taxa ou prezo público correspondente, de acordo coas bases aprobadas pola Deputación para esta finalidade.

Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión compartida do proxecto estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

- a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue.
- b) Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

Sen prexuízo desta composición, a presidencia poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, os técnicos ou persoal especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá na persoa titular da Alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de menor poboación dos partícipes.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao servizo de Promoción económica, turismo e emprego da Deputación, coas funcións da base décimo cuarta.

Novena.- Atribucións do Consello de dirección.

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

- a. Nomear a presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.
- b. O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.
- c. Aprobar inicialmente e proporlles ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa de actuación e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.
- d. Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sostibilidade.
- e. Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, concesión de servizos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.
- f. Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.
- g. Acordar a resolución do presente convenio.
- h. Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

Décima.- Distribución de votos e adopción de acordos.

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.

2. Non obstante, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.

Décimo primeira.- Réxime de sesións.

1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña a presidencia ou o solicite polo menos a terceira

parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.

2. En tal caso, recibida a solicitude, a presidencia deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.

3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

Décimo segunda.- Atribucións da presidencia.

Corresponde á presidencia exercer as seguintes atribucións:

a) Convocar, presidir e dirixir as sesións da Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidera crearse ao abeiro do presente convenio.

b) Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión do proxecto.

c) Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

Décimo terceira.- Disposicións xerais.

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.

2. Subsidiariamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

Décimo cuarta.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

Décimo quinta.- Recursos humanos e materiais.

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan de actuación, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.

2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

Décimo sexta.- A separación dalgún membro.

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se

produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumplido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederase á súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

Décimo sétima.- Modificación e resolución.

1. A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.

2. Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.
- b) Por disposición legal ou por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.
- c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.

3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, previa constitución dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

Décimo oitava.- Entrada en vigor e aplicación.

1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polos concellos interesados e a sinatura deste convenio, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base oitava.

2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará aos técnicos responsables da elaboración do Plan de actuación, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio."

18.- Aprobación da prórroga da vixencia do convenio entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ares para o cofinanciamento das obras da "Cuberta da cociña do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de Ares do 25/03/2021 na que se solicita a prórroga do convenio nº 54/2020 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas ás "Cuberta da cociña do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro " .

O convenio tiña unha vixencia inicial fixada o 31 de maio de 2021, recollendo nas súas cláusulas que o concello, en caso de precisar dunha prórroga debería solicitala antes do 31 de marzo de 2021.

A entidade achegou o documento de solicitude de prórroga dentro das datas previstas no convenio, cumprindo estritamente coas cláusulas do mesmo, solicitude motivada por:

- A entidade declara que a obra foi adxudicada pola Xunta Municipal de Goberno do Concello de Ares o día 15/03/2021 e que o Contrato formalizouse o 06/04/2021, que contempla tres meses de execución, o cal fai inviable rematar os traballos na data de vixencia do Convenio que é o 31/05/2021.
- De igual xeito, a entidade achega un informe detallado onde explica o retraso, motivado por razóns de protección do inmovible, sendo precisos unha serie de traballos previos que levan o proxecto a unha duración total de 7 meses.

A entidade achega un novo calendario de actuacións, que leva o remate dos traballos a 31 de outubro do 2021, polo que as novas datas de vixencia e xustificación serían:

- Nova data de vixencia do convenio: **31 de outubro de 2021**
- Nova data de xustificación do convenio: **31 de outubro de 2021**

2º Aprobar a prórroga do convenio interadministrativo de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE ARES con CIF P1500400E , para financiar "Cuberta da cociña do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro" cun orzamento total de 131.000,02 €

3º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 128.855,41 euros, cunha un porcentaxe de financiamento do 98,362 %.

4º A nova data de vixencia e xustificación do convenio quedará fixada no 31 de outubro de 2021."

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Concellos do Camiño Inglés polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Mellora e posta

en valor do Camiño Inglés"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da esta subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. As actuacións consisten fundamentalmente na realización de investimentos e traballos de mellora no recorrido do Camiño Inglés, actuacións a realizar en cada un dos concellos da asociación así como labores de sinalización.

No ano 2015, a Deputación da Coruña, xunto coa Axencia de Turismo de Galicia, promoveu o estudo para as accións de mellora do Camiño Inglés. Os resultados permitiron dispor dunha análise profunda do estado do Camiño Inglés, non só a nivel físico senón tamén con respecto ao tecido empresarial que o rodea. Catro anos despois, no 2019, fíxose unha revisión do Plan. Todo este traballo foi froito dun traballo participativo cos axentes vinculados ao Camiño, a análise de datos estatísticos en canto a evolución na chegada no número de peregrinos polo Camiño Inglés e a análise do estado físico do Camiño Inglés: mantemento, de seguridade vial e de servizos para os peregrinos.

Grazas a firma deste convenio poderanse resolver parte das deficiencias ou urxencias que se detectaron no informe "Accións de Mellora no Camiño Inglés" e outras que cada un dos concellos trasladaron á Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS con CIF G70586425 para financiar a "**MELLORA E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO INGLÉS**" cun orzamento total de 435.893,78 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 342.414,54 €, cunha porcentaxe de financiamento do 78,55458 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4322/781

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "MELLORA E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO INGLÉS"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte,, en representación do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

- 1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS consideran de gran interese para a provincia a realización de investimentos e traballos de mellora no recorrido do Camiño Inglés, actuacións a realizar en cada un dos concellos da asociación así como labores de sinalización.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS**, CIF G70586425, , polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "MELLORA E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO INGLÉS" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS leva a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTUACIÓNS NOS CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Nº	DESIGNACIÓN CAPÍTULOS	IMPORTE
CAP 01	FERROL	16.777,79
01.1	ACTUACIÓNS DE MELLORA DA SINALIZACIÓN	1.122,28
01.2	ACTUACIÓNS DE MELLORA DE SEGURIDADE	3.330,30
01.3	ACTUACIÓNS DE MELLORA DA ILUMINACIÓN	12.325,21
01.3.1	Actuacións previas	175,35
01.3.2	Alumeado	12.149,86
CAP 02	NARÓN	16.777,75
02.1	MOVEMENTO DE TERRAS	857,95
02.2	INSTALACIÓNS ALUMEADO	15.919,80
CAP 03	NEDA	16.777,46
03.1	DEMOLICIÓNS	1.343,55
03.2	FIRMES E PAVIMENTOS	15.433,91
CAP 04	FENE-CABANAS	33.554,48
04.1	ACTUACIÓNS PREVIAS	1.631,30
04.2	MOVEMENTOS DE TERRAS E CAPAS GRANULARES	17.468,07
04.3	REDE DE ALUMEADO	11.175,07
04.4	REPOSICIÓNS	255,80
04.5	MOBILIARIO	3.024,24
CAP 05	PONTEDEUME	20.465,25
05.1	EMPEDRADO TRAVESÍA FERREIROS	7.640,06
05.2	EMPEDRADO RÚA DA IGREXA	12.673,50
05.3	VARIOS	151,69
CAP 06	MIÑO	16.777,31
06.1	TRABALLOS PREVIOS E DEMOLICIÓNS	361,00
06.2	PAVIMENTOS	13.740,81
06.3	DRENAXE	760,05
06.4	SINALIZACIÓN	447,30
06.5	REPOSICIÓNS E VARIOS	1.468,15
CAP 07	PADERNE	16.777,68
CAP 08	BETANZOS	16.777,09
08.1	FONTE DE SAN PAIO	2.750,66
08.2	FONTE DA SEÑORA JESUSA	5.181,18
08.3	FONTE DO CRISTO DOS REMEDIOS	2.080,10
08.4	FONTE DA NOSA SEÑORA	2.330,01
08.5	FONTE DE CORRAL-PONTE VELLA	2.470,68
08.6	FONTE DE DIANA CAZADORA	1.964,46
CAP 09	ABEGONDO	16.775,45
10.1	ACTUACIÓNS PREVIAS	2.689,23
10.2	MOVEMENTO DE TERRAS E CAPAS GRANULARES	11.849,85
10.3	REPOSICIÓNS	2.236,37
CAP 10	MESÍA	16.777,64
10.1	DEMOLICIÓNS	630,20
10.2	FIRMES E PAVIMENTOS	15.645,72
10.3	INSTALACIÓNS ALUMEADO	501,72

CAP 11	ORDES	17.737,30
11.1	ACTUACIÓNS PREVIAS	2.531,59
11.2	ALBANILERÍA	6.473,53
11.3	CUBERTA	3.642,94
11.4	CARPINTARÍA	2.412,34
11.5	INST. ABASTECIMIENTO	255,14
11.6	INST. SANEAMENTO, FECAIS E PLUVIAIS	1.310,03
CAP12	OROSO	17.777,14
12.1	FONTE	6.829,00
12.2	URBANIZACIÓN PARCELA	10.948,14
CAP13	SANTIAGO	16.777,77
CAP14	A CORUÑA	16.609,70
14.1	ACTUACIÓNS DE MELLORA DA SINALIZACIÓN	16.609,70
CAP15	CARRAL	16.780,09
15.1	DEMOLICIÓNS	514,95
15.2	ESTRUCTURA	1.811,72
15.3	ALBANILERÍA	1.743,26
15.4	ACABADOS	3.417,44
15.5	CARPINTARÍA	1.357,10
15.6	APARATOS SANITARIOS	2.102,45
15.7	INSTALACIÓNS DE ABASTECIMIENTO	873,87
15.8	INSTALACIÓNS DE SANEAMENTO DE FECAIS	163,94
15.9	INSTALACIÓNS DE ELECTRICIDADE E CONTRAINCENDIOS	1.095,36
15.10	SINALIZACIÓN	3.700,00
CAP16	SEGURIDADE E SAUDE	4.904,53
16.1	PROTECCIÓNS PERSOAIS	2.946,50
16.1.1	<i>Proteccións colectivas</i>	1.804,61
16.1.2	<i>Proteccións individuais</i>	1.141,89
16.2	EQUIPAMENTO	1.901,17
16.3	ACTIVIDADES PREVENTIVAS	56,86
CAP17	XESTIÓN DE RESIDUOS	4.442,18
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL		283.266,61
13% DE GASTOS XERAIS		36.824,66
6% DE BENEFICIO INDUSTRIAL		16.996,00
VALOR ESTIMADO		337.087,27
21 % IVE		70.788,33
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN		407.875,60

SINALIZACIÓN

CAP1 SINALIZACIÓN	23.155,52
21 % IVE	4.862,66
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN	28.018,18

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO 435.893,78 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **342.414,54 €**, o que representa unha porcentaxe de 78,55458%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 78,55458% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampoco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4322/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
 2. Con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar aloments tres orzamentos a distintos constructores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
 3. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.
- No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo Presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que evalúe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, xen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle abonada á ENTIDADE BENEFICIARIA a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación.
- Certificación de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación da mesma polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.

A entidade deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o pago. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do periodo de vixencia establecido na cláusula XIII.
2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 1 de maio de 2021 e o 31 de xullo de 2022, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2022, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de agosto de 2022**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación,

O Representante da ASOCIACION

O Secretario Provincial"

20.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de marzo de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de marzo de 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de marzo de 2021.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de marzo de 2021.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

21.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a marzo de 2021 e proxección a 31/12/2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de marzo de 2021, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2021, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do Gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2020 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

O Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020 e o Congreso dos Deputados na sesión do 20 de outubro acordaron suspender as regras fiscais.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

22.- Dación de conta dos expedientes de modificación de créditos de anulación da incorporación de remanentes números 1 e 2, de aprobación pola presidencia.

Dáse conta do contido dos expedientes de modificación de créditos de anulación da incorporación de remanentes números 1 e 2, de aprobación pola Presidencia.

23.- Dación de conta da remisión aos órganos de control externo (Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia) da relación de convenios formalizados no exercicio 2020 e dos expedientes de convenios aos que se refire o artigo 53 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Dáse conta da remisión aos órganos de control externo (Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia) da relación de convenios formalizados no exercicio 2020 e dos expedientes de convenios aos que se refire o artigo 53 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

24.- Dación de conta do envío ao Tribunal de Contas das subvencións pagadas aos grupos políticos provinciais nos anos 2018 e 2019.

Dáse conta do envío ao Tribunal de Contas das subvencións pagadas aos grupos políticos provinciais nos anos 2018 e 2019.

25.- Dación de conta do Plan de control financeiro de subvencións 2021, referido ás subvencións pagadas no exercicio 2018.

Dáse conta do Plan de control financeiro de subvencións 2021, referido ás subvencións pagadas no exercicio 2018.

26.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2021, así como da súa remisión á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Tomar coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2021, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación

referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3. Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma."

27.- Dación de conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2020 da Deputación e os seus entes dependentes á Administración do Estado e da liquidación do orzamento da Deputación á Comunidade Autónoma.

Dáse conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2020 da Deputación e dos seus entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) á Administración do Estado e a liquidación do orzamento da Deputación á Comunidade Autónoma, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro , por la que se modifica la Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro , por la que se desenvollen las obrigacións de subministración de información previstas en la Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril , de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

28.- Dación de conta da remisión do Orzamento do exercicio 2021 da Deputación e os seus entes dependentes á Administración do Estado.

Dáse conta da remisión do Orzamento do exercicio 2021 da Deputación e dos seus entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) á Administración do Estado; en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, polo que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvollen as obrigacións de subministración de información previstas en la Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril , de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

29.- Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación da Coruña exercicio 2020.

Dáse conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación da Coruña exercicio 2020, en cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

30.- Dación de conta do informe anual de auditoría do rexistro contable do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ás facturas pagadas no ano 2020.

Dáse conta do informe anual de auditoría do rexistro contable do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ás facturas pagadas no ano 2020.

31.- Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Contabilidade correspondente ao ano 2020.

Dáse conta da Memoria do Servizo Provincial de Contabilidade correspondente ao ano 2020.

32.- Dación de conta da "Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña ano 2020".

Dáse conta da "Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña ano 2020".

33.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza Nº 12 reguladora do prezo público por servizos na residencia de estudantes do IES Rosalía Mera (antes Calvo Sotelo).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Aprobar a modificación da ordenanza Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NA RESIDENCIA DE ESTUDANTES DO IES CALVO SOTELO, cambio de denominación, modificación e redacción íntegra, coa seguinte redacción:

ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NA RESIDENCIA DE ESTUDANTES DO IES ROSALÍA MERA

Artigo 1.- Concepto.

De acordo co disposto no art. 148 en relación co art. 41, ambos os dous do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo RDL 2/2004 do 5 de marzo, esta Deputación establece o prezo público polos servizos na residencia de estudantes do IES Rosalía Mera, que se rexerá polo que dispón esta ordenanza.

Artigo 2.- Obrigados/as ao pagamento.

Estarán obrigados/as ao pagamento as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a utilización do servizo ou as que resulten beneficiadas polo dito servizo.

Artigo 3.- Non obrigados/as ao pagamento.

1.- Non estarán obrigados ao pagamento do prezo público cando os ingresos anuais de cada membro computable da unidade familiar non sexan superiores á metade do IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples) no mesmo período.

2.- Para estes efectos, entenderanse como ingresos a suma da base imponible xeral e a base imponible do aforro das declaracións polo imposto sobre a renda das persoas físicas dos proxenitores do alumno ou alumna, correspondentes ao exercicio

inmediatamente anterior ao inicio do curso académico obxecto da convocatoria.

Se algún deles non presentara declaración polo IRPF, teranse en conta a totalidade dos rendementos obtidos no dito exercicio, unha vez descontados os gastos deducibles e as reducións aplicables.

3.- No caso de divorcio ou separación legal dos proxenitores, non se terán en conta os ingresos do proxenitor que non conviva co alumno ou alumna.

No suposto, computaranse os ingresos do novo cónxuxe ou parella, rexistrada ou non, que conviva no domicilio familiar, presumíndose como tal a aquela persoa maior de idade que conviva no dito domicilio cando non medie relación de parentesco e non poida acreditarse un aluguer de piso compartido ou outra causa xustificada.

No obstante o anterior, cando o réxime sexa o de custodia compartida, os ingresos computables serán os dos dous proxenitores do alumno ou alumna.

4.- Os ingresos anuais de cada membro computable da unidade familiar serán os que resulten de sumar os ingresos enumerados no presente artigo dividindo o resultado entre o número de membros computables da unidade familiar.

5.- Terán a consideración de membros computables da unidade familiar os proxenitores, o alumno ou alumna e os irmáns/ás deste/a.

Para ter a consideración de membros computables, os irmáns/ás deberán cumprir os requisitos que a Lei reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas esixe para que os seus proxenitores poidan aplicar por eles o mínimo por descendentes.

6.- Os/as alumnos/as que aleguen a súa independencia, deberán acreditar os medios económicos cos que contan, así como a titularidade ou o aluguer do seu domicilio.

Nestes casos, consideraranse membros computables, o alumno ou alumna, o seu cónxuxe ou persoa á que estea unido/a por análoga relación, así como os/as fillos/as destes que cumpran os requisitos establecidos nos artigos anteriores.

7.- O que se establece para os proxenitores, será de aplicación ás persoas a quen, no seu caso, corresponda a tutela ou o acollemento. No caso de acollemento simple a duración deberá ser igual ou superior a un ano.

No obstante, cando a tutela ou o acollemento sexan exercidos pola administración pública, o alumno considerarase como unha unidade familiar independente.

8.- Os requisitos de idade e convivencia deberán cumprirse a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior a aquel en que comece o curso escolar obxecto da convocatoria.

Artigo 4.- Contía.

1.- As tarifas do prezo público serán as seguintes:

- a) Residencia, 217,70 €/mes.

- b) Media-pensión 5 días, 64,75 €/mes.
Media-pensión 4 días, 51,80 €/mes.
Media-pensión 3 días, 38,85 €/mes.
Media-pensión 2 días, 25,90 €/mes.
Media-pensión 1 día, 12,95 €/mes.
- c) Tique comedor, 5,00 €/día.

2.- Establécese un réxime de exención do 100% aos membros das familias numerosas clasificadas na categoría especial e unha bonificación do 50% para os de categoría xeral. Estes beneficios deberán ser solicitados expresamente polo/la obrigado/a ao pagamento ante a Deputación provincial no momento de presentación da solicitude da prestación do servizo de residencia ou media-pensión.

Procederá a exención ou bonificación cando se teña a condición de beneficiario/a de familia numerosa ao comezo do curso académico ou escolar en que haxa de aplicarse. Se en tal data estivera o título en tramitación, poderán obterse os referidos beneficios acreditando a presentación da solicitude de recoñecemento ou renovación, así como unha declaración responsable da categoría en que a familia numerosa queda clasificada. Se antes do 31 de decembro do ano corrente non se puidese acreditar a vixencia do título, anularanse automaticamente os beneficios concedidos e procederá o aboamento do seu importe. Cando o título concedido fora de inferior categoría á declarada, deberase aboar a diferenza que corresponda.

A perda da condición de membro de familia numerosa e o cambio de categoría durante o curso académico non alterará o desfrute e contía do beneficio ata a terminación deste.

Cando no alumno/a beneficiario/a de familia numerosa concorresen outra ou outras causas de exención ou bonificación, acumularánselle todas as vantaxes que non supoñan duplicación do mesmo beneficio.

3.- A petición do/a interesado/a, tramitarase o expediente de redución da tarifa do 75% ou 50% do importe total cando os ingresos da unidade familiar non excedan nun 50% ou nun 75%, respectivamente, os importes sinalados no artigo 3, seguíndose as regras do dito artigo para a determinación dos ingresos anuais de cada membro computable da unidade familiar.

4.- Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

Artigo 5.- Obrigas de pagamento

Para as tarifas de residencia e media-pensión a obriga do pagamento do prezo público nace cando se inicie a prestación do servizo da actividade, coa periodicidade mensual.

Para tarifa de tique comedor a obriga do pagamento do prezo público nace cando se inicie a prestación do servizo, entendendo para estes efectos que a dita iniciación se produce coa solicitude destes, con periodicidade diaria.

Artigo 6.- Normas de xestión.

1.- Para ser usuario/a dos servizos de residencia, media-pensión e tique comedor é requisito estar matriculado/a no IES Rosalía Mera.

2.- Na prestación do servizo de residencia e media-pensión:

A) A obriga de pagar nace desde que se inicia a prestación do servizo, é dicir, o día primeiro do mes corrente, e o primeiro de todos os meses seguintes ou do seguinte mes a aquel en que teña lugar a reincorporación ou alta como consecuencia da baixa xustificada.

As baixas definitivas na prestación dos servizos de residencia ou media-pensión comunicaranse por escrito na secretaría do IES Rosalía Mera. As baixas producirán efectos económicos a partir do mes seguinte ao que se presente a solicitude de baixa nesta administración.

As solicitudes de cambio de réxime de prestación de servizos, presentaranse na secretaría do IES Rosalía Mera, indicando expresamente a data de efectos da alteración. Para os efectos liquidatorios, sen prexuízo da correspondente comprobación administrativa, a solicitude presentada non terá efectos retroactivos. Nos cambios de réxime producidos unha vez iniciado o mes calcularase a cota mensual de maneira proporcional, é dicir, sumando as dúas cotas resultantes calculadas proporcionalmente ao tempo transcorrido en cada tipo de réxime de prestación de servizos.

B) A Sección I, do Servizo de Xestión Tributaria, levará a cabo liquidación de tarifas, que a realizará mensualmente, sendo estas irredutibles.

Para os efectos sinalados e de acordo co apartado A anterior, o xefe de residencia do IES Rosalía Mera comunicará á Sección I, do Servizo de Xestión Tributaria, calquera alta, baixa ou modificación que se produza, indicándose a data de efectos da alteración.

4.- Na prestación do servizo de tique comedor:

Os/as usuarios/as do servizo do tique comedor deberano solicitar diariamente na Secretaría do IES Rosalía Mera.

As disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste servizo serán ditas pola Presidencia da Deputación mediante resolución.

5.- Os/as non obrigados/as ao pagamento, exentos por familia numerosa e os/as que se acollen á redución da tarifa, deberán solicitalo expresamente ante a Deputación no momento da presentación da solicitude de prestación do servizo de residencia ou media-pensión.

Os/as usuarios/as do servizo de tique comedor, non obrigados/as ao pagamento, exentos por familia numerosa e os que se acollen á redución da tarifa, deberán solicitalo expresamente ante a Deputación durante o período comprendido desde que se abre o prazo da matrícula ata 15 días antes do inicio do curso escolar

correspondente, e no caso de altas posteriores ao inicio do curso escolar deberase solicitar expresamente no momento de incorporación ao IES Rosalía Mera.

Artigo 7.- Remisión á Ordenanza Fiscal Xeral.

En todo o que non estea especialmente establecido nesta ordenanza, estarase ao que se dispón na Ordenanza Fiscal Xeral.

Disposición adicional.- A presidencia da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta ordenanza.

Disposición final.- Tras a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, a presente ordenanza será publicada no Boletín Oficial da Provincia e, segundo co disposto no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 desta lei, e comezará a aplicarse para o curso 2021/2022, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Así mesmo, derroga a Ordenanza Nº 12 reguladora do Prezo Público polos Servizos no Centro Residencial Docente Calvo Sotelo aprobada polo Pleno o 28 de setembro de 2018 e as modificacións a esta.

2.- O acordo que se adopte ao respecto , expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establece o artigo 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases del réxime local.

Unha vez aprobado definitivamente, publicación íntegra do acordo e da modificación da ordenanza Nº 12 reguladora do prezo público por servizos na residencia de estudantes do IES Calvo Sotelo.

3.-
Entrada en vigor:

a) Se non se producen reclamacións, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo e o texto completo da modificación da ordenanza, transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e comezará a aplicarse para o curso 2021/2022.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza, así como a data a partir da cal rexerá esta e unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo e o texto completo da modificación da ordenanza, transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local."

34.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza Nº 15 reguladora do prezo público pola utilización do IES Rosalía Mera (antes Calvo Sotelo).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a modificación da ordenanza Nº 15 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO IES CALVO SOTELO, cambio de denominación, modificación e redacción íntegra, coa seguinte redacción:

ORDENANZA N.º15.- REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO IES ROSALÍA MERA

Artigo 1.- Concepto.

A) De acordo co disposto no artigo 148, en relación co artigo 41 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo RDL 2/2004 do 5 de marzo, esta Deputación establece o prezo público pola cesión das aulas e talleres do IES Rosalía Mera que diferentes asociacións e empresas demanden para a realización de accións formativas e culturais, que se rexerá polo que se dispón nesta ordenanza.

B) Poderán ser usuarios das aulas e talleres do IES Rosalía Mera todas aquelas empresas, asociacións ou entidades cuxas actividades que se vaian desenvolver no centro sexan de interese provincial ou con clara relevancia formativa, científica ou cultural.

Artigo 2.- Obrigados ao pagamento.

Estarán obrigados ao pagamento as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a utilización do servizo ou as que resulten beneficiadas polo dito servizo.

Artigo 3.- Non obrigados ao pagamento.

Non estarán obrigados ao pagamento as persoas físicas ou xurídicas que utilicen o dito servizo para realizar actividades de tipo cultural ou de promoción social, científica ou económica, cando sexan patrocinadas ou por iniciativa desta Deputación provincial.

Artigo 4.- Contía.

1.- O importe do prezo público fixado nesta ordenanza cubrirá, como mínimo, o custo

do servizo prestado, polo que se poderá fixar un prezo público por debaixo do custo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen.

O prezo público será o fixado nas tarifas que se recollen no apartado seguinte.

2.- As tarifas do prezo público serán as seguintes:

a) **Aula básica:** capacidade para 20 persoas (mesa e cadeira individual, taboleiro, mesa e cadeira para relator). 10,15 € hora.

b) **Aula con proxector:** capacidade para 20 persoas (proxector, pantalla de proxección, mesa e cadeira individual, taboleiro, mesa e cadeira para relator). 13,20 € hora.

c) **Aula de informática:** capacidade para 20 persoas (proxector, pantalla de proxección, mesa, cadeira ordenador individual, impresora en rede, mesa, cadeira e ordenador para relator). 15,25 € hora.

d) **Taller de electricidade:** capacidade para 20 persoas (proxector, pantalla de proxección, posto de traballo individual, ferramentas básicas e maquinaria específica). 20,30 € hora.

e) **Taller de carpintería, impresión, mecanizado, preimpresión e soldadura:** capacidade para 20 persoas (posto de traballo individual, ferramentas básicas e maquinaria específica). 30,45 € hora.

3.- Os prezos que se establecen nas tarifas especificadas no artigo 4.2 non inclúen as ferramentas e materiais consumibles, que serán por conta da entidade autorizada.

4.- Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

Artigo 5.- Obriga de pagamento.

A obriga de pagar nace desde que se inicia a prestación do servizo.

Artigo 6.- Normas de xestión.

1. As solicitudes para a utilización das aulas e talleres do IES Rosalía Mera dirixiranse ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación. Serán tramitadas e informadas polo Servizo de Patrimonio e Contratación. As autorizacións para a utilización das aulas e talleres do IES Rosalía Mera serán outorgadas polo Ilmo. Sr. Presidente da Deputación.

2. Os solicitantes deberán estar ao día no pago das débedas contraídas con esta Deputación provincial.

3. O Servizo de Patrimonio e Contratación, trasladará ao IES Rosalía Mera e ao Servizo de Xestión Tributaria, Sección I, a resolución pola que se autoriza a utilización das aulas e talleres do IES Rosalía Mera, indicando expresamente nesta a actividade

autorizada, a data, o nome ou razón social e o NIF da persoa física ou xurídica que solicita a cesión das aulas e talleres do IES Rosalía Mera, e se a entidade autorizada está obrigada ao pagamento.

4. Finalizada a actividade suxeita a este prezo público, o IES Rosalía Mera, comunicará nos catro días seguintes, ao Servizo de Xestión Tributaria, Sección I, os datos necesarios para a práctica da oportuna liquidación.

5. O Servizo de Xestión tributaria, Sección I, realizará a correspondente liquidación e a notificación desta á persoa interesada.

6. A entidade autorizada responsabilizase de calquera dano nas instalacións, equipos informáticos e maquinaria, estando obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación.

Artigo 7.- Remisión á Ordenanza Fiscal Xeral.

En todo o que non estea especialmente establecido nesta ordenanza, estarase ao que dispón a Ordenanza Fiscal Xeral.

Disposición adicional.- A presidencia da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta ordenanza.

Disposición final.- Tras a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, a presente ordenanza será publicada no Boletín Oficial da Provincia e, conforme co disposto no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 desta lei, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Así mesmo, derroga a Ordenanza Nº 15 reguladora do prezo público pola utilización do IES Calvo Sotelo aprobada polo Pleno o 26 de outubro de 2012 e as modificacións desta.

2.-

O acordo que se adopte ao respecto , expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo se establece no artigo 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Unha vez aprobado definitivamente, publicación íntegra do acordo e da modificación da ordenanza Nº 15 reguladora do prezo público pola utilización do IES Calvo Sotelo.

3.-

Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo e o texto completo da modificación da ordenanza, transcorrido o

prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan éstas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza, así como a data a partir da cal rexerá esta e unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo e o texto completo da modificación da ordenanza, transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local."

35.- Aprobación da modificación das Bases para a Prestación de Servizos Tributarios aos concellos da provincia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a modificación da Terceira das Bases para a Prestación de Servizos Tributarios aos concellos da provincia, que pasará a ter a seguinte redacción:

"TERCEIRA.- CONTIDO E ALCANCE DA DELEGACIÓN.

1. Contido mínimo.

Os concellos que desexen delegar na Deputación competencias en materia tributaria deberán delegar, polo menos, as seguintes:

d) Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre bens inmobles ou do imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro.

e) Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro, así como a facultade para solicitar da Administración Tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección e establecer coa esta Administración as oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este mesmo imposto.

f) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou do imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro, agás que o impidan compromisos ineludibles adquiridos con anterioridade polo Concello ou este xestione o tributo directamente e non desexe delegalo.

2. Contido opcional.

Os concellos que deleguen o contido mínimo poderán, ademais, delegar na Deputación calquera das seguintes competencias:

h) A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co Imposto sobre bens inmobles.

i) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

j) Recadación voluntaria e executiva de taxas e prezos públicos de notificación colectiva mediante padrón e cuxo cobro se realice por trimestres ou períodos superiores.

O acordo de delegación deberá detallar os conceptos concretos aos que afectará.

Os padróns anuais poderán fraccionarse en dúas cotas semestrais, sempre que o concello recolla esta circunstancia na ordenanza fiscal correspondente.

En calquera caso, a determinación dos períodos de cobranza será competencia da Deputación.

k) Recadación voluntaria e executiva de tributos, prezos públicos, sancións ou outros ingresos municipais de dereito público, de carácter non periódico.

O acordo de delegación deberá detallar os conceptos concretos aos que afectará.

l) Recadación executiva de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de cobro non periódico ou por períodos inferiores ao ano.

m) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral.

A delegación afectará tanto o suposto xeral baseado no 1,5 % dos ingresos brutos obtidos no termo municipal como ao suposto especial da telefonía móbil.

n) Xestión e recadación voluntaria e executiva dos ingresos de dereito público que resulten da instrución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados do control financeiro realizado pola Deputación como consecuencia da delegación desta función.

Durante o período de vixencia da delegación, os concellos que o desexen poderán ampliar o contido da mesma, dentro do marco establecido nesta Base. Para iso, deberá seguirse o mesmo procedemento de tramitación utilizado inicialmente. Esta ampliación terá efectos dende a data da súa aceptación pola Deputación ata a finalización da vixencia da delegación inicial.

3. Alcance do exercicio das competencias delegadas.

A delegación de competencias suporá que a Deputación asumirá a totalidade das

funcións e atribucións necesarias en cada caso.

En particular, será competencia da Deputación o exercicio das seguintes funcións:

4) Tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e fraccionamentos de pago.

5) Declaración de insolvencias e de créditos incobrables.

6) Representación dos concellos nos procedementos concursais nos que resulte afectado algún expediente executivo.

4. Avocación.

Os concellos poderán avocar para eles, mediante comunicación escrita e razoada dirixida á Deputación, a tramitación de determinados expedientes recadatorios en curso, debido a circunstancias tales como a repercusión económica ou social que a súa execución poida ter no municipio.

Neste suposto, a Deputación formulará baixa das liquidacións afectadas e quedará exenta de calquera responsabilidade que puidese producirse no futuro con respecto ás mesmas. Ditas liquidacións non poderán ser cargadas de novo á Deputación para continuación do procedemento."

2. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un período de información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxestións.

No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, o acordo entenderase definitivamente adoptado."

36.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia sobre Plan Individualizado de Pagos (PIP), e Fraccionamento dos importes domiciliados de cotas tributarias.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia sobre o Plan Individualizado de Pagos (PIP) e Fraccionamento dos importes domiciliados de cotas tributarias

37.- Dación de conta das resolucións de presidencia números 13845/2021 e 13846/2021, do 9 de abril de 2021, polas que se cesa e nomea, respectivamente, persoal eventual.

Dáse conta das resolucións de presidencia números 13845/2021 e 13846/2021, do 9 de abril de 2021, polas que, respectivamente, se cesa e nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

38.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2021 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2021 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 26.010.000,00 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A. NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 36.000,00

SC. Suplementos de crédito: 25.974.000,00

Total aumentos: 26.010.000,00

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 26.010.000,00

Baixas por anulación: 0,00

Total financiamento: 26.010.000,00

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1 Gastos de persoal	0,00	0,00
2 Gastos correntes	672.000,00	0,00
3 Gastos financeiros	0,00	0,00
4 Trans. Correntes	238.000,00	0,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6 Investimentos reais	100.000,00	0,00
7 Trans. de capital	25.000.000,00	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	26.010.000,00	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1 Impostos directos	0,00
2 Impostos indirectos	0,00
3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Transferencias correntes	0,00
5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Enaxenación investimentos reais	0,00
7 Transferencias de capital	0,00
8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	26.010.000,00
9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	26.010.000,00

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente

considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2021 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta os acordos adoptados polo Consello de Ministros do 6 de outubro e polo Congreso dos Deputados na sesión do 20 de outubro de 2020 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2020 e 2021 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

39.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para cofinanciar o "Programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental: Para unha transición ecolóxica 2021"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co "Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)", CIF V-15653298, para regular a achega de 150.000,00 € para cofinanciar o "PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA 2021", cun orzamento subvencionado de 187.500,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 %.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220210000509, da Partida 0520/17221/46701, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de agosto de 2022

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O "PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA PARA A ANUALIDADE 2021"

Na Coruña a ... de de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en representación do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración subscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

- * Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.
- * Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.
- * Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o **“Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2021”** que a través da Deputación de Coruña pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o **“Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2021”**, no que se integran as seguintes actividades:

1. Programa de Educación Ambiental para unha Transición Ecolóxica:

- Emerxencia Climática
 - Lixo Mariño
 - Espazos Naturais Protexidos:
 - P.N. Fragas do Eume
 - P.N. Dunas de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán
 - Reserva Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo:
 - O mar e a costa, recursos valiosos para todos/as
 - A Illa de Sta Cruz, un rico patrimonio natural e histórico
2. Programa de Capacitación para unha Transición Ecolóxica:
- Conservación, posta en valor e interpretación temática do patrimonio natural e cultural dos espazos naturais protexidos: Fragas do Eume, Dunas de Corrubedo e Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo
 - Emerxencia climática
 - Cultura oceánica e a problemática do lixo mariño
3. Programa de divulgación ambiental:
- Nova exposición sobre Cultura Oceánica
 - Exposicións itinerantes:
 - Emerxencia Climática
 - Coidando o noso mar
 - O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción
 - Áreas Mariñas Protexidas
 - Patrimonio Marítimo de Galicia
 - Operación Monarca
 - Reservas da Biosfera
4. Programa de asesoramento e documentación ambiental:
- Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento
 - Maleta Oceánica: Recursos bibliográficos para os niveis educativos de primaria e secundaria
5. Elaboración de materiais
6. Plan de comunicación

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO			IMPORTE
PERSOAL	Director Programa	33.000,00 €	89.200,00 €
	3 Educador/a ambiental	26.000,00 €	
	Documentalista	13.000,00 €	
	Administrativa	17.200,00 €	
Seguro accidentes e R.C.			800,00 €
Material/servizos (mat.funxible, desprazamentos, asistencia, etc.)			83.900,00 €
Gastos diversos (teléfono, dietas, limpeza, informática, etc.)			13.600,00 €
TOTAL			187.500,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **150.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.
- c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- e. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- f. Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións

(Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O CEIDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e

aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de agosto de 2022 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2021.

2. Para o caso de que o CEIDA non poda presentar a xustificación antes do 31 de agosto de 2022, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2022. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Polo Centro de Extensión Universitaria
e Divulgación Ambiental de Galicia

Asdo:

Asdo:

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo."

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos ás actuacións de control.

Hai unha primeira moción presentada polo Grupo Provincial Marea Atlántica sobre subvencións a entidades medioambientais.

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre subvencións a entidades medioambientais

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BOP do pasado 9 de febreiro de 2021 recollía as bases do Programa DP0036, de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, para proxectos de investimento no ámbito do medio ambiente no 2021, un programa que reflectía algúns avances a respecto da mesma iniciativa en anos anteriores, pero que xerou malestar en entidades ambientalistas implicadas na conservación do medio ambiente, por non recoller as propostas realizadas previamente para mellorar o seu funcionamento.

A súa principal queixa, o que desde o seu punto de vista impide a correcta implantación do programa, no sentido en que este podería chegar a ter un maior alcance do actual, é a referida aos requirimentos para xustificar o investimento na compra de parcelas.

Segundo o relato que estas entidades trasladan, atópanse con dificultades á hora de realizar as adquisicións de parcelas, dado que as negociacións e a posterior formalización da compra adoitan ser un trámite longo e complexo.

Isto choca directamente co estipulado nas bases, que obriga a identificar tanto os terreos como os prezos acordados no momento da solicitude, provocando así que no momento en que finalmente se executen as compras, tanto a identificación das parcelas como o prezo exacto non difiran do recollido na solicitude, algo que raramente é factible. Alternativas para satisfacer as bases, tales como a sinatura de contratos privados previa elevación a escritura pública, non son posibles por diversos motivos.

O procedemento actual obriga tamén ás entidades a facer unha planificación moi exigente, dado que no momento en que desexan solicitar a axuda xa deben ter planificada a parcela a adquirir, ter acadado un acordo coa propiedade e logo agardar a que o ofertado nas subvención se axuste ao prezo definitivo.

A solución, a esta problemática que en moitos casos disuade ás entidades de presentarse ao programa, pasaría por unha modificación das bases nos termos de recoller que no momento da xustificación se presenten as parcelas inscritas no Rexistro da Propiedade no ano da solicitude da subvención, tal como se fai actualmente, pero que se admitan tanto as que foron escrituradas ante notario no ano da solicitude de subvención como as escrituradas xusto no ano anterior.

Isto sería un elemento vantaxoso para entidades con fluidez económica, dado que gañan tempo para acadar acordos razoables e, sobre todo, para aquelas cun poder adquisitivo máis modesto, dado que poden realizar a solicitude e cando reciben a comunicación de que foi aprobada, solicitar un crédito bancario avalado polos membros da xunta directiva (ou ás veces, prestados sen intereses por socios xenerosos), logo escrituran ante notario e finalmente inscriben a compravenda no Rexistro da Propiedade.

Este sistema tamén sería vantaxoso para a Deputación, toda vez que pode valorar con plena precisión as solicitudes das entidades con liquidez, pois xa indican o prezo exacto de compra e identifican as parcelas mediante as súas referencias catastrais, o que permite todo tipo de comprobacións previas á aprobación da axuda. Estas entidades van a pedir exactamente o que van xustificar, polo que non crean ningún tipo de distorsión entre o solicitado e o executado. No segundo caso, entidades con escasa liquidez, o funcionamento segue a ser o actual, aínda que debería permitírselles que se finalmente fracasa unha compra apalabrada, poidan mercar outra de similares características e prezo en substitución.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial de Marea Atlántica insta ao Pleno da Deputación da Coruña a adoptar o seguinte

ACORDO

Instar ao Goberno Provincial á:

1.- Modificación das bases dos programas de subvención para proxectos de investimento no medio ambiente así como, se fose necesario, da ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial da Coruña nos termos propostos coa finalidade de evitar que os programas de subvencións para proxectos de Medio Ambiente recollan nas súas bases este tipo de clausulado que se amosa limitativo.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente. En primeiro lugar enviarlle un saúdo ao compañeiro Bernardo Fernández e desexarlle unha pronta recuperación e que estea pronto de novo de volta entre nós.

Ben, esta moción é unha moción dun contido sobre todo técnico, propónse que

se revisen unhas bases dunhas subvencións que foron publicadas o pasado 9 de febreiro no *Boletín Oficial da Provincia*, unhas bases que están dirixidas a financiar a compra de predios rústicos por parte de entidades ambientalistas e entidades vinculadas coa protección do medio e a facer, como dicía, unha modificación das bases para permitir que se poida executar esa compra. O carácter anual que teñen, que son bases unicamente anuais, pois non facilitan que se posibilite facer a compra dun predio rústico, que como a maioría dos presentes saberán é un proceso longo no que, por exemplo, a propia negociación do prezo pode demorarse moito tempo. Entón, o que se propón é que se estableza un prazo máis amplo para poder financiar ou xustificar a compra da parcela e, polo tanto, acceder ao dereito á subvención por parte destas entidades ambientalistas que se dedican, como dixeran antes, á protección do medio.

É unha moción que nos trasladan parte destas entidades, que son as afectadas directamente polo contido desta moción, e iso, propónse unha modificación bastante pequena destas bases de subvención, pero que para elas, a verdade, é que lles suporía un avance considerable e facilitaría moito as súas xestións. Nada máis e grazas.

Sr. Rioboo Castro

Si. Bo día a todas e a todos.

Ben, dicirlles que a este respecto temos que mencionar que a finais de xaneiro deste ano presentouse no Rexistro Xeral desta Deputación provincial un escrito asinado por catro entidades medioambientais. Precisamente solicitaban con relación a esta temática de compra de parcelas a modificación da normativa debido a que, coincidindo co que vostede acaba de dicir, pois axudas provinciais para desenvolver proxectos de investimento no ámbito do medio natural e a finalidade desta proposta que había e na cal pois tamén por parte de diferentes colectivos medioambientais, á parte desta solicitude tamén se valorou bastante o traballo feito polo departamento da Deputación provincial, pois tamén unha xustificación do investimento na compra de parcelas de monte alto en valor ambiental.

Ben, a finalidade desta proposta era ter ese investimento como destino á conservación da mellora do patrimonio natural. Neste sentido, dicirlle que o Servizo xestor presentou unha proposta formal de modificación das bases da convocatoria; o resultado final desta proposta foi que, tendo en conta o disposto na vixente ordenanza xeral de subvencións, foi introducir un novo parágrafo nas bases da convocatoria, o 9.3, concretamente, que facilitaba o cambio de obxecto, é dicir, o cambio de parcelas a adquirir e, por tanto, que puideran, como ben indica vostede, pois ser subvencionables.

Dicirlle con certeza que se pode dicir que con esta pequena modificación non se conseguiu o obxectivo principal, que era facilitar aínda máis a compra de parcelas, e quedamos, por tanto, un pouco curtos neste camiño, sen dar os pasos que quixeramos. Pero ben, dicirlle igualmente que dende o Goberno provincial se é moi consciente de que a figura da custodia do territorio é unha fórmula excelente de conservación do noso patrimonio natural e cultural, e ademais hai que engadir que é moi requirida e moi utilizada, moi empregada e con éxito ademais en diferentes países, e que está contemplada na Lei do patrimonio natural e da biodiversidade, co

cal esta lei recalca, sen lugar a dúbidas, a importancia de promover como un modo de que as entidades privadas, como as que nos fixeron a solicitude e as que seguramente se dirixiran a vostede, pois fundacións, asociacións, poidan participar dun xeito acertado na preservación dos espazos naturais.

Non podemos por menos, señor Lema, máis que alentar este tipo de actuacións que sen lugar a dúbidas favorecen o interese común. A figura da custodia do territorio merece un apoio unánime por parte de todos e un apoio público que é incuestionable, e ademais tratándose da conservación paisaxística da nosa natureza e incluso da nosa cultura.

No entanto, tamén somos conscientes de que non é fácil a nivel técnico conxugar as limitacións legais coa extraordinaria dificultade que supón no noso país a adquisición de predios rústicos por entidades destas características, sen ningún tipo de ánimo de lucro e en todo caso este Goberno provincial comprométese, que creo que é a súa intención, a revisar novamente a normativa, esa normativa de aplicación, e a tratar de orientar esta de cara a facilitar para tal efecto a ordenanza xeral de subvencións.

Tamén as bases loxicamente da convocatoria do programa de axudas ás entidades que sen ánimo de lucro queiran cofinanciar proxectos destas características. Co cal, o noso apoio á súa moción e agradecerlle a oportunidade de tela presentado tamén para poder expoñerlle de xeito directo cal é a nosa intención dende a Deputación provincial.

Sr. Ben Otero

Muy brevemente, vamos a apoyar esta iniciativa, nos parecen bien traída y me sumo también, como representante del grupo y en nombre de todos mis compañeros, le deseamos una pronta recuperación a Bernardo Fernández y ojalá pronto estemos aquí debatiendo, discutiendo y “peleándonos”, pero de todo corazón una pronta recuperación. Y nuestro voto evidentemente es a favor de esta moción.

Nada más, gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre subvencións a entidades medioambientais"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BOP do pasado 9 de febreiro de 2021 recollía as bases do Programa DP0036, de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, para proxectos de investimento no ámbito do medio ambiente no 2021, un programa que reflectía algúns avances a

respecto da mesma iniciativa en anos anteriores, pero que xerou malestar en entidades ambientalistas implicadas na conservación do medio ambiente, por non recoller as propostas realizadas previamente para mellorar o seu funcionamento.

A súa principal queixa, o que desde o seu punto de vista impide a correcta implantación do programa, no sentido en que este podería chegar a ter un maior alcance do actual, é a referida aos requirimentos para xustificar o investimento na compra de parcelas.

Segundo o relato que estas entidades trasladan, atópanse con dificultades á hora de realizar as adquisicións de parcelas, dado que as negociacións e a posterior formalización da compra adoitan ser un trámite longo e complexo.

Isto choca directamente co estipulado nas bases, que obriga a identificar tanto os terreos como os prezos acordados no momento da solicitude, provocando así que no momento en que finalmente se executen as compras, tanto a identificación das parcelas como o prezo exacto non difiran do recollido na solicitude, algo que raramente é factible. Alternativas para satisfacer as bases, tales como a sinatura de contratos privados previa elevación a escritura pública, non son posibles por diversos motivos.

O procedemento actual obriga tamén ás entidades a facer unha planificación moi exixente, dado que no momento en que desexan solicitar a axuda xa deben ter planificada a parcela a adquirir, ter acadado un acordo coa propiedade e logo agardar a que o ofertado nas subvención se axuste ao prezo definitivo.

A solución, a esta problemática que en moitos casos disuade ás entidades de presentarse ao programa, pasaría por unha modificación das bases nos termos de recoller que no momento da xustificación se presenten as parcelas inscritas no Rexistro da Propiedade no ano da solicitude da subvención, tal como se fai actualmente, pero que se admitan tanto as que foron escrituradas ante notario no ano da solicitude de subvención como as escrituradas xusto no ano anterior.

Isto sería un elemento vantaxoso para entidades con fluidez económica, dado que gañan tempo para acadar acordos razoables e, sobre todo, para aquelas cun poder adquisitivo máis modesto, dado que poden realizar a solicitude e cando reciben a comunicación de que foi aprobada, solicitar un crédito bancario avalado polos membros da xunta directiva (ou ás veces, prestados sen intereses por socios xenerosos), logo escrituran ante notario e finalmente inscriben a compravenda no Rexistro da Propiedade.

Este sistema tamén sería vantaxoso para a Deputación, toda vez que pode valorar con plena precisión as solicitudes das entidades con liquidez, pois xa indican o prezo exacto de compra e identifican as parcelas mediante as súas referencias catastrais, o que permite todo tipo de comprobacións previas á aprobación da axuda. Estas entidades van a pedir exactamente o que van xustificar, polo que non crean ningún tipo de distorsión entre o solicitado e o executado. No segundo caso, entidades con escasa liquidez, o funcionamento segue a ser o actual, aínda que debería permitírselles que se finalmente fracasa unha compra apalabrada, poidan mercar outra de similares características e prezo en substitución.

ACORDO

Instar ao Goberno Provincial á:

1.- Modificación das bases dos programas de subvención para proxectos de investimento no medio ambiente así como, se fose necesario, da ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial da Coruña nos termos propostos coa finalidade de evitar que os programas de subvencións para proxectos de Medio Ambiente recollan nas súas bases este tipo de clausulado que se amosa limitativo.

Sr. Presidente

Hai a seguinte moción, presentada polos grupos provinciais do PSdeG e BNG, sobre a prevención da ludopatía especialmente na mocidade.

2.Moción que presentan os grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG sobre a prevención da ludopatía, especialmente na mocidade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As políticas públicas sobre formas de xogo e apostas (ludopatía ou adiccións sen substancia), de forma especial as que, producidas polo avance da tecnoloxía, veñen amosando un grave problema de ausencia dunha regulación adaptada á realidade actual. E neste tema especialmente non podemos quedar atrás.

O Goberno galego anunciou reiteradamente a presentación dunha lei autonómica que a día de hoxe aínda non viu a luz, entanto o único que se ten producido é un importante aumento da implantación de locais de apostas e a colocación de máquinas de apostas en locais de hostalaría.

A poboación máis nova constitúe un segmento poboacional especialmente vulnerable e, por iso, merecedor de toda a nosa atención á hora de desenvolver plans de prevención fundamentalmente no que respecta a Adiccións conductuais.

O aumento e case normalización do xogo e as apostas entre menores está suscitando unha enorme preocupación social, tanto en España como no conxunto da Unión Europea. Trátase dunha conduta ilícita que, segundo os escasos estudos existentes, nos deben de facer pensar e actuar, xa que mostran un perigoso tránsito de simple xogador ocasional a unha verdadeira adicción.

Estes estudos, ao respecto destas adiccións, revelan datos preocupantes aos que hai que prestar atención. Case un de cada catro menores recoñece ter apostado diñeiro algunha vez na súa vida nalgún xogo de azar, o que equivale a uns 12.000 rapaces e rapazas. Unha porcentaxe elevada fíxoo de maneira presencial pero tamén preocupa a cantidade de mozos e mozas que o fixeron a través de Internet. As apostas deportivas lévanse o protagonismo e os bares e cafeterías son os lugares onde máis se realizan sen que se lles teña pedido nunca o seu DNI, sendo tamén relevante o

uso de salas de xogo.

Galicia, como en moitos outros temas importantes, vai atrasada, e é moi importante actuar de xeito inmediato. É imprescindible, por exemplo, a posta en marcha dun instrumento que, con garantías, permita coñecer e estudar con profundidade o escenario para poder dotarnos de mellores ferramentas para combatelo. Igual de necesario é implementar unha necesaria lexislación que controle e regule o sector do xogo e apostas e que permita afrontar de cara os problemas derivados deste, xa non tan novo, problema con recursos materiais e humanos.

Dende a Deputación da Coruña, estamos a poñer en marcha, man a man con AGALURE, un programa piloto de prevención da ludopatía nos centros escolares da provincia, porque se quere e se debe concienciar a mocidade dos importantes riscos que entrañan estas novas modalidades de xogo, marcando como obxectivo claro e prioritario a prevención da adicción fundamentalmente na poboación máis vulnerable.

Trátase dun plan que desenvolverá 18 charlas informativas ao alumnado de terceiro e cuarto da ESO que inclúe accións nos centros escolares, xuntanzas con técnicos dos concellos e orientadores dos centros nas que profesionais de AGALURE informarán sobre as adiccións sen substancia e a maneira en que afectan á mocidade.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Poñer en coñecemento dos concellos da provincia a información do Programa piloto da Deputación da Coruña para que o trasladen aos centros de ensino de secundaria e, de non estar incluídos neste plan piloto, se o consideran oportuno, soliciten a súa inclusión no futuro.
2. Solicitar ao Goberno galego a creación e posta en marcha dun Observatorio Galego do Xogo, que permita coñecer a situación actual desta lacra na nosa sociedade como ferramenta esencial para poñerlle freo e que sirva tamén para facer un seguimento da aplicación da lexislación en vigor e poder así actualizala e mellorar o seu marco normativo.
3. Solicitar ao Goberno galego a presentación, no menor espazo de tempo posible, dun proxecto de Lei do xogo de Galicia que recolla todas as accións necesarias destinadas á prevención e co desenvolvemento de programas de prevención de condutas adictivas asociadas ao xogo e ás apostas e que regule as medidas de control e acceso ao xogo e ás apostas para os mozos e mozas.

Sra. Lamas Villar

Bo día a todas e a todos.

Hoxe traemos aquí un tema de moitísima importancia, xa que é un problema que cada día afecta a máis mozos e mozas, que desfai por desgraza coas súas dolorosísimas consecuencias a milleiros de familias. A ninguén se lle escapa que o rápido avance tecnolóxico trae consigo a proliferación de novas e cada vez máis variadas formas de xogos e apostas, que son tremendamente accesibles, levando os

problemas xa existentes na nosa sociedade de ludopatía e adiccións a persoas cada día máis mozas.

Este aumento e proliferación das formas de xogo acompáñase dunha ausencia practicamente total de regulación adaptada a esta nova realidade e non podemos nin debemos quedar atrás. O Goberno galego si que é verdade que anunciou reiteradamente a presentación dunha lei autonómica que a día de hoxe aínda non viu a luz, pero neste tempo o que si proliferou é un aumento significativo de locais de apostas, colocación de máquinas de apostas en locais de hostalaría, etcétera.

Ante esta situación non podemos ser alleos a que a poboación nova é especialmente vulnerable e que merece toda a nosa atención á hora de desenvolver plans de prevención. O aumento e case a normalización do xogo e as apostas de menores está suscitando unha enorme preocupación social. Todos vemos anuncios de casas de apostas en horario de *prime time*, en eventos deportivos cun enorme seguimento pola poboación moza e mesmo usando como imaxe a ídolos de primeiro nivel. Non podemos esquecer que se trata dunha conduta ilícita na que o tránsito entre ser un xogador ocasional e a adicción é moi feble, e que con estas novas aplicacións se reduciron moitísimo os períodos de latencia.

Son bastante escasos os estudos, pero os que existen revelan uns datos estremecedores: case un de cada catro mozos e mozas recoñecen ter apostado nalgunha ocasión. Á proliferación da que falabamos antes de aplicación hai que sumar o escaso control de apostas que se realizan moitas veces en cafetarías e bares sen que apenas se solicite en moitas ocasións o DNI. Polo tanto, entendemos que Galicia ten que actuar de xeito inmediato. É imprescindible ter instrumentos que con garantías nos permitan recoñecer e estudar en profundidade o escenario que temos e dotarnos das mellores ferramentas para combatelo.

Tamén actualizar a lexislación, que controle e regule o sector do xogo e que permita afrontar de cara os dolorosísimos problemas derivados deste. E facendo moitísimo fincapé na prevención e intentando non ser alleos a esta importante realidade social, dende a Deputación da Coruña estamos a poñer en marcha man a man con Agalure un programa piloto de prevención nos centros escolares da provincia, porque se quere e se debe concienciar á mocidade sobre os riscos que entrañan estas novas modalidades de xogo.

Trátase dun plan que se desenvolverá, de charlas informativas no alumnado entre 3.º e 4.º da ESO, que inclúe accións nos centros escolares pero tamén xuntanzas con técnicos dos concellos e orientadores dos centros nos que profesionais de Agalure informarán ademais de darlle ferramentas para detectar condutas aditivas e afrontar o xogo dunha forma responsable.

Pola importancia do exposto, polas dolorosísimas consecuencias e pola responsabilidade que como administración debemos ter, propoñemos os seguintes acordos que vou ler de maneira literal:

1. Poñer en coñecemento dos concellos da provincia información do programa piloto da Deputación da Coruña para que o trasladen aos centros de ensino de secundaria e, de non estar incluídos neste plan, se o consideran oportuno, soliciten a súa inclusión no futuro.

2. Solicitar ao Goberno galego a creación e posta en marcha dun Observatorio Galego de Xogo que permita coñecer a situación actual desta lacra na nosa sociedade como ferramenta esencial para poñerlle freo, e que sirva tamén para facer un seguimento da aplicación da lexislación en vigor e poder actualizala e mellorar o seu marco normativo.

3. Solicitar ao Goberno galego a presentación no menor espazo de tempo posible dun proxecto de lei de xogo de Galicia, que recolla todas as accións necesarias destinadas á prevención e con desenvolvemento de programas de prevención de condutas aditivas asociadas ao xogo e ás apostas e que regule as medidas de control e acceso ao xogo e ás apostas para os mozos e as mozas.

Para rematar e moi brevemente, non quería deixar pasar a ocasión de recoñecer o labor que realiza a asociación Agalure, unha asociación referencia no seu labor en contra das adiccións en substancias que axuda, día a día, a milleiros de familias.

Nada máis pola miña parte, moitísimas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Moi bo días a todas e a todos.

Tal e como acaba de expresar a compañeira Ana Lamas, a temática central arredor da que xira esta moción é unha temática de máxima gravidade. A ludomanía enmárcase dentro dos trastornos aditivos e está recoñecida dentro do marco das enfermidades mentais.

Está tipificado por expertos que o xogo ten unha elevada capacidade para crear adicción e unha dificultade extrema para deixar o hábito. Por outra banda, a participación e accesibilidade ao xogo e apostas por parte de menores, como ben dicía Ana, é unha conduta ilícita. Non obstante, observamos como a accesibilidade ao xogo non está dotada cos suficientes controis e os menores están nunha situación de desprotección. Os datos que hai respecto da participación de menores en relación ao xogo, como ben dicía Ana, pois realmente son arrepiantes, en especial se temos en conta as terribles consecuencias para a vida destes rapaces no momento de chegar a falar realmente dunha situación de adicción, para o desenvolvemento da súa vida e do seu futuro coas terribles consecuencias e coa dificultade que vai ter realmente deixar este hábito.

En relación á participación no xogo, o feito de que o 10,7% dos rapaces entre 12 e 17 anos, estaríamos falando de nenos e nenas, recoñeza xogar de xeito regular, falando de que o fai polo menos unha vez ao mes; que o 78% dos menores que teñen apostado recoñezan que non se lles pediu nunca o DNI para comprobar a súa idade; que o 2,2% presentan problemas de adicción ao xogo graves; e que o 0,4 amosa patoloxía, datos que saen dun estudo realizado por Rial Boubeta, un dos expertos que participou no Comité de Expertos para a elaboración do borrador da Lei do xogo, pois son datos suficientemente preocupantes, máis aínda cando fala de que 500 menores desenvolverán ludopatía.

Nese marco, evidentemente, resulta evidente que incidir na prevención na educación, en todas as accións dirixidas a menores e a familias para deixar de marcar o xogo como unha conduta normal é importantísimo, pero tamén o é dotármolos dun marco regulador que realmente sexa eficiente na protección e na prevención do desenvolvemento de ludopatías en persoas menores e tamén en adultos. E por iso para facelo de xeito adecuado, ese observatorio galego do xogo resulta unha ferramenta esencial que nos vai dar o marco de coñecemento e a fotografía de datos en relación á participación, á accesibilidade, aos datos en relación ao desenvolvemento de patoloxías, pero que tamén a partir da aplicación da regulación vai ir dando a evolución dos factores que inciden e que vai permitir desenvolver accións e regular de xeito axeitado e realista.

Por outro lado, tendo en conta que neste momento resulta aínda máis urxente se cabe poñer enriba da mesa esa lexislación, xa que no ano 2020 a atención psicolóxica por cuestións asociadas ao xogo se incrementou nun 50%, especialmente vinculado ao xogo *en liña*, pero tamén a maioría dos rapaces enquisados recoñecen que o sitio onde máis xoga é nos bares. E, se temos en conta que neste momento hai 3.600 licenzas concedidas para máquinas de apostas en bares, vemos que estamos nun escenario realmente accesible e de escasísima protección cara aos menores en relación ao xogo.

E por isto parécenos importante a aprobación desta moción e dar difusión ao programa que por parte da Deputación se vai poñer en marcha para que poida evolucionar e ter o máximo alcance posible e tamén para urxir que dunha vez por todas se dea a trámite esa Lei do xogo tan necesaria no noso país.

Sr. Lema Suárez

Bo día de novo.

Nós por suposto imos apoiar esta moción. Está claro que no contexto da crise asistimos todos a unha maior proliferación de casas de apostas sobre todo en barrios obreiros, pensamos que non é casual, e tamén efectivamente destinadas sobre todo a un público mozo, a un público de idade moitas veces inferior, como se comentou xa antes, a esa maioría de idade legal. Entendemos que todo este tipo de cuestións non son nunca casuais e convida desde os poderes públicos esforzarse por todos os medios por atallar esta proliferación.

Teño que dicir que a min unha das cuestións que me sorprendía cando empezamos, cando empecei a viaxar e visitar Portugal alá a mediados dos noventa é que nos bares en Portugal non había máquinas comecartos. Despois preguntando sobre esta cuestión resultaba que en Portugal estaba restrinxida, prohibida por unha normativa estatal a presenza de máquinas comecartos nos bares. En realidade penso que o caso estraño era o noso, o de estar nun país onde se facilita todo ese tipo de actividades que, como sinalaban as compañeiras que me precederon, poden dar lugar a ludopatías e a outro tipo de situacións de dependencia. Polo tanto, tamén hai que poñer atención, creo que non está recollido nesta moción, que tamén ten un marco autonómico e que me parece ben, pero eu creo que tamén a nivel de Estado había que intentar restrinxir o máximo posible as facilidades que teñen agora mesmo as casas de apostas, sexan as físicas ou sexan en liña para comunicar e anunciar os seus servizos. Eu creo que non deixa de ser tamén preocupante que moitos equipos

de fútbol de Primeira División estean agora mesmo, sexan patrocinados por portais que se dedican a este negocio das apostas. Está claro que as casas de apostas son un problema pero tamén unha boa parte do negocio se encamiña por outro tipo de medios, e que tamén se debería atender a esta casuística e empregar tamén, repito, os poderes do Estado, a situación estatal para non facilitar cando menos o acceso a esta actividade que, sobre todo en idades, sinalábase aquí antes, en idades mozas, en idades novas, presenta un elevado risco de adicción.

Entón eu creo que máis adiante noutro momento conviña tamén apelar ao ámbito estatal para que desde os ministerios de Consumo e outros se restrinxa o acceso a esta actividade que presenta riscos que xa sinalaron antes as compañeiras nas súas intervencións. En todo caso, como dixen, no contido e na aplicación que ten tamén esta moción, que é de ámbito autonómico, hai unha serie de accións que se poden levar a cabo, que están recollidas nesta moción e que, polos motivos que expuxeron as compañeiras que me precederon, pois nós imos por suposto apoiar.

Sr. García Seoane

Si, ben, totalmente de acordo coa moción. Nós levamos anos nos colexios do municipio con charlas, con técnicos que van asesorar os rapaces, que van informar pero isto non vale para nada. Vós que tedes representación nos parlamentos da nación e galegos, claro, está moi ben que o falemos aquí, xa digo, nós levamos anos con este tema, pero isto hai que cambialo onde tedes a representación máis alta e onde se fan as leis, e hai que facelo. De nada vale que esteamos os alcaldes levando adiante este labor cando desde a televisión nacional e desde outras televisións e desde o Goberno da nación, tanto de España como de Galicia, pois resulta que se priman as empresas e se levan adiante políticas que o que están a facer é estragar a xuventude. Por tanto, a min paréceme moi ben isto que facemos aquí, pero de nada vale alzar isto aos ceos aos gobernos que nos representan noutras latitudes.

Nada máis, vou votar que si.

Sra. Aneiros Barros

Si, moitas grazas, presidente, e moi bo día a todos.

Ben, eu en primeiro lugar dicir que dende o noso grupo somos plenamente conscientes da problemática derivada precisamente da ludopatía e das demais adiccións que teñen relación co xogo, coas apostas e especialmente coa incidencia crecente que están tendo na poboación máis nova.

En canto aos puntos que se inclúen na moción subscrita polo Partido Socialista e polo BNG, dicir que creo que procede poñer en valor ese programa piloto que dende a Deputación se está a poñer en marcha xunto coa entidade Agalure, precisamente para concienciar a nosa mocidade destes riscos.

Por outra banda, fórmase a necesidade dunha norma a nivel autonómico, e con respecto a esta cuestión dicir que, efectivamente, o Goberno galego xa ten tramitado un anteproxecto de lei de xogos de Galicia co que se pretende precisamente axustar a normativa á realidade actual. Dicir que ese anteproxecto de lei xa foi sometido ao trámite de exposición pública, xa pasou por un grupo de traballo

creado para o efecto, un grupo de traballo de xogo responsable, e xa ten incorporado parte das alegacións e das propostas que se teñen achegado. Queda pendente a incorporación dos informes que son preceptivos para que poida ser aprobado como proxecto de lei polo Consello da Xunta para continuar coa súa tramitación.

En relación con este anteproxecto, pois dicir que tamén que pon ou contempla parte das cuestións que se teñen exposto polos voceiros que xa interviñeron nesta sesión plenaria e principios reitores que incorpora, como precisamente a protección dos menores de idade, como a protección tamén daquelas persoas que teñen reducidas as súas capacidades e das persoas con problemas de adicción ao xogo.

Fálase tamén na moción da necesidade de crear un observatorio do xogo, e precisamente esa é unha das cuestións que precisamente se incorporan neste anteproxecto de lei, a creación deste órgano colexiado coa finalidade de estudar, avaliar e facer un seguimento das políticas de xogo responsable cunha obriga para a Administración galega, neste caso, de promover ademais políticas de xogo responsable.

Citar moi brevemente algunhas cuestións tamén que penso que son relevantes ante a problemática que se formula con este tema, como é o que afecta á publicidade. Neste anteproxecto hai un artigo específico que regula a publicidade destas actividades, prohibindo expresamente a publicidade do xogo en liña e de calquera modalidade de xogo presencial que sexa de competencia autonómica na radio e na televisión públicas da comunidade autónoma galega, e restrinxe tamén dunha forma importante os supostos permitidos de publicidade, limitando unicamente á prensa escrita e cumprindo en todo caso unha serie de requisitos. Contempla tamén esta norma, este anteproxecto de lei, maiores controis de acceso, un control de acceso que impida a entrada de menores e das persoas que consten inscritas nun rexistro, no rexistro de prohibidos, como unha medida tamén de prevención e de protección destes colectivos.

Actualízase tamén o réxime de sancións incrementando dunha forma considerable o número de condutas tipificadas e que poden ser, por tanto, obxecto dun expediente sancionador. E límitase o número de establecementos de xogo conforme co que xa aprobou o Consello da Xunta de Galicia coa intención de ir reducindo progresivamente tanto os establecementos como as máquinas recreativas instaladas nos distintos locais.

Simplemente, para rematar, dicir que o que afecta á atención sanitaria destas patoloxías, dicir que precisamente esa atención sanitaria está prevista nun real decreto, no Real decreto 1030/2006, vinculada ás unidades de trastornos aditivos precisamente porque se trata dunha patoloxía do ámbito das adiccións.

Somos conscientes do papel importante que as entidades, xunto coas administracións tamén están desenvolvendo, que dalgunha maneira poden contribuír a mellorar a calidade de vida e diminuír o impacto que teñen os problemas do xogo nas persoas e nas familias dos que son afectados. E por iso precisamente tamén a Consellería de Sanidade contribúe ao desenvolvemento de programas de prevención de recaídas xunto con entidades sen ánimo de lucro, como AGAJA, ou precisamente a entidade que se ten mencionado neste caso como é Agalure.

Pola nosa banda, pois non podemos máis que manifestar o noso voto a favor desta moción agardando que sexa un resultado satisfactorio o dese programa piloto que ten iniciado a Deputación e, por suposto, tamén agardando que proximamente en Galicia contemos cunha norma propia que contribúa a previr estes casos de adicción ao xogo e ás apostas.

Nada máis pola miña parte, moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sra. Aneiros.

E para rematar, porque creo que o tema ten francamente relevancia. Eu creo que as intervencións de todos os portavoces e en xeral dos grupos políticos creo que coincidimos na importancia, como ben dicía Gelo, o tratamento deste asunto loxicamente lle corresponde a outras instancias, non?, pero creo que é importante que tamén na casa dos concellos, como é a Deputación, tamén traslademos aos nosos grupos e ao resto das institucións cal é o parecer dos concellos, dos alcaldes e as alcaldesas da provincia.

E eu, falaba moi ben o Sr. Lema dicindo que os deberes neste ámbito pois non só están a nivel autonómico. Eu descoñezo o borrador do que falaba agora a Sra. Aneiros, pero parécenme avances moi significativos os que acaba de enumerar, non sei se coñeces o borrador con máis concreción. Hai unha dúbida que a min me preocupa despois de escoitar a Agalure, que é se hai unha prohibición recollida nesa lexislación autonómica de que nun entorno dos colexios estea prohibida a instalación de casas de apostas, non sei se o podes confirmar ou non.

Sra. Aneiros Barros

Creo que existe algunha mención nese sentido, pero non che podó precisar exactamente. En todo caso, Sr. presidente, dicir que estamos nunha fase moi inicial, que esta normativa, este anteproxecto irá ao Parlamento de Galicia e se tramitará alí, e a través dos distintos grupos parlamentarios supoño que sempre se poderán incorporar as melloras oportunas e que precisamente esa é unha das que se poderían precisar no caso de que non contemple ese grao, con ese grao de exactitude que vostede mencionaba.

Sr. Presidente

Ben, pois o resto das cuestións que acaba de enumerar parécenme grandes avances na materia, e creo que esta que acabo de comentar eu é un clamor xeneralizado. Eu creo que hai un artigo de *El País* de hai un ano e medio ou dous, escribía un avó que vivía nun edificio anexo a un patio dun colexio e alertaba de que vía o movemento de rapaces e rapazas que deixaban de ir a xogar no recreo desde a pandemia para ir a xogar ás casas de apostas, e alertaba nese artigo dese risco. Eu creo que esta sociedade xa ten riscos dabondo no ámbito das adiccións, que todos coñecemos, e debe intentar frear esta con lexislación, como a que acaba de anunciar a Sra. Aneiros e como a que reclamaba o Sr. Lema con acerto por parte do Estado. E creo que estamos sendo lentos, creo que é un clamor o que comentabades ambos os dous respecto de líderes ou ídolos deportivos dos rapaces e rapazas que están

anunciando en horario de máxima audiencia nas distintas televisións que se xogue nas apostas.

Comentaba algún caso dramático a asociación de casas onde aparecían facturas de 20.000, 21.000 € de precisamente estas casas de apostas en liña nas familias que loxicamente para calquera de nós sería un auténtico drama, polo económico e polo que implica de adicción para as persoas que gastaron eses recursos económicos. Polo tanto, creo que hai que facer un esforzo de ser áxiles na materia, e eu congratúlome da existencia xa dese borrador a nivel autonómico, e gustaríame que a nivel nacional o Ministerio de Sanidade e o Ministerio de Facenda, que tamén ten a súa transcendencia fiscal o tema, foran áxiles e contundentes e prohibiran canto antes e limitaran canto antes, sobre todo no ámbito da mocidade, a presenza destes locais na contorna dos colexios e sobre todo a publicidade no ámbito deportivo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción que presentan os grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG sobre a prevención da ludopatía, especialmente na mocidade"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As políticas públicas sobre formas de xogo e apostas (ludopatía ou adiccións sen substancia), de forma especial as que, producidas polo avance da tecnoloxía, veñen amosando un grave problema de ausencia dunha regulación adaptada á realidade actual. E neste tema especialmente non podemos quedar atrás.

O Goberno galego anunciou reiteradamente a presentación dunha lei autonómica que a día de hoxe aínda non viu a luz, entanto o único que se ten producido é un importante aumento da implantación de locais de apostas e a colocación de máquinas de apostas en locais de hostalaría.

A poboación máis nova constitúe un segmento poboacional especialmente vulnerable e, por iso, merecedor de toda a nosa atención á hora de desenvolver plans de prevención fundamentalmente no que respecta a Adiccións conductuais.

O aumento e case normalización do xogo e as apostas entre menores está suscitando unha enorme preocupación social, tanto en España como no conxunto da Unión Europea. Trátase dunha conduta ilícita que, segundo os escasos estudos existentes, nos deben de facer pensar e actuar, xa que mostran un perigoso tránsito de simple xogador ocasional a unha verdadeira adicción.

Estes estudos, ao respecto destas adiccións, revelan datos preocupantes aos que hai

que prestar atención. Case un de cada catro menores recoñece ter apostado diñeiro algunha vez na súa vida nalgún xogo de azar, o que equivale a uns 12.000 rapaces e rapazas. Unha porcentaxe elevada fíxoo de maneira presencial pero tamén preocupa a cantidade de mozos e mozas que o fixeron a través de Internet. As apostas deportivas lévanse o protagonismo e os bares e cafeterías son os lugares onde máis se realizan sen que se lles teña pedido nunca o seu DNI, sendo tamén relevante o uso de salas de xogo.

Galicia, como en moitos outros temas importantes, vai atrasada, e é moi importante actuar de xeito inmediato. É imprescindible, por exemplo, a posta en marcha dun instrumento que, con garantías, permita coñecer e estudar con profundidade o escenario para poder dotarnos de mellores ferramentas para combatelo. Igual de necesario é implementar unha necesaria lexislación que controle e regule o sector do xogo e apostas e que permita afrontar de cara os problemas derivados deste, xa non tan novo, problema con recursos materiais e humanos.

Dende a Deputación da Coruña, estamos a poñer en marcha, man a man con AGALURE, un programa piloto de prevención da ludopatía nos centros escolares da provincia, porque se quere e se debe concienciar a mocidade dos importantes riscos que entrañan estas novas modalidades de xogo, marcando como obxectivo claro e prioritario a prevención da adicción fundamentalmente na poboación máis vulnerable.

Trátase dun plan que desenvolverá 18 charlas informativas ao alumnado de terceiro e cuarto da ESO que inclúe accións nos centros escolares, xuntanzas con técnicos dos concellos e orientadores dos centros nas que profesionais de AGALURE informarán sobre as adiccións sen substancia e a maneira en que afectan á mocidade.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Poñer en coñecemento dos concellos da provincia a información do Programa piloto da Deputación da Coruña para que o trasladen aos centros de ensino de secundaria e, de non estar incluídos neste plan piloto, se o consideran oportuno, soliciten a súa inclusión no futuro.
2. Solicitar ao Goberno galego a creación e posta en marcha dun Observatorio Galego do Xogo, que permita coñecer a situación actual desta lacra na nosa sociedade como ferramenta esencial para poñerlle freo e que sirva tamén para facer un seguimento da aplicación da lexislación en vigor e poder así actualizala e mellorar o seu marco normativo.
3. Solicitar ao Goberno galego a presentación, no menor espazo de tempo posible, dun proxecto de Lei do xogo de Galicia que recolla todas as accións necesarias destinadas á prevención e co desenvolvemento de programas de prevención de condutas adictivas asociadas ao xogo e ás apostas e que regule as medidas de control e acceso ao xogo e ás apostas para os mozos e mozas."

Sr. Presidente

Imos coa seguinte moción do Grupo Popular sobre a renovación de abastecemento e saneamento.

3.Moción do Grupo Provincial Popular sobre a renovación de abastecemento e saneamento

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O abastecemento de auga é o sistema que permite levar a auga potable ata os domicilios da poboación.

Un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas, o obxectivo número 6, é "Garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sostible e o saneamento para todos", é dicir, o acceso a auga limpa e saneamento.

A pandemia da COVID-19 puxo de manifesto a importancia vital do saneamento, a hixiene e un acceso adecuado a auga limpa para previr e conter as enfermidades. A hixiene de mans salva vidas. De acordo coa Organización Mundial da Saúde, o lavado de mans é unha das accións máis efectivas que se poden levar a cabo para reducir a propagación de patóxenos e previr infeccións, incluído o virus da COVID-19. Numerosas actividades do ser humano xeran residuos (as augas grises das urbes, os praguicidas da agricultura, os xurros da gandería, etc.) que poden filtrarse cara a reservas de auga subterránea como os acuíferos. Cando a auga entra en contacto con estas substancias contámínase, de modo que presenta elementos que poden ser daniños para a túa saúde. Por iso, é esencial impedir a contaminación da auga. De aí a necesidade de que as augas residuais, sexan depuradas antes de ser vertidas, ou que o sistema de abastecemento de auga realice un bo mantemento das súas instalacións ou mida a calidade e desinfección da auga.

Ditas infraestruturas envellecen por falta de investimento na súa renovación e mantemento. Por iso, para aumentar a eficiencia nos servizos de abastecemento e saneamento é necesario un aumento de investimento tanto en mantemento, como na renovación e mellora das infraestruturas existentes. As consecuencias derivadas da falta de investimento e dunha xestión inadecuada das infraestruturas hidráulicas como se expuxo son graves.

A importancia de contar con redes de abastecemento e saneamento que funcionen de forma eficiente é primordial para os cidadáns/ as, xa que a vertedura directa e o tratamento inadecuado das augas residuais xeradas polas actividades humanas, é unha das principais causas de contaminación das augas subterráneas, fluviais e mariñas e da alteración e degradación dos ecosistemas asociados.

Por outra banda, non debemos esquecer as deputacións provinciais teñen entre as súas competencias a coordinación, entre outros, da prestación de servizos de abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta

Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte,

ACORDO:

Que no próximo expediente modificativo de créditos, destínese unha partida orzamentaria para a aprobación dun plan provincial especial dirixido aos Concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a implantación, renovación e mellora das redes de abastecemento e saneamento, que inclúa unha vez finalizada a actuación, a repavimentación total da zona, onde leven cabo as actuacións de mellora, garantindo a accesibilidade e mellorando o seu estado cunha nova pavimentación.

Sr. Ben Otero

Buenos días de nuevo a todos y a todas. Gracias, Sr. presidente.

Traemos una moción que yo creo que aplica debatirla en este Pleno porque se trata de una competencia puramente municipal y se trata también de algo que podemos resolver aquí. Es bueno que en este Pleno de la Diputación opinemos de muchas cuestiones, es importante que los grupos políticos y los políticos tengamos opiniones sobre muchas cosas, pero también es importante que nos centremos en aquello que sí podemos resolver nosotros desde la Administración en la que estamos debatiendo.

La provincia de A Coruña es una provincia plural, es una provincia diversa, es una provincia que en sus 93 ayuntamientos hay ayuntamientos de escasos 1.000 habitantes hasta ayuntamientos como A Coruña, capital de provincia, Santiago o Ferrol. Y esa diversidad hace también que haya grandes diferencias: no es lo mismo los servicios que puede tener un pequeño ayuntamiento o que los dirigentes y gobernantes de un ayuntamiento le pueden dar a sus ciudadanos en un pequeño ayuntamiento con escasos recursos, a los servicios que un gran ayuntamiento o las zonas periurbanas pueden ofrecerles a sus vecinos.

Por eso, teniendo en cuenta que esta es una competencia municipal, la del abastecimiento y saneamiento de aguas, creo que es importante que se elabore un plan provincial para la implantación, renovación y mejora de los abastecimientos y saneamientos de agua porque no parece muy de recibo que en pleno siglo XXI haya gente que no pueda tener esa posibilidad, por muchas cuestiones: medioambientales, de calidad de vida, etcétera, etcétera. Y creo que es importante que desde aquí hagamos este trabajo.

Yo, adelantándome un poco a lo que me van a decir algunos partidos y voy a adelantar un poco lo que hemos hablado en la Junta de Portavoces, aquí se va a hacer mención al Plan único, que hay que respetar la independencia de cada ayuntamiento para invertir el dinero como mejor le parezca. Respecto a esto, yo tengo que decir lo siguiente: si hubiéramos aplicado ese criterio en todas las instancias a lo largo de los últimos años, Galicia no hubiera llegado a converger como está convergiendo. Es decir, los fondos europeos, los fondos de cohesión, evidentemente han ayudado más a países que tenían dificultades frente a otros que aportaban;

incluso a nivel nacional, en el reparto de fondos a las autonomías, se ha apoyado a aquellas que tenían más dificultades con el fin de poder llegar a converger. No es de recibo que un vecino de un ayuntamiento de un entorno urbano o periurbano pueda tener unas posibilidades que le ofrece su ayuntamiento, su Administración, con la aportación del Plan único y que haya otros ayuntamientos que, por cuestiones geográficas, históricas, de mala gestión, etcétera, etcétera, infinidad de casuísticas, que tengan que utilizar todos esos recursos en darle servicios mínimos básicos para garantizarles a estos vecinos esto. No es muy razonable.

En consecuencia, por eso, por solidaridad, por compromiso y porque sí son cosas que aquí podemos hacer para cambiar y mejorar la vida de los vecinos, creo que es importante implementar este plan, un plan plurianual, es obvio que en un año ni en un mandato, no se va a solucionar este problema, pero sí a lo largo de los años con un compromiso de todos los partidos que aquí estamos representados garantizándolo en el paso del tiempo podamos tener algún día la alegría y el orgullo de haber cambiado realmente la vida de los vecinos en esta provincia y darle lo que aquí en una ciudad como La Coruña puede ser básico, levantarse, abrir un grifo o ir al baño y tener tanto garantizado el abastecimiento como el saneamiento, pero que en muchos ayuntamientos, muchísimos ayuntamientos, es casi un sueño a día de hoy. Y aquí entre todos podemos conseguir que los sueños se hagan realidad si somos ambiciosos y somos solidarios.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Lema Suárez

Tratarei de ser breve, un pouco por comentar tamén o argumento que dicía o compañeiro Sr. Ben sobre as virtudes das subvencións finalistas para aumentar a converxencia. A verdade é que non creo que sexa así, non creo que as subvencións finalistas axuden a compensar máis a desigualdade entre territorios que aquelas que son con reparto de fondos que se establecen por criterios abertos e competitivos. De feito, tal vez a camisa de forza das subvencións europeas, e sobre todo estaban destinadas a favorecer a implantación de certas e determinadas infraestruturas, pois probablemente no caso galego deixou pasar por alto moitas outras necesidades do país. Tamén eu creo que, desde logo, hai tamén certa visión paternalista ao considerar que desde Bruxelas ou desde Madrid hai un coñecemento máis profundo de cales son as necesidades dos territorios que os propios territorios. Isto é un pouco por significar o criterio que hai detrás desa frase pequena que é a autonomía local, pero que se basea niso, baséase basicamente en que os propios territorios coñecen mellor cales son as súas necesidades. Sobre todo eu poño en dúbida ese primeiro argumento do compañeiro Sr. Evaristo Ben, sobre que as subvencións finalistas europeas axudan a converxer máis do que o faría outro modelo, outro modelo máis aberto. A verdade é que discrepo profundamente, xa discrepabamos no seu momento e seguimos discrepando agora.

Dito o anterior, está claro que a xestión da auga non é unha cuestión menor nin moito menos, eu creo que todos os analistas coinciden, non só aqueles que estean especialmente preocupados pola cuestión ecolóxica ou pola cuestión do cambio climático, senón creo que xa é unha cuestión sobre a que hai un forte consenso social en que a xestión da auga vai ser protagonista no século XXI; incluso hai quen avanza que pode chegar a acadar a mesma importancia que ten agora o

acceso a produtos estratéxicos como son os combustibles, o petróleo e outras materias primas.

Está claro, está claro que a xestión da auga vai ser un ben de cada vez máis difícil acceso e que Galicia ten unha posición de abundancia deste recurso que é un recurso escaso, e polo tanto cómpre optimizar e democratizar o seu acceso, sobre todo eu creo que tamén é preocupante, por exemplo, o feito de que se facilitase durante moito tempo, desde a normativa estatal e outras, que a xestión da auga caese, recaese sempre en empresas privadas, e que aqueles concellos que tentaron remitir esta situación recuperando, remunicipalizando os servizos que estaban en mans privadas tiveran que pasar un auténtico calvario legal e administrativo porque, ben, hai casos recentes de concellos que foron quen de facelo e outros que están en proceso, isto tamén é algo ben relevante, non só a importancia que se lle dá á xestión da auga, senón quen vai ser finalmente o que a administre. Insisto, un recurso escaso, que vai escasear máis, e que vai implicar creo unha ordenación integral a nivel superior ao dos propios concellos.

En todo caso, para non estenderme máis e volvendo ao argumento inicial, nós defendemos o precepto da autonomía local e que os propios concellos sexan os que determinen cales son as súas prioridades; haberá concellos nos que a xestión da auga sexa absolutamente prioritaria e outros que teñan outras, e que creo que a ferramenta que pon á disposición a Deputación da Coruña do Plan único pois é a que facilita que sexan os propios concellos os que determinen as súas prioridades.

Por todas esas razóns ímonos abster neste punto.

Sr. Regueira Varela

Eu, subscribir o texto da moción, subscribilo. Tanto é así, que o BNG o subscribe, que no ano 2008 esta Corporación, a instancias dunha área gobernada por un compañeiro do BNG, recordo que naquel momento era deputado de Plans e de Cooperación Xoan Cabo, naquel momento concelleiro se non me equivoco en... nun dos concellos da área metropolitana de Compostela, en Rois creo que era, aprobamos o Plan de cooperación cos concellos, que ía xustamente destinado a melloras do ciclo da auga para investimentos do concello, dotado de 2008 ao 2011 con 40 millóns de euros, é dicir, 10 millóns de euros por anualidade. Como algúns transitamos por esta administración, por referirme coa mesma palabra que utilizou o compañeiro deputado Sr. González Cacheiro nunha intervención anterior, e aquí hai varios que transitamos dende ese ano 2011, recordaremos que a chegada do Partido Popular ao Goberno da Deputación tivo unha primeira consecuencia, que foi substituír o Plan de cooperación cos concellos, destinado para obras de mellora hidráulica e do ciclo da auga para concellos de menos de 20.000 habitantes, por outro plan, neste caso o plan DTC93, que ía destinado principalmente a concellos de canta máis poboación mellor, que o criterio de poboación estaba baremado, se non recordo mal, cun 20% do total de criterios de baremación. Polo tanto, evidentemente, eu teño que dicir que esa preocupación do ciclo da auga este grupo sempre a tivo. O Partido Popular aquí ten un cambio claro de criterio. Eu teño que dicir que este argumento que acaba de utilizar o voceiro do Partido Popular de que as subvencións finalistas son boas é un criterio, o único criterio co que eu podo discrepar nesta moción do Partido Popular, porque as subvencións finalistas na provincia da Coruña nalgúns casos teñen consecuencias perversas. Todos coñecemos concellos desta provincia

que a raíz dos plans de campos de fútbol teñen varios campos de fútbol e non teñen equipo de fútbol. Estas son as consecuencias dos plans finalistas.

Eu e o meu grupo, evidentemente, somos claros defensores da autonomía local e cremos que as administracións locais, e aquí todos os que estamos aquí somos concelleiros, concelleiras, alcaldes, alcaldesas, etcétera, etcétera, somos organizacións municipais cun grao de madurez moi alta, que sabemos ademais de primeira man cales son as necesidades dos nosos veciños e veciñas e que debemos tamén ter a responsabilidade pero sobre todo a autonomía para tomar as decisións do que máis lle convén e do que urxe máis á sociedade do noso Concello en cada momento.

No punto 38 acabamos de aprobar unha achega extraordinaria ao Plan único de 25 millóns de euros. Non hai nada, non hai absolutamente nada que impida que os alcaldes e alcaldesas e as corporacións locais da nosa provincia poidan destinar eses 25 millóns de euros á mellora do ciclo da auga e á mellora das redes de abastecemento e de saneamento de cada concello.

Se facemos un pouco de balance do que significou o Plan único nesta cuestión en concreto, veremos que do ano 2017 ao 2020 aprobamos, a través do Plan único practicamente 300 obras de abastecemento e depuración na provincia, 300 obras, que non son poucas. Son poucas se a relacionamos directamente coa totalidade de 2.257 proxectos executados con cargo ao Plan único, pero, en todo caso, foi unha responsabilidade dos concellos en cada momento de aprobar unhas obras e non outras. Pero iso chámase democracia e cada catro anos os veciños e veciñas de cada concello premian ou castigan as decisións das corporacións locais.

Eu, por facer tamén un pouco de balance. Desas 300 obras hidráulicas de abastecemento e saneamento que vimos aprobando no Plan único, a dotación de recursos que se destinaron a sufragalas foron de máis de 36 millóns de euros en total. Se o dividimos por anos, por 4 anos, estamos arredor dos 9 millóns de euros cada ano que se destinan ao ciclo de auga na provincia por decisión municipal.

En Galicia agora mesmo hai, segundo recollen as fontes oficiais do Parlamento de Galicia, de Augas de Galicia en concreto, hai sete proxectos en execución: un en Cerceda, un en Ames-Brión, un en Santa Comba, outro en Cabana, outro en Vimianzo, outro en Teo, outro en Coirós, 7 proxectos. E a Consellería e Augas de Galicia acaban de sacar unha liña de axudas a concellos de, eu creo que son menos de 20.000 habitantes, por un importe total de subvención de 4 millóns de euros para obras relacionadas co ciclo de auga en toda Galicia, 4 millóns de euros en toda Galicia.

Eu, evidentemente, é unha competencia municipal, pero temos unha Lei de augas de Galicia que tamén marca moitísimas cousas e, sobre todo, como se teñen que elaborar os proxectos e con que fórmulas teñen que colaborar as entidades locais coa Xunta de Galicia, que ten a máxima competencia na materia.

É curioso que se nos pida a nós unha liña específica cando xa temos unha que financia claramente este tema que, polo tanto, está cooperando, como dixeran, intensamente cos concellos, cando a liña de subvencións da Xunta por exemplo só ten de investimento destinado á concorrência competitiva para proxectos municipais

relacionados co ciclo da auga, eses únicos catro millóns.

Se collemos os orzamentos da Xunta para este ano, prevense 88 millóns de euros en actuacións relacionadas co ciclo da auga, 88 millóns de euros. Se imos ao canon da auga, a Xunta recada impostos relacionados co ciclo da auga por un valor superior aos 52 millóns de euros directamente polo canon, pero, se lle sumamos o coeficiente de vertedura e se lle sumamos as multas, supéranse outros 6 millóns de euros máis. E logo recibe da Unión Europea para esta cuestión en concreto 16 millóns de euros do FEDER-React, 27 millóns de euros do FEDER e 33,4 millóns do FEADER, sumando entre todo 98 millóns de euros, algo máis, en torno aos 100 millóns de euros, que superan con moito os 88 millóns de euros previstos por Augas de Galicia para obras de toda índole relacionadas co ciclo da auga no territorio de toda Galicia.

Que quero dicir con isto? Que eu comparto absolutamente a literatura da moción do Partido Popular, non é que a compartamos dende o BNG, é que cremos urxente que os concellos, porque hai aí tamén un parágrafo que carga tintas, e eu síntome incluído nesa reprimenda que nos fai o Partido Popular na moción, pero aquí somos responsables todos e todas, que hai que mellorar a renovación e o mantemento de todos os elementos que inflúen no ciclo da auga e que debería ser unha cuestión prioritaria para todos os concellos. Pero é que agora mesmo, se non tivéramos o Plan único seguramente eu votaría a favor desta moción sen ningún tipo de problema, pero é que agora mesmo os concellos da provincia poden facer fronte a todo isto que reclama o Partido Popular a través dese plan.

E quero recordar unha cousa, porque eu cando vin esta moción lembrei unha canción dun grupo dos 90 que se chamaba Presuntos Implicados, non era un dos meus grupos favoritos, pero si recordei a letra dunha canción que era moi frecuente en radio fórmulas, e que creo que vén moi ben para este punto, que era *Ah!, cómo hemos cambiado*. E voulle recordar cando á altura de 2012 esta organización política que eu represento lle reclamaba ao presidente da Deputación naquel momento, un compañeiro do Partido Popular, don Diego Calvo, reclamáballe, que ao mellor non era acertado substituír o Plan de cooperación cos concellos, o PCC, para saneamento de auga por outro plan que era o DTC que primaba máis as grandes cidades e as grandes poboacións. E contestoume don Diego Calvo e téñolle que asegurar que nunca pensei que o ía citar positivamente neste Pleno, recoñézo, pero citaba textualmente, que iso que non era un POS, que o Plan de Obras e Servizos existía, só tiña 24 millóns de euros, pero que facían falta outros plans, porque non había un plan coa dotación económica que hai agora mesmo, pero dicía el que "O Concello de Carballo non ten as mesmas necesidades que o Concello da Coruña ou que o Concello de Ribeira e non quero dende a Deputación nin o grupo de goberno que eu represento" –que era o seu grupo–, "e supoño que vostedes tampouco, dicirlles aos concellos onde teñen que gastar ou onde teñen que dedicar o diñeiro que nós podemos ter a posibilidade de poñer á súa disposición, porque cremos firmemente na autonomía local". Pois, evidentemente, eu fago miñas neste caso as palabras de don Diego Calvo, anos despois, e dígolle que coincido con vostedes en que debía ser máis intenso o labor de dedicar o Plan único á mellora das dotacións do ciclo de auga, pero que tamén creo firmemente, e respecto firmemente, e defendo con toda a firmeza que podo a autonomía local e que os alcaldes que consideren que a través do Plan único teñen que facer outro tipo de obras tamén o poidan facer. E don Diego Calvo, non vou referir aquí a totalidade da intervención que tiña, facíao nunha

situación de crise, de crise de ingresos, de crise económica a todos os niveis, á altura daquel 2011, agora estamos noutra crise, estamos noutra crise que vai afectar seriamente as arcas municipais e a min pareceríame unha mala decisión cortar parte da autonomía local, que a transferimos a través dos recursos do Plan único, e impedir que os alcaldes e alcaldesas e as corporacións locais tiveran a obriga de investir en saneamento, que é unha urxencia, ou no abastecemento de auga, cando ao mellor desgrazadamente nos temos que enfrontar a outras urxencias que tamén son moi urxentes e moi perentorias para a nosa sociedade. Polo tanto, eu sigo confiando no plan que temos, que é un plan cunha unanimidade moi ampla por parte das corporacións locais, sexan da cor que sexan, e pareceríame unha mala decisión restarlle fondos a ese plan para crear outro plan finalista que, ao mellor, pois nestes momentos non solucionaba outras urxencias terribles ás que nos imos ter que enfrontar desgraciadamente nos próximos anos.

Xa digo, coincidindo plenamente na análise da situación que fai o Partido Popular, cremos que esta administración xa está facendo un esforzo económico de achegarllas transferencias de fondos aos concellos e eses concellos poden utilizalos tanto para o ciclo da auga como para outro tipo de cuestións, e en todo caso cada catro anos a sociedade será quen de premiar ou castigar as decisións que tomen esas corporacións locais. Nada máis.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e todas. Eu realmente coincido plenamente co fondo e a sensibilidade que todos temos co tema da auga e o tema dos servizos que a auga implica nos concellos, e por suposto que coincido plenamente co que di o Sr. Ben de que estamos nunha provincia plural, diversa e, polo tanto, máis afondar nesas dúas definicións para dicir o que xa comentaban con anterioridade, sobre todo o compañeiro Regueira, no sentido de que o Plan único está contemplando precisamente esa filosofía de ter unha sociedade e unha provincia plural e diversa. Respectando por suposto e facendo tamén miñas as palabras que se comentaban do respecto á autonomía local, pois dende logo que esa é a filosofía que ten precisamente o Plan único e non digo nada novo.

En calquera caso, xa nesta Corporación xa ten chegado algunha petición e das corporacións pasadas incluso, de plans de deportes que está parecendo, digamos, unha petición, gardando as distancias, moi parella a aquel Plan de deportes que se comentaba, creo que foi en outubro de 2019, pero tamén anteriormente un plan de canceiras, ben... Imos ver, a filosofía do Plan único naceu no ano 2017 entre outras precisamente por esta diversidade, para que se respecte esa autonomía local, para que os concellos, e dirémolo unha e mil veces se é necesario, somos maiores de idade, e tamén por suposto no bo facer dos alcaldes, alcaldesas e dos concellos nas necesidades que teña cada concello nas súas circunstancias. Polo tanto, realmente, eu creo que a ferramenta xa está posta á disposición precisamente desta sensibilidade que todos estamos de acordo que é o tema da auga.

A Deputación ten competencias? Por suposto, máis que competencias o que ten é responsabilidades, e precisamente ante esas responsabilidades a posta en marcha deste Plan único, que é a ferramenta que nos permite a todos e a todas establecer as prioridades de cada concello en función das súas necesidades.

Polo tanto, realmente, sinceramente, penso que esta moción, ben, dígoos con todo o respecto do mundo, Sr. Ben, creo que as ferramentas xa están postas á disposición dos concellos, e a utilización desas ferramentas está nas mans de cada alcalde e alcaldesa e das prioridades que lle queira dar cada concello.

Porque, imos ver, a Deputación, nós non temos unha hucha, un caixón do que saquemos cartos en cada momento para cuestións de plans desta consideración. Imos ver, repito, temos o plan á disposición, ou fagamos unha reflexión: que facemos?, restámoslle unha cantidade económica ao Plan único para facer un plan que teña que ver co saneamento que xa está, que xa temos a ferramenta?, deamos unha pensada entre todos e todas a ver se queremos que o Plan único destes 25 millóns que van precisamente neste expediente que se aprobou hoxe, sacamos de aí outros 15 millóns?, sacamos 10 millóns?, sacamos os 25 millóns para facer iso?, e deixamos, polo contrario, a que cada concello aplique ese dereito á autonomía local para decidir en función das necesidades que teña? Eu penso que por responsabilidade en cada concello, todos e todas seguro que temos, os que sodes alcaldes e alcaldesas, seguro que todos tedes en mente ese levar a auga a todos os núcleos de poboación, e seguro que todos tedes en mente precisamente o que é un cronograma de levar esa auga en funcións das vosas prioridades no voso concello. O contrario sería precisamente, pois esa autonomía local, poder restala.

Sinceramente, creo que a ferramenta xa a temos, as formas témolas e, por que non dicilo tamén, unha das cuestións polas que se falou tamén de poñer en marcha este Plan único era precisamente sacar burocracia dos propios programas.

Polo tanto, sinceramente, eu con todos os respectos á preocupación que temos todos e todas en canto ao que é a auga, a utilización e levar a auga a todos os núcleos de poboación dos distintos concellos, as ferramentas xa están postas á disposición dos alcaldes e alcaldesas de todos os concellos. Polo tanto, ben, creo que é unha moción que, por suposto, non imos apoiar, nin imos dar o voto positivo, porque realmente a ferramenta xa está posta en marcha dende hai moitísimo tempo. E facía mención o compañeiro Regueira, que estamos falando de case 300 actuacións concretas que decidiron os propios concellos, e máis de 36 millóns de euros destinados a ese fin. Eu creo que é un dato bastante importante como para ver que esta si funciona, digamos a ferramenta está funcionando, ten aí un Plan único que implica poder facer unha utilización positiva, en positivo para darlles servizos aos veciños e, polo tanto, nós por suposto que esta moción non a imos apoiar por todas estas razóns e moitas máis que poderíamos enumerar.

Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Si, imos ver, eu co fondo da moción, xa o dixen na comisión, eu estou de acordo co fondo, que pasa?, que temos, como dixeron os compañeiros, hai un plan onde cada un pode elixir que tipo de obra se leva adiante. Ao mellor nese plan, é que, claro, sería coartar a liberdade dun concello, pero o que non se pode é gastar en festas cando non tes para comer, e hai concellos, moitos, que o POS o gastan en festas en vez de gastar para comer ou para sanear a familia. E, por tanto, ao mellor habería que poñer algunha cláusula no POS, en concreto a aqueles que carecen de servizos básicos como son a auga e a rede de saneamento.

Hai que ver tamén que os concellos pequenos non teñen recursos, é moi difícil que teñan recursos, porque xa non teñen persoal para xestionar os concellos, malamente poden ter recursos se non teñen persoal para xestionar os concellos. Pero eu, comentárao na comisión.

Logo hai outra moción que é do Partido Popular e que fala do PEL, pero fala do PEL incluso para aumentalo, darlle máis... Ese PEL eu estaría de acordo en que eses 9 millóns, falamos de sacar, non, non hai que sacarlle ao plan, ao POS+ nin a outros plans, o que non podemos é dilapidar cartos públicos da maneira que o estamos facendo, desde o meu punto de vista, entregándoos así a calquera que estea declarado como autónomo, simplemente porque ten unha declaración de autónomo, dámoslle 1.500 € sen máis, por simplemente pola declaración. Eu podía falar de que aquí nese caso hai un montón de xente que vai levar cartos e que vive de p... m., que non ten ningún problema e que non pegou pau na súa vida e simplemente está declarado autónomo para ter un seguro, é tremendo. Por tanto, habería outras, ao mellor hai que discutir nun futuro próximo se esas políticas se teñen que seguir levando adiante ou se eses cartos que se dilapidan, desde o meu punto de vista, desa forma co PEL pois estarían mellor invertidos nos concellos, e que habería que facer ao mellor un plan para determinados concellos.

Iso estaría ben, pero neste momento non estou de acordo co tema polo que estou expoñendo, hai outras posibilidades. Rogaría que cando decidamos investir cartos, que o decidamos da mellor forma pensando no conxunto dos nosos concellos e na xestión dos nosos concellos, porque van vir tempos máis difíciles. Se agora non hai recursos, o ano que vén vai ser moito máis difícil, porque ao parecer non hai tanta recadación no Estado, vánsenos minorar os ingresos, etc., etc. Por tanto, non dilapidemos o que temos, distribuámolo entre os concellos e atendamos as necesidades perentorias, ou, como dicía antes, primeiro auga, rede de saneamento e logo as festas, e ao mellor temos que reunirnos e falar, consensuar para si facer no futuro un plan pensando neses concellos pequenos que non teñen nin persoal, nin recursos, nin nada para levar adiante.

Nada máis, eu non vou votar este tema.

Sr. Ben Otero

Bueno. Vamos a ver, yo antes de nada quero agradecer a todos la postura que habéis dejado claro, y ya antes, cuando presentamos la moción, yo había cuestionado agradecer vuestras intervenciones y sentido del voto, ¿por qué?, porque si la hubierais apoyado, evidentemente, tendría que estaros agradecido, y al haber tenido las intervenciones en concreto que habéis tenido, pues también os lo tengo que agradecer y os voy a explicar por qué.

Porque yo, aparte de ser diputado en esta institución, tengo responsabilidades políticas en mi Partido, ando por bastantes ayuntamientos y la verdad es que me habéis dado un discurso que voy a aprovechar de verdad con gran intensidad, y muy agradecido a todos vosotros. Iré a Oroso y les explicaré en las parroquias que no tienen abastecimiento ni saneamiento ni tienen un acceso mínimo, que son muchas de ellas, les explicaré cuál es la postura del señor Leira, con total tranquilidad. Iré a Teo, a la zona rural y explicaré, no hay intención y no hay ganas de que haya un plan,

¿por qué?, porque preferimos profundizar, preferimos que siga la desigualdad, preferimos que quien no tiene siga sin tener y quien tiene o tiene de más que pueda tener y redundar en las cosas que necesita. Es decir, en todo caso, muchas, muchas, muchas gracias a todos vosotros.

Señor Regueira, se lo dije al señor Fernández en una ocasión y se lo digo hoy a usted: 100-0-100: 100 millones de deuda, 0 encontraron ustedes y 100 de remanentes, son incapaces de ejecutar su presupuesto. Esta institución lleva un paso de paquidermo, no en estampida, paquidermo relajado, somos incapaces de tener impulso político, aquí no se hacen cosas, tenemos dinero y todo sigue igual, tralalá.

Yo no estoy en contra del Plan único, pero usted verá dentro de 26 meses cómo somos capaces de mantener un Plan único y de tener también un plan de abastecimiento y saneamiento.

Mire usted, en el discurso que ustedes han hecho solo hay un resumen para todo ello, aquí sobramos todos, dejamos al señor Pardellas, dejamos al señor Secretario, nos vamos para casa, el dinero entra, ellos lo distribuyen, y aquí nosotros no pintamos nada. Hay que hacer política, queridos amigos, hay que hacer política, y aquella gente que tiene carencias, que tiene necesidades, por la situación donde están, porque ha habido mala gestión, porque no tienen recursos, por lo que sea, tenemos la obligación moral, la obligación moral, de darle los servicios mínimos y básicos, y para eso estamos aquí y, si no, nos vamos todos y dejamos al señor Pardellas, que es un gran técnico, distribuir el dinero que llegue a esta casa. Esa es mi forma de ver las cosas.

Reitero, gracias, iré a San Sadurniño, iré a Moeche, iré a Rianxo, que por cierto está haciendo una gran obra de saneamiento la Xunta de Galicia. Y, claro, usted hace un comentario, señor Regueira, que es un comentario tramposo, con todo el respeto que le tengo. Usted no habla de la inversión que hace la Xunta en el saneamiento de las rías, ni del trabajo está haciendo para cuidar y preservar las rías de Galicia, eso lo dejamos, no lo comentamos porque no nos interesa.

En consecuencia, gracias de nuevo, de verdad, es importante que en todos los ayuntamientos pequeños, Capela, Mesía, gran inversión de la Xunta de Galicia en el abastecimiento y saneamiento. Es que hablamos de lo que nos interesa hablar, y yo aquí hablo de muchas cosas, pero hay una cosa que no me gusta: ni mentir ni decir medias verdades, no me gusta, puedo equivocarme pero nunca miento o procuro no hacerlo.

Y nada más, le agradezco mucho esto, la verdad, me han dado, me dan un año magnífico, 26 meses de discurso, esta acta la tendré presente y, de verdad, les recordaré a todos y les comentaré porque simplemente repetiré lo que ustedes han dicho. Gracias por darme discurso para los próximos 26 meses. Nada más.

Sr. Regueira Varela

Sr. Ben, eu non me referín ao que non facía a Xunta nin ao que facía, eu referinme ao que está previsto nos orzamentos do Estado. Non son eu aquí, non se me pode acusar de que diga que a Xunta non fai nada, deus me aparte, non se trata diso, eu dixen o que fai a Xunta. Por certo, que os convenios cos concellos son

rogados, son rogados, é dicir, pono a propia lei, para que a Xunta invista nos concellos, os concellos téñeno que solicitar, non se barema, hai unha liña de subvencións que dixeran antes, que é do 12 de marzo, se non me equivoco, que está dotada con 4 millóns e aí si é de concorrencia competitiva. O resto dos convenios cos concellos son rogados, dunha maneira algo discrecional ou por importancia, polo que a Xunta considere, establécese convenio con cada concello.

Eu simplemente dei datos concretos, se vostede non mente, eu tampouco minto, son así de claro. Hai unha Administración pública, que neste caso é a Xunta de Galicia, que cobra un canon da auga, entre o canon e a vertedura e as multas están en torno a 58 millóns de euros. Eu simplemente vou estar de acordo con vostede nunha cousa: a precariedade do financiamento local dos pequenos concellos, ese é un gran debate que seguramente teñen que dar as dúas forzas políticas que se aquendan no ámbito do Goberno do Estado e que teñen responsabilidades nese sentido. Pero tamén hai un déficit de financiamento dos pequenos concellos por parte da Xunta de Galicia.

E a min gustárame que o canon de auga que se recada no meu concello ou no concello de San Sadurniño ou no de Moeche, ou no de Rianxo, que vostede citou, e teñen compañeiros ou compañeiras miñas gobernando, pois tamén se distribúa entre eles ese canon. Pero, ben, podemos falar do que se queira, o que se fala aquí en concreto por parte do Goberno é que o Plan único serve para facer obras do ciclo da auga, con total responsabilidade por parte das administracións sexan da cor política que sexan. Calquera alcalde ou alcaldesa da parte proporcional que lle toca dos 25 millóns que acabamos de aprobar hoxe pode destinar integramente a achega provincial a ese ciclo da auga.

Pero mire vostede, que fala dos pequenos concellos, por acabar citando tamén outra vez ao que foi presidente desta Administración, e que tivo grandes acertos e grandes erros. Para min o da débeda cero foi un erro, xa llo digo eu, ten outros acertos, pero aí, nese momento suprimir a débeda da Deputación para min non foi un acerto, e así llo dixeran no Pleno do que correspondeu. El, á parte do parágrafo que lin antes, dicía outra cousa coa que eu estou absolutamente de acordo, Sr. Ben. E dicía: “Ninguén mellor que os propios concellos e os propios alcaldes” –e eu engado alcaldesas– “e as propias corporacións, ninguén mellor que elas para decidir como e onde se vai investir ese diñeiro”. Eu estou absolutamente de acordo con iso, e mire vostede, tampouco nos pode dar aquí leccións de que dalgunha maneira nós non pensemos nos pequenos concellos. Nesa mesa acta de intervención de Pleno, do 27.07.2012, el falaba de que, textualmente persoalmente cito: “Por tanto, non fagamos análises interesadas, se facemos análises ao final para quen gobernamos?, para territorios ou para persoas?” E dicía máis: “Esta Corporación, polo menos o meu Grupo (referíase ao Partido Popular), ten decidido gobernar para as persoas, non pensamos unicamente en ferrados de monte”.

Eu creo que aquí todos estamos preocupados polos concellos pequenos e creo que temos que seguir preocupados, pero creo que como mellor se saldan as preocupacións de todos os concellos a provincia, e dígoo sinceramente, eu agardo que vostedes e ademais sei que vai ser así, manteñan o nivel de financiamento do Plan único se no futuro lles toca gobernar. E por que sei que vai ser así?, porque estou totalmente seguro de que llelo van demandar os propios alcaldes e alcaldesas do Partido Popular, porque fíxese vostede, e con este dato acabo e tampouco vou

entrar en guerras e non vou dicir que vostede falta á verdade nin deixa de faltar porque coincido plenamente co texto da moción.

Eu recordo perfectamente cando clausuramos o mandato 2011-2015 e un alcalde do Partido Popular, que non era tampouco un alcalde calquera, díxome: “Agardo que volvades retomar o que vós demandastes durante estes catro anos nos plenos”. Porque eu creo que o Plan único é un bo instrumento, o POS era un bo instrumento e o Plan único é un instrumento que mellora substancialmente o POS, e sabémolo todos, podemos facer política, discutir aquí, argumentar o que se queira, pero realmente nese plan, e todos os que nos dedicamos ao municipalismo e non queremos converter isto moitas veces como convertemos nun parlamento, sabemos que aí o plano da xestión municipal, tanto o señor Taboada como eu, ou a señora Gallego, imos estar de acordo, porque o que queremos son recursos e que nos deixen decidir cos recursos que recibimos.

Logo, aquí podemos pedir, como dicía o señor Leira, aquí téñense pedido cancelas, tense pedido de todo, pero o diñeiro non chega para todo, hai que decidir e unha Corporación como esta ten que decidir. Eu creo que a mellor decisión é seguir financiando no posible ese Plan único e que os alcaldes e alcaldesas sigan decidindo en que queren gastar o diñeiro. Se o fan, como di vostede, nas necesidades que temos nas infraestruturas do ciclo da auga, pois eu alegrareime, porque creo que é unha prioridade, como moi ben dicía o señor García Seoane, creo que é unha absoluta prioridade. Pero en todo caso vai ser a responsabilidade desas corporacións e logo vai ser tamén a responsabilidade dos cidadáns e das cidadás quen decida se acertaron ou non.

Sr. Leira Piñeiro

Un pouco por responder ao Sr. Ben. Por suposto que eu non puxen en ningún momento a dúbida de que mintas ou que faltes á verdade, teño un concepto bastante rigoroso da túa persoa nese sentido, e tamén apelo á túa responsabilidade, e por supostísimo que, efectivamente, como membro desta Corporación, como deputado, creo que é a túa obriga, se así o consideras, ir polos lugares da provincia que ti estimes oportuno e por suposto transmitir o que tamén estimes conveniente. Nese sentido, pois eu volvo apelar unha vez máis á autonomía local. E aí creo que cada concello leve a auga ou leve o saneamento aos lugares máis remotos do seu propio concello, creo que é unha responsabilidade, e aí vai depender tamén dos criterios e vai depender tamén dos proxectos e das necesidades que poida ter o concello. Co cal, nese sentido, volvo apelar á responsabilidade e volvo tamén confiar nas decisións en que os concellos de alcaldes e alcaldesas vaian tomar con respecto ao que poden esas melloras nos seus concellos.

Non teño moito máis que dicir, simplemente volvo repetir, creo que o Plan único xa reflexa ser unha boa ferramenta para que todo isto se leve a cabo en cada concello e a partir de aí que cada concello, cada alcalde, cada alcaldesa decida cales son as súas prioridades nese momento, é máis, no momento que nos toca vivir son moitas.

E non vou entrar agora xa en que se a Xunta de Galicia cumpre ou deixa de cumprir, porque non é o debate de aquí hoxe, porque podería ser moi interesante e podíamos afondar un pouco niso, e podemos estar falando do Fondo de Cooperación

Local e podemos estar falando, como xa se mencionou aquí, do propio canon da auga, e de como se inviste o canon de auga no que respecta á recadación de cada concello. Pero en calquera caso, a nós o que nos toca é administrar neste caso a Deputación, tócanos administrar e intentar acertar no que é a cooperación cos concellos e estou convencidísimo de que o Plan único, como ademais o acabas de reflectir, e estás de acordo no que é o Plan único, algo que tamén a min me alegra, porque non empezou así, co sentido o Partido Popular, que non estaba moi de acordo neste Plan único, e remítome ás accións que fixo o Partido Popular no seu momento e que me alegra que o tempo vaia situando cada cousa no seu sitio, e que agora vexamos o Plan único como unha boa ferramenta, e polo tanto, animarvos aos alcaldes e alcaldesas que estades aquí presentes e aos que non están presentes que acepten as súas decisións de levar o antes posible a auga a todos os núcleos de poboación coa sensibilidade que todos temos neste sentido.

Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 15 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica).

Sr. Presidente

A seguinte moción, do Grupo Provincial Popular, sobre incremento do Plan de emprego local.

4.Moción do Grupo Provincial Popular sobre incremento PEL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A hostalería foi un dos sectores máis prexudicados pola pandemia, cuxos efectos e as medidas adoptadas para freala "reduciron á metade a súa facturación" o que provocou "unha gran perda de empregos", sen contar con aqueles que se "atopan nun Expediente de Regulación Temporal de Emprego" (ERTE).

Conta cun peso na economía española entre dúas e tres veces superior ao que ten este sector noutros países. "É un eixo crítico de apoio ao turismo", outro dos "motores da riqueza da nosa provincia". Con todo, a pesar da súa importancia, trátase dun sector particularmente fráxil e vulnerable a ciclos e choques económicos, como a actual crise provocada polo Covid-19.

No mesmo sentido, os autónomos, microempresas e pemes tamén están a ser os que máis están a sufrir as consecuencias da pandemia. Os novos contagios coas súas consecuentes restricións ameazan con traer meses moi complicados para eles.

A pandemia "provocou unha situación de asfixia no espazo micro do tecido produtivo e comercial", con "caídas dos ingresos do 50% ou máis para case a metade das

pemes e os autónomos españois" que están a poñer en risco a viabilidade de miles de pequenos negocios e están a desatar un inquietante repunte da morosidade e a insolvencia.

Desde a Xunta de Galicia traballouse, desde o minuto uno, para paliar os efectos negativos económicos e sociais provocados por esta crise sanitaria do coronavirus. Por iso, e coa firme intención de axudar ao sector económico, desde este equipo de Goberno mobilizáronse máis de 170 millóns de euros, poñendo en marcha distintas convocatorias de subvencións á que poden acollerse autónomos e microempresas afectadas polas consecuencias negativas desta emerxencia sanitaria e que ademais e como xa manifestei neste pleno, "o desembolso económico de forma efectiva está xa ao dispor dos beneficiarios". Ao contrario do que ocorre coas axudas do PEL da Deputación, "cuxas contías e transcorrido xa case un ano, aínda non chegaron aos seus destinatarios".

Sr. Presidente, no BOP do pasado martes 20 de abril, publicáronse as Bases reguladoras de " PEL-Reactiva: programa específico de apoio á hostalería e axencias de viaxe, do Plan de emprego local".

Nas citadas bases, concretamente na número 3, relativa ás persoas beneficiarias, e concretamente o apartado dedicado a exclusións o seguinte, establece que:

" Non poderán ser solicitantes as persoas traballadoras autónomas ou microempresas, que teñan sido beneficiarias das axudas PEL-REACTIVA: Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña".

Como lle dicía Sr. Presidente, a crise sanitaria producida polo Covid-19, está a supoñer non só un problema de saúde pública senón tamén un duro revés para a economía global, "con consecuencias directas na provincia da Coruña". Desde o grupo provincial popular e para minimizar no posible o efecto tan importante que está a xerar a pandemia sobre estes sectores, consideramos que estamos na obrigaón como responsables públicos de "actuar con anticipación", concentrando os recursos en "activar políticas que axuden a paliar os efectos tan negativos que vai ocasionar esta crise na economía local e provincial".

"Non podemos perder máis tempo". Son moitas as empresas e pequenos negocios os que se viron obrigadas a pechar as súas portas e os autónomos e traballadores/ as están #ante unha situación chea de incerteza que non sabemos por canto tempo alongarase.

Por iso, como representantes dos cidadáns/ as nas institucións, o noso obxectivo primordial, #ante a crise e a urxencia da situación, ha de ser o de "ofrecer ao tecido empresarial da provincia", "todas as ferramentas ao noso alcance", para que estes sectores "atopen todo o apoio que necesitan" e a súa actividade véxase o menos prexudicada posible, a pesar das restricións ou a dificultade para acceder a certos mercados.

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar os seguintes ACORDOS:

1.- Que se modifiquen as citadas bases no sentido de SUPRIMIR O APARTADO DEDICADO A EXCLUSIÓNS QUE, establece que:

" Non poderán ser solicitantes as persoas traballadoras autónomas ou microempresas, que teñan sido beneficiarias das axudas PEL-REACTIVA: Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña", co obxecto de que estas poidan volver ser beneficiarias das axudas previstas nesta convocatoria.

2.- Que, no próximo EMC, habilítese unha partida orzamentaria para incrementar o importe destinado ao citado PEL na cantidade suficiente para financiar as necesidades que nos distintos Concellos da Provincia non puideron ser atendidas, así como as novas xurdidas como consecuencia desta cuarta onda da pandemia.

Sr. Ben Otero

Sí, voy a procurar ser muy breve porque, al respecto de esto yo creo que ya también hemos debatido en plenos anteriores. Nosotros hemos traído una moción similar a esta advirtiéndolo que, de ciertas cuestiones que creíamos que se deberían modificar, yo creo que en su momento el Gobierno no la apoyó, pero sí tomó en consideración algunas cosas. En consecuencia, ya la tramitación es desde esta casa, ya no es en los ayuntamientos, con lo cual aligeramos a los ayuntamientos de tener que hacer este trabajo, se hará en esta casa. Yo espero que eso redunde en la rapidez y en la agilidad, porque hay que recordar que a día de hoy nadie ha cobrado el PEL del año pasado, los meses pasan, supongo que en algún caso le llegará la ayuda cuando ya haya tenido que cerrar el negocio, pero, bueno, la consecuencia de lo que hablaba antes, de la gestión, la rapidez, etcétera.

Entonces, en ese sentido agradecemos que hayan tomado en consideración aquella petición que hicimos, pero también advertimos de que habían quedado muchos negocios informados favorablemente y que no habían podido tener acceso a la ayuda por falta de crédito. Para ello pedimos que se habilitara una partida para que aquellos que estaban informados favorablemente pero que por falta de crédito no habían tenido acceso a la ayuda que se complementara esta ayuda, que yo creo que esto sería de interés.

Es más, a día de hoy nos enteramos de que hay un problema a mayores de esto, que empresas informadas favorablemente que finalmente no pueden cumplir por cualquier cuestión, ese dinero prácticamente lo va a perder este Ayuntamiento, que no van a entrar los que están en cola para cubrir esas demandas, con lo cual entendemos que esto también es un error. Y nos enteramos el día que vemos un *tweet* del presidente de la Diputación, que hay que agradecerle la postura que tuvo agradeciéndonos a todos los grupos la responsabilidad a la hora de apoyar el PEL, es de agradecerle esa postura, señor presidente, pero leyendo las bases el mismo día en el boletín vemos que los beneficiarios del año pasado no pueden acceder al PEL de este año.

Yo me pregunto, ¿qué ha cambiado del año pasado con respecto a este año?, ¿ha mejorado la situación tanto?, ¿se ha acabado la pandemia?, ¿se ha acabado la crisis? Yo creo que la respuesta a todo esto es que no. Yo creo que la gente que el

año pasado ha ido a una ayuda este año debería poder acceder también y los que quedaron informados favorablemente el año pasado y por falta de crédito no tienen acceso a esa ayuda habría que habilitar una partida específica para esto, no creo que sea tanto, creo que sí lo podemos hacer hablando con los ayuntamientos, y les pido que reflexionen y que con rapidez modifiquen las bases. Esto puede suponer como mucho un retraso de un mes, nada que ver con el retraso de 10 meses que lleva el cobro del PEL del año pasado.

Entonces, para ser muy breve: agilidad, importante; que haya una partida, que se haga el cálculo desde los servicios de la Diputación, que haya una partida para que los informados favorablemente el año pasado, que por falta de crédito quedaron fuera, puedan acceder a esa ayuda y que este año concurren todos en igualdad para poder tener esa ayuda y esperemos que el plan de vacunación siga adelante, que lleguen vacunas, que pronto estemos todos vacunados. Y recordar una cosa, recordar una cosa, que los hosteleros, Sr. García Seoane, no van a las ayudas para irse a Mallorca, ni a Canarias, ni para pasárselo bien, van por pura necesidad, para poder sobrevivir, para poder seguir adelante con su negocio, para poder seguir creando empleo y para seguir dándoles riqueza a todos los ciudadanos proveedores y a todo el ciclo económico que hay en torno a ellos.

En consecuencia, yo pido que se tenga en consideración esta moción. Nada más y muchas gracias.

Sr. Lema Suárez

Grazas. Un par de comentarios sobre o que se dixo a unhas cuestións da moción anterior. Dicía o Sr. Regueira, a quen sempre escoito con moita atención, que a débeda cero non era un mérito, na liquidación que aprobamos hoxe do orzamento temos unha débeda de menos 270, tampouco iso é un mérito, eu creo que os recursos públicos deben estar sempre na rúa e estou seguro de que o señor Regueira compartirá comigo este criterio.

E tamén sobre a chanza que facía o deputado Sr. Evaristo Ben sobre a posibilidade de que o señor Pardellas acabase dirixindo a Deputación, teña en conta que Mario Draghi é o presidente de Italia, co cal ao mellor o goberno dos técnicos pois non é unha posibilidade tan afastada. Entón, é unha chanza, pero ben, digo que ás veces son solucións que están sobre a mesa e que cando suceden en países próximos pois hai que telas en conta.

Sobre esta moción. Nós compartimos que o PEL é unha ferramenta necesaria, pero que necesita tamén as súas melloras. Comentamos aquí algunhas delas, eu penso que se efectivamente esa imposibilidade de volver ser beneficiario del unha vez que xa foi no ano anterior creo que habería que revisala, a verdade, sinceramente penso que tal vez non sexa moi xusta, e tamén entendemos que os colectivos, neste caso os hostaleiros aos que se lles obrigou a pechar, non discuto que a medida non fose necesaria, porque se se lles obrigou a pechar por parte das administracións, tamén é lóxico que as administracións lles compensen dalgún xeito. Estamos falando de que tamén a maioría está limitada esa subvención a Peme, que non estamos falando de grandes empresas, non é como o caso de Repsol, que falamos noutro momento. E entón eu, por suposto, estamos a favor de que se lles axude, de que se lles facilite ser beneficiarios da axuda, aínda que tamén o foran en anos anteriores,

porque foron tamén os grandes prexudicados dalgunhas das iniciativas, das normas e das regulacións que se estableceron a partir da covid.

Entendemos ademais que existe un voto de confianza pola nosa parte en que esta Deputación, a súa dirección, levará a cabo esta e outras revisións sobre o Plan de emprego local e, por tanto, manifestamos a nosa abstención neste punto.

Sr. Rioboo Castro

Moitas grazas. Fíxose mención á habilitación nacional que existe na Deputación provincial e nos propios concellos, dicirlles que é unha das partes máis importantes á hora de establecer acordos destas características, e o certo é que non nos temos máis que felicitar todos os que estamos hoxe aquí presentes neste Pleno da Corporación da Deputación provincial e aqueles que por diferentes motivos están ausentes, porque todos os que estamos hoxe aquí, incluso o persoal técnico e os propios habilitados nacionais, fomos quen de poñernos de acordo para sacar algo que era novidoso na Deputación provincial. Así que felicidades absolutamente a todos, independentemente da moción que nalgúns dos aspectos que vostedes nos presenten non poidamos compartir, pero por unha cuestión simplemente e precisamente técnica.

É precisamente pois a situación e ese consenso ao que tratamos de chegar dende a parte política e decisoria para que os funcionarios da Deputación provincial e os habilitados nacionais pois é aí nese consenso no que intentamos sacar as bases onde ás veces pois temos que, non transixir, senón recoñecer que moitas das achegas que se nos fan van en beneficio dunha proposta como a destas características.

Se nos cinguimos, logo, agradecer ao señor Lema ese apoio, imos dicilo “incondicional” porque, efectivamente, é a vontade deste equipo de goberno da Deputación provincial non quedar aquí nesta segunda convocatoria do PEL Reactiva, con estas características que son obxecto deste debate no día de hoxe con esta moción presentada polo Grupo Popular, porque efectivamente nos vemos nesa casuística, vémonos na casuística de que houbo moitas empresas da provincia da Coruña, concretamente un 48% aproximadamente das solicitudes foron quen de ser obxecto de subvención, polo tanto un 52% destas quedaron fóra, e volver abrir novamente a espita para que puideran presentarse todas podería provocar que aqueles que por diferentes circunstancias non tiveran a oportunidade de presentarse á primeira convocatoria, porque ao mellor lles faltaba unha coma na documentación que tiñan que presentar ou por outra circunstancia que todos coñecemos, pois puideran quedar fóra pola propia característica desta convocatoria.

E así se nos fixo saber por parte dos funcionarios, e así se nos fixo saber por parte dos habilitados nacionais, no sentido de que tiveramos moi en conta cales son as problemáticas que poden existir nese sentido.

E dicirlles que cremos que esta opción que temos agora con este PEL actual de abrírlles a posibilidade a todos aqueles que non tiveran a oportunidade de, insisto, por diferentes motivos, poder concorrer á anterior convocatoria, creo que é unha moi boa oportunidade para que poidan optar a unha axuda, que, como ben dixo o Sr. Ben, se lles negou por diferentes motivos.

Pero, insisto, non imos quedar, nin moito menos, aí porque, unha vez teñamos o balance de como os concellos foron dispoñendo dos seus fondos e dos fondos da Deputación provincial para atender a ese 52% das demandas que quedaron fóra, cando saibamos con que remanentes contamos en diferentes departamentos e neste propio de emprego, é cando imos, aproximadamente a finais de maio, dispoñer dunha nova axuda destas características e que abriremos, e así é como o temos planificado, a todo o tecido empresarial da provincia. É como temos planificado, porque pensamos que nas previsións que existen podería volver a haber un remanente importante para os concellos de menos de 50.000 habitantes, que tamén podería ser sumado aos concellos de máis de 50.000 habitantes que, como sabedes, neses 57 millóns de euros entre xeración de emprego e apoio ás diferentes empresas por diferentes plans, son os que destina a Deputación provincial para o emprego da comarca.

Nese sentido dicirvos que somos optimistas, que cremos que a achega que nos poidan facer os grupos pois tampouco vai ter unha mala intención, porque, se todos fomos quen de apoiar este Plan de emprego local en todas as súas acepcións, pois imos ser quen de ser tamén comprensivos con que a veces non poidamos compartir diferentes aspectos deste, pero que todo ten un sentido e que dende este grupo de Goberno e dende o propio persoal técnico somos conscientes de que hai que abrir esta e outras alternativas para que poidan volver concorrer absolutamente todos.

O de sectorizar neste momento, pois é evidente que estaremos todos de acordo, independentemente dos que presentaron a moción ou os que dalgún xeito non estamos ao 100% de acordo con ela, de que os sectores máis castigados son aos que vai dirixido este plan novo Reactiva: á hostalaría, ao sector do ocio nocturno, á restauración, ás axencias de viaxes, de autónomos que o están a pasar moi mal porque xa sabemos como está toda esta situación, e o que concretemos neses sectores pois a verdade porque son, e así o estudamos, os máis prexudicados.

Non podemos atender a moción presentada polo Grupo Popular porque temos unha folia de ruta que a curto prazo non é compatible coa proposta, pero asegúrolles que, independentemente de que esta saia adiante ou non, a nosa intención a medio prazo pois é que, unha vez teñamos todos os remanentes enriba da mesa, todos os cartos que dalgún xeito non se puideron repartir, pois facer un plan seguramente na liña que vostedes indican, ou en calquera outra liña que vostedes dende os diferentes grupos da Deputación provincial nos poidan formular.

E diríalle, Sr. Ben, que retirara esa moción e que nos dera un prazo dun mes para ir vendo como evolucionan as cousas, pero entendo que está no seu dereito e no seu deber de presentala, porque imaxino que será un sentimento que teñen vostedes no Grupo Popular, pero tamén atendan a esta vontade do grupo de Goberno de que atendemos todas as solicitudes que poidan existir e, ademais, co consenso de todos e co consenso tamén do persoal técnico e habilitados nacionais, que son en definitiva os que teñen que conformar estas bases.

E nada máis, moitas grazas.

Sr. García Seoane

Si, imos ver, o primeiro PEL que sacamos, como dixen antes xa en parte, foi dirixido a autónomos, á hostalaría, etc., era un campo moito máis amplo. A moción que presenta o Partido Popular en relación a un novo PEL que saca a Deputación, que vai dirixido a hostaleiros e turismo. Dos que se presentaron aquí en Oleiros no primeiro PEL o 40%, máis do 40%, das moitas peticións que houbo, eran realmente de hostalaría, e outra hostalaría quedou fóra porque as bases non lle permitía entrar niso, polo tema que eu en máis dunha ocasión denuncié e que se ía ter en conta, que non se tivo, aquelas empresas que teñen, que son empresas que teñen unhas cargas tremendas, non é o barucho que abre cun camareiro que se cabreou co dono e quedou un bar ao lado cerrado e abriu, non pagou a renda ao dono e aos seis meses cerra e levan algúns subvencións. Eu non me estou referindo a ese, pero si a outras persoas, xa digo, con empresas serias que hoxe quedaron fóra, iso foi totalmente marxinado.

Claro, eu comprendo que politicamente a algúns vos será moi rendible, de feito non hai máis que ver o que se fai nalgún concello, onde, incluso saltando as leis do Estado español, porque a competencia para distribuír estes diñeiros tíña a Xunta de Galicia, a Deputación tivo que pedirlle á Xunta de Galicia a autorización correspondente para este PEL que levamos adiante anteriormente, pero non teñen, un alcalde non ten competencias para repartir cartos como se fixo nesta comarca por algúns alcaldes sen criterio de ningún tipo, simplemente a ver quen é máis amigo ou menos amigo. Hai un teléfono por aquí, por moito que me importunedes vou seguir, estou sentindo un ruído que non me corta o que quero dicir.

Por tanto, neste momento este diñeiro que di o Partido Popular que se aumente as posibilidades de que os que xa cobraron volvan cobrar, eu véxoo totalmente un diñeiro que se vai tirar. Pero, claro, compréndoo porque o populismo, moitos critican a Ayuso. Ayuso, a campaña de Ayuso está baseada nas cervexas, imos tomar unha caña a Madrid, eu non oín outra cousa durante a campaña electoral, simplemente en Madrid pódense tomar cervexas porque o digo eu. É alarmante, é vergonzoso, é denigrante. Non se oíu unha soa proposta, simplemente, os bares claro son altofalantes, son uns sitios moi bos para defender a postura do alcalde de quenda ou do político de quenda, pero esa non é a miña postura, eu sempre fun un tío serio e aquí hai moitos bares pero impórtame pouco o que digan os bares e o que lles contan algúns aos dos bares, que o alcalde de Oleiros se opuxo. Opóñoome rotundamente a este segundo PEL, non da forma que se sacou, opóñoome rotundamente, e opóñoome rotundamente a esta proposta do Partido Popular que di que ademais *“a los que ya se les dio que se les vuelva a dar”*. Non, señor, hai moita xente que quedou na estacada e que ninguén se acorda dela, ninguén se acorda dela e en cambio o dos bares pois está de moda; xa digo, como Ayuso vai gañar a campaña, pois os demais din “non imos quedar atrás, non sexa que os dos bares, que son verdadeiros foros para divulgar simpatías, pois non nos fagan o labor”. É lamentable, pero, ben, a miña postura é non a esta moción, e non a este segundo plan da forma que se saca.

Sr. Ben Otero

Vamos a ver, primero, señor Rioboo, como siempre agradezco el tono, da gusto escucharle aunque no coincidamos en muchas cosas.

Vamos a ver, todo esto se hubiera substanciado de otra manera mucho más rápida, mucho más lógica, entiendo yo, y estaría ya resuelto por completo el primer PEL, el segundo PEL y demás, si la Diputación se hubiera sumado al Plan Reactiva que tiene la Xunta de Galicia, esto es una realidad, es una realidad. Y para eso le puede preguntar usted, señor Presidente, a su vicepresidente qué ha hecho el Concello de Carballo, que con inteligencia, al margen de otras cuestiones, ha dicho: “mira, el sistema de la Xunta es rápido es ágil, el dinero llega y yo lo que quiero es ayudar al hostelero y se acabó”, y se ha sumado, sin ningún problema. Aquí no lo hemos hecho y todos sabemos por qué, no lo hemos hecho porque, bueno, desde hace un tiempo a esta parte y lo que te rondará morena, hasta que a finales de año, pues habrá que ir dando pellizquitos de monja a la Xunta de Galicia para contentar a algunos en el Juego de Tronos particular en el que está sumido el Partido Socialista.

Esto es la realidad. En consecuencia, yo les pediría a ustedes que piensen un poquito al respecto de que se han equivocado, que deberían haber hecho esta aportación a la Xunta de Galicia, ya hubieran cobrado los distintos beneficiarios, de hecho ya se está cobrando las segundas ayudas en la Xunta de Galicia y aquí no ha llegado ni un duro del primer PEL.

Y ya por último le voy a hacer un comentario al señor García Seoane. Yo esto de tomarse una caña en Madrid, yo me he tomado alguna caña en Madrid, me he tomado alguna caña en Oleiros, lo que sí no voy a decir nunca es vente a tomar un mojito con los dictadores de Cuba. Nada más y muchas gracias.

Sr. García Seoane

Non sabes o que perdes.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 15 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: 1 deputado/a (Marea Atlántica).

Sr. Presidente

Seguiente moción presentada polo Grupo Provincial do BNG sobre o Plan sectorial eólico.

5.Moción do Grupo provincial do BNG plan sectorial eólico

A Xunta da Galicia leva 11 anos de mudanzas normativas que crean un marco legal abusivo, que favorece as empresas promotoras pasando por riba dos intereses das comunidades locais e da vecinanza. A tramitación levase a cabo cunha total e absoluta falta de transparencia e de participación. Unha situación agravada pola dificultade de acceder a documentación e para socializala debido as restricións de mobilidade e de reunión provocadas pola pandemia da COVID-19.

Un modelo que favorece ao grande oligopolio enerxético fronte os dereitos das

comunidades locais afectadas e o interese colectivo, outorgándolle ás empresas dereitos de usurpación das terras. Deixan nunha situación de indefensión ás persoas propietarias dos terreos, que non teñen outra alternativa que aceptar a proposta económica que lles fai a empresa adxudicataria ou enfrontarse a un expediente de expropiación. Este modelo supón ademáis un ataque a autonomía municipal e a capacidade dos concellos para planificar e ordenar os usos do territorio e o desenvolvemento económico.

Esta previsión de parques eólicos non se esta a levar a cabo tendo en conta as necesidades do país, os intereses das comunidades locais, a protección do territorio e o medio e a compatibilidade con actividades socioeconómicas propias da contorna. Pola contra, prevalecen os intereses de grandes grupos económicos que tenen unha visión puramente depredadora e extractivista dos recursos, do mesmo xeito que ocorre con outros sectores estratéxicos como o forestal ou o mineiro.

É polo que apostamos de maneira decidida polas enerxías renovábeis como a eólica, se ben entendemos que a enerxía debe ser considerada como un ben público galego, e os seus beneficios deben repercutir no conxunto do país e nos territorios onde se xera. Para iso defendemos a participación pública galega na planificación e desenvolvemento do sector enerxético en xeral e do eólico en particular.

ACORDOS:

1.-Instar á Xunta de Galicia a aprobar e desenvolver un novo Plan Sectorial Eólico para Galicia contando cos seguintes eixos:

- Participación dos axentes implicados política, sectorial e socialmente, co fin de garantir a máxima transparencia e consenso posíbel.
- Adecuación dos proxectos, en canto á súa localización e tamaño, ás características do territorio, en equilibrio coas figuras de protección existentes, sen condicionar ou limitar os usos e actividades xa existentes.
- Fomento de iniciativas como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo.

2.-Poñer a disposición dos concellos da provincia da Coruña os recursos do Servizo de Asesoría Xurídica para defender os intereses e a vontade destes ante a implantación de parques eólicos que se consideren abusivos ou prexudiciais pola veciñanza e corporacións.

Sra. Muíño Filgueira

A moción que se presenta realmente procede dunha emenda presentada no Pleno de xaneiro a unha moción que no seu día presentou o grupo da Marea. Consideramos que é unha cuestión que está de plena actualidade, vemos como mes a mes proliferan os proxectos eólicos no territorio e continuamos a ver como en relación a moitos destes proxectos xorden posicionamentos de elevada conflictividade alí nas comunidades onde se van situar.

O matiz na parte resolutiva que introducimos é a de centrarnos no instrumento no marco regulador que define como se desenvolve o Plan sectorial eólico de Galicia.

Consideramos que, atendendo á realidade daqueles proxectos eólicos que se presentan, que non estean a supoñer ningún tipo de conflitividade, que cumpran coa normativa e que, por tanto, naquelas comunidades e concellos nos que se sitúan, pois teñan boa acollida, pois a intención é non introducir ese matiz de paralización de todos os plans.

O que si que entendemos é que resulta urxente a revisión e aprobación dun novo plan sectorial eólico que realmente veña constituír un instrumento que garanta un axeitado equilibrio entre o que é o desenvolvemento da enerxía eólica como oportunidade, pero que tamén contemple o axeitado equilibrio e impacto nas contornas en todas aquelas actividades económicas, na vida das persoas e tamén, como non, en relación ao patrimonio e ao medio natural.

Vemos como o Plan sectorial eólico actual vén constituír un documento desfasado que non se axusta á realidade dos actuais parques eólicos, estamos falando do que é tanto o que veñen ser os muíños que neste momento teñen unhas dimensións enormes, falamos de alturas de 200 m, de pas de 75; que a construción destes propios eólicos ten un elevado impacto nos territorios, afectando dende traídas de augas, acuíferos; vemos como se están situando estes parques pretísimo de lugares cun elevado valor patrimonial, que é o que está levando a que diferentes entidades mesmo como propietarios e mesmo concellos se están poñendo á contra deste parques.

Por outro lado, neste sentido e nunha situación industrial como a que estamos a ver, vemos como si se levaron a cabo diferentes modificacións da normativa para facilitar esta expansión eólica, pois sen dúbida ningunha favorecendo as grandes empresas que fan explotación das boas condicións do territorio galego para esta enerxía, vemos como estamos encamiñados novamente a ser excedentarios na produción de enerxía, e vemos tamén como o plan actual en ningún momento contempla este adecuado equilibrio ou retorno; nin en termos de emprego, resulta realmente sorprendente ver como imos encamiñados a ser potencia mundial na produción de enerxía eólica e, non obstante, a produción de compoñentes, a industria vinculada a este sector realmente desaparece no territorio; lamentablemente co recente peche de Gamesa nas Somozas, nunha comarca como é a da que eu procedo, Ferrolterra, pois que bastante, nunha situación completamente dramática a nivel industrial.

O que pedimos é que, de xeito urxente, se aprobe e se desenvolva un novo Plan sectorial eólico que realmente responda aos intereses do país e que garde ese equilibrio entre a potencialidade e o retorno. Que se contemple con toda a participación de axentes implicados, política, sectorial e socialmente, co fin de garantir a máxima transparencia e consenso posible, situación que a día de hoxe podemos ver que nunha gran parte dos casos non se está a dar, mesmo vendo como onde primeiro se programaba un só parque, froito dese fraccionamento de proxectos, logo podemos falar de máis, polo tanto, a situación inicial contemplada polos concellos non se corresponde logo coa realidade.

A adecuación dos proxectos en canto á súa localización e tamaño. Non pode ser que este desenvolvemento contribúa a destruír o noso patrimonio, a impactar negativamente no noso medio natural e moito menos a interferir e danar outras actividades económicas de importante relevancia no territorio, como pode ser a

explotación gandeira ou mesmo o turismo.

E, como non, introducir aquelas outras medidas que contribúan a un axeitado retorno no que aquelas empresas concesionarias teñan que asumir compromisos en relación co emprego e cun retorno real na economía do país que realmente faga que nos afaste dese camiño pois de espolio e explotación dos nosos recursos que deriva en que realmente os beneficios van cara a fóra e aquí o que nos queda moitas veces é realmente padecer as consecuencias e o impacto industrial.

Falamos de economía circular e, neste caso, eu creo que estamos falando de negocio redondo para as empresas e escaso beneficio para os galegos e galegas. É por iso que instamos a esa modificación urxente dese plan sectorial contemplando todos os aspectos que se solicitan na presente moción.

Sr. Lema Suárez

Nós presentamos unha emenda a esta moción que solicita a paralización da implantación de novos parques eólicos en canto non se desenvolva este plan sectorial que está recollido no primeiro punto. Non sei se vai ser ou non aceptada.

Sra. Muíño Filgueira

Ben, en relación a esa matización que se introduciu ao primeiro, entendemos que xa no seu momento se presentou a parte resolutiva desta moción como emenda á vosa, xustamente atendendo a ese matiz de non abranguer a totalidade dos parques, entendendo que hai proxectos que se contemplan como viables e de interese nalgúns puntos do territorio, pero si que nese sentido pois mantemos a parte resolutiva da nosa moción e non aceptamos esa parte da emenda.

Sr. Lema Suárez

Perdón, presidente, quería defender a proposta de emenda. Graciñas.

Se me permite, vou ler, facer lectura dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 24 de abril do 2019, referente a un parque eólico que se pretendía instalar no Iribio. A sentenza está en español, non tiven oportunidade de traducila, entón vouna ler literalmente, é unha sentenza do 14 de abril de 2019, páxina 11: “Siendo Galicia una comunidad pionera en el aprovechamiento eléctrico de la energía eólica, sigue existiendo un gran vacío legal en materia ambiental en la que se amparan las empresas energéticas para llevar adelante sus proyectos y la Administración competente en energía tendió a una interpretación tremendamente productivista, asumiendo sin problemas que el incremento de potencia y la producción eólica eran netamente positivas en términos ambientales, al margen del modo en cómo se posibilitase dicho incremento”. Noutro parágrafo di: “La sociedad no tiene canales para la participación en el desarrollo de las renovables, quedando relegados un papel pasivo, de afectados frente a un papel activo de agresores y beneficiarios de las empresas o Administración”. E por último, unha frase recollida nun dos últimos parágrafos di: “El impulso a la energía eólica ha de planificarse evitando toda posible interferencia para la ampliación de la Rede Natura”.

Ben, cando os poderes lexislativo e executivo non cumpren a súa función, o

que lles resta á cidadanía agredida, como comenta nesta moción o xuíz do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, é a apelación ao ámbito xurídico, aínda menos mal que existe ese terceiro ámbito de apelación dunha vez que o ámbito político, o lexislativo e o executivo non cumpren co seu primeiro mandato, que debera ser a protección do territorio e a protección das persoas, a protección dos intereses das persoas que nel habitan. Xa sei que isto se dirá que despois se valida ou non se valida nunhas eleccións, eu desde logo non é o único criterio que considero que se deba ter en conta.

Entón, o que non facilita o contido da moción presentada é que se paralicen aqueles proxectos de instalación de novos parques eólicos que están sendo freados no ámbito xudicial. E dígoo porque as probas, estou falando dunha sentenza de 2019 sobre O Iribio, pero é que hai unha sentenza de 2020 que atinxe a instalación do parque na zona de Mazaricos e hai outra, que tamén está en curso e que se prevé un fallo semellante a estes respecto da instalación dun parque eólico, pensemos que hai aereoxeradores de 200 metros de altura, nada menos que en Pena Trevinca. Esta é a situación que estamos tendo agora, estamos vivindo unha auténtica proliferación. Está claro que o sector enerxético está completamente descontrolado e hai falta de planificación pública; estamos asistindo por un lado a un peche sen transición das enerxías que proveñen, que proviñan das térmicas e que proviñan de combustibles fósiles, e ao mesmo tempo parece como unha especie de ánimo compensatorio pero sen ningún tipo de regulación, a unha proliferación absolutamente incontrolada de parques eólicos. Por non citar, por exemplo, os xa coñecidos e clásicos de portas xiratorias de persoas que tiñan cargos na Xunta de Galicia en áreas destinadas precisamente a protección do territorio, na Consellería de Medio Ambiente, que despois acaban formando parte de consellos de administración de empresas vinculadas precisamente á especulación e á explotación do territorio.

Entón está claro que eu creo que non imos votar desde logo en contra desta moción pero é insuficiente. Estamos ante unha situación na que, cando chegue a facerse eficaz, cousa que ademais é difícil que aconteza, porque esta moción ten un valor declarativo, unicamente político, non é menor, porque a Deputación da Coruña pois ten un importante rol político, aínda que só sexa declarativo, pero correspóndelle á Xunta de Galicia e ao Parlamento dotar outro tipo de medidas e protección do territorio e que ten a maioría que o cualifica para non facelo.

Entón, eu creo que neste contexto o que había é que ampliar, desde logo, a denuncia sobre o que está acontecendo, que é moi grave. Entón está sendo unicamente o ámbito xurídico o que agora mesmo onde está depositada a capacidade que teñen as persoas e tamén os afectados para frear esta proliferación abusiva de parques eólicos. Xa comentou tamén a compañeira María Muíño non só que sexan moi pouco intensivos en man de obra, senón que ademais, por suposto, as industrias auxiliares relacionadas con estas acaban de deslocalizarse a Portugal, procurando rebaixar os custos salariais. Estamos ante todo un esquema extractivista e absolutamente con pouquísimo retorno para o país. O canon eólico, dun 5% é simplemente simbólico, se temos en conta a xeración de recursos enorme que acaba producindo este tipo de parques, que se amortizan desde logo en moi breve prazo e que, ademais, como dixemos, basicamente, non están obedecendo a uns criterios de ordenación que respecten o territorio e que ademais incidan nun beneficio directo para as comunidades onde se asentán. Sabemos todos que a vía da expropiación realmente non compensa en absoluto, non é simétrica nin é xusta en relación cos

beneficios que despois se van quitar dos parques que aí se instalen.

Polo tanto, insistimos en que é urxente non só ordenar, senón frear a invasión que estamos padecendo de parques eólicos e, en todo caso, finalmente, tampouco podemos votar en contra da moción que se presenta aínda que, insisto, que cando entrase en vigor pois xa non quedará moito máis onde facer un parque eólico no noso país.

Nada máis e grazas.

Sr. García Piñeiro

Ola, bos días a todos e a todas.

Nada, comezar manifestando o noso apoio e aposta polas enerxías verdes e renovables, pero tamén dicir que esa aposta non pode ser a calquera prezo nin de calquera maneira, e moito menos como está acontecendo, sen contar coa opinión e a participación dos sectores que están afectados por estes parques eólicos. Porque semella que en moitas ocasións a actual construción de parques e megaparques que se están construíndo obedecen máis a motivos especulativos. E dicíase aquí ademais que hai unha modificación da normativa que permite moitas veces cambiar as estruturas e os deseños deses parques.

Como dicía antes, por exemplo, non se conta coa opinión dos concellos, o que representa un ataque importante a estes porque impiden que eles poidan ter unha planificación ordenada do seu propio territorio. E pódese ver nestes días nos medios de comunicación como existen infinidade de protestas en diversos concellos da nosa provincia, Curtis, Negreira, no Concello de Zas, ou na Baña, e veciñanza que está tamén manifestándose e protestando contra esa proliferación, contra esa construción de parques.

Ademais, despois de todo isto, pois tamén existe unha falta de transparencia na xestión de todo o plan eólico, e a creación dalgúns dos parques está a xerar innumerables protestas, como xa dixeran, por parte dos veciños pero tamén por propietarios de terreos afectados e incluso por distintas actividades ou sectores económicos que se están vendo prexudicados coa construción dos parques. Por poñer un exemplo, hai uns días denunciábase por parte de Unións Agrarias que moitas localizacións destes parques están a afectar a zonas agrarias e prexudicando a moitos gandeiros porque se está limitando normalmente as súas explotacións e incluso cara ao futuro onde poder ampliar, e tendo en conta como está actualmente xa o agro galego e o interior de moitos concellos, pois isto tamén está limitando precisamente a economía dos propios concellos.

É necesario aprobar e desenvolver un novo plan eólico en Galicia, dicíao a compañeira do BNG, a compañeira María Muíño, e crear un plan que conte co consenso maioritario de todos os sectores afectados, dos grupos políticos e dos sectores económicos e produtivos. Ademais, hai unha necesidade de que este plan conte cunha planificación e ordenación adecuada ás necesidades reais respectando loxicamente, como debe ser e como non está acontecendo nalgúns casos, pois respectando a protección ambiental e patrimonial e, sobre todo, como xa dixeran, os sectores económicos.

Sr. Rodríguez Martínez

Ben, bo día a todos.

Nós non podemos apoiar esta moción, e tentarei coa maior brevidade posible darlles razón aos grupos propoñentes de por que non o imos facer. Si compartimos, evidentemente, o Goberno galego tamén comparte, a importancia estratéxica deste sector, do sector eólico, por un lado como fonte de enerxía limpa e barata e, por outro lado, como oportunidade para crear emprego e riqueza na Galicia do presente e tamén, por suposto, na Galicia do futuro.

Non podemos apoiar esta moción porque nós pensamos que o modelo que está a impulsar a Xunta de Galicia está a funcionar, é o modelo que responde ás propias demandas expostas na moción, toda vez que é un modelo que avoga por favorecer o impulso do sector eólico sempre que sexa compatible co resto de actividades económicas, neste caso principalmente vinculadas ao sector primario e forestal, conte co máximo consenso con todas as partes implicadas, e en particular cos propietarios particulares e comunidades de montes onde se instalan os parques eólicos e tamén con respecto aos acordos que poidan alcanzar entre promotores e propietarios. E, por último, que garantan obviamente a compatibilidade da produción de enerxía eólica coa protección e sustentabilidade do medio ambiente.

Este ademais é un modelo que está a acreditar a súa idoneidade, Galicia está por riba da media estatal e europea en termos de produción e consumo de renovables. Segundo os datos do sector facilitados pola Asociación Eólica de Galicia, a produción eólica galega representa uns 7.022 postos de traballo asociados directa ou indirectamente; o 0,9 do produto interior bruto de Galicia; 11 millóns de euros en concepto de alugueiros aos propietarios; o 50% da cobertura da demanda eléctrica de Galicia; aporta unha balanza fiscal de 118 millóns de euros, máis da metade aboados directamente á Xunta e concellos; e, o que tamén é importante, un aforro de 255,7 millóns en importación de combustible fósil e un aforro de 5,4 millóns de toneladas en emisións de CO₂.

Somos, polo tanto, a terceira comunidade autónoma con máis potencia eólica instalada e debemos de seguir avanzando nesa liña. Na actualidade están en funcionamento 180 parques, que suman unha potencia instalada de 3.800 megavatios coa previsión de desenvolver ata o ano 2030 uns 450 megavatios máis ao ano. Incluso en pleno ano 2020, co que de dificultade supuxo, aumentou a produción e conseguiuase a posta en marcha de 18 proxectos que se traduciu nun investimento de máis de 500 millóns e a creación de 2.400 empregos vinculados, vencellados a esa construción.

Todo isto, non obstante, non se corresponde ou non podemos admitilo respecto das acusacións vertidas na moción sobre que este desenvolvemento desta importancia se está a levar a cabo con falta de transparencia, con prexuízo a outros sectores e mesmo ás propias necesidades de Galicia.

Lembrar primeiro, o máis evidente, que este é un modelo que se está a desenvolver de acordo non só co marco regulador normativo autonómico, pero tamén conforme á lexislación, co marco normativo a nivel estatal, tanto o actualmente vixente

como o que está en tramitación: Plan nacional integrado, proxecto de lei de cambio climático e Estratexia de transición xusta, que segundo o propio Goberno do Estado garanten que España conte cun marco estratéxico estable e certo para a descarbonización da súa economía.

Non é certo que se estean a favorecer os intereses dos promotores por riba das entidades locais ou a veciñanza, e non podemos admitir que se estea a desenvolver a costa da depredación do noso patrimonio natural tal e como literalmente reflicte a moción. Son moitas as ocasións en que dende a oposición ao Goberno da Xunta se alarma sobre unha determinada forma de facer as cousas que logo queda en titulares. Isto non desmerece o exemplo que vén de poñer o noso compañeiro, o señor Lema. Evidentemente, sentenzas, e para iso estamos obviamente nun Estado democrático para que, cando se pretende ou se estima que se vén de vulnerar algún dereito, pois se poida acudir aos tribunais, isto é algo que dende o Partido Popular consideramos normal e ademais respectamos profundamente e acatamos todas as sentenzas, incluso as que ás veces non son favorables aos propios intereses, neste caso do Goberno da Xunta. Esperamos que isto que é algo tan evidente, pois ás veces non parece que sexa algo tan fácil de asumir por todos e por todos os axentes que intervimos no día a día na política.

Pero en calquera caso esa sentenza, sobre a que eu non vou entrar porque non coñezo o caso concreto, pero si que teño coñecemento do substancial, que se trataba, ben, pois do que era unha variación dun proxecto que non saíu adiante porque se considerou que ese proxecto aínda non estaba en execución o que se pretendía modificar. O cal tampouco, é dicir, tampouco podemos facer *causa belli* dunha sentenza cando vemos cal é a dimensión do sector actualmente.

Pero, en todo caso, si que están excluídos da implantación de novos aereoxeradores, e xa conclúo, aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección, que ademais xa dende hai 7 anos, é dicir, dende abril de 2014, está prohibida a instalación e restrinxida a repotenciación neses parques eólicos que pertencen a ese espazo da Rede Natura e que calquera proxecto ten que vir acompañado dun estudo de cara á variación do impacto ambiental, un estudo de sinerxía respecto doutros parques, e que inclúe ademais todas as instalacións que están incluídas para o desenvolvemento do mesmo.

Tamén é certo que a lexislación actual permite que tanto concellos como comunidades poñan en marcha un parque eólico, e, polo tanto, non están excluídos deste sector, e tamén existen mecanismos de información ambiental para que calquera das partes afectadas pola implantación dun parque poida presentarse na tramitación administrativa e mesmo esperamos que sen ter que recorrer ao amparo dos tribunais.

Polo tanto, conclúo xa, simplemente poñendo en valor que, segundo os propios sectores, estes non son datos da Xunta, nos próximos cinco anos o desenvolvemento que está previsto pode dar emprego a 5.000 galegos e galegas. Polo tanto, imos seguir desenvolvendo este modelo, este modelo está a funcionar, evidentemente pois con todas as precaucións e con todas as garantías que xa prevé a lexislación, intentando evidentemente que se cumpran, como é o habitual, pese a que poida haber, como trouxo xa a este Pleno o señor Lema, pois algunha sentenza que evidentemente, se ten que dicir que esas garantías teñen que verse amparadas

xudicialmente pois aí, evidentemente xa o digo, e oxalá todos puideran dicir coa boca ben grande, como di o Partido Popular, pois nós ímolo acatar e respaldar.

Máis nada e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Simplemente introducir algúns matices a esta cuestión. Parece que esa excelencia no desenvolvemento da planificación de produción de enerxía eólica no país, que acaba de relatar o compañeiro Sr. Roberto Rodríguez, fai cando menos que preguntarse, entón, de onde proceden, ou negar a obxectividade de todos eses movementos por parte de entidades, por parte de veciños, mesmo por parte de alcaldes e alcaldesas, que realmente detectan o elevadísimo impacto das localizacións que se deciden para estes parques eólicos. Colocar parques eólicos cerca de mámoas, petróglifos, parques eólicos que afectan a traídas de auga veciñais, que inciden negativamente no desenvolvemento da actividade de explotacións gandeiras, que tamén son unha parte importante da economía galega e que, ademais, pois que debemos de protexer especialmente pola súa importancia, tanto económica, como de mantemento do noso territorio.

Esa boa valoración non me cabe dúbida que por parte do sector da oportunidade e dos beneficios obtidos eu non o vou discutir. A cuestión é que nun proxecto catalogado como de exemplar e exitoso en termos de emprego, eu non dubido que no momento de construír estes parques eólicos se arrastre emprego para a súa construción, pero evidentemente os parques eólicos constrúense unha vez e, unha vez rematada a súa construción, todo ese emprego deixa de estar vinculado.

Para o mantemento dos parques eólicos pois o emprego real que se crea é baixísimo, e unha mostra de que necesitamos realmente analizar o modelo sería que, e unha mostra do fracaso é que realmente a día de hoxe en Galicia non quede ningunha industria que realmente vaia fabricar compoñentes para a instalación destes parques.

Por outro lado, e falando de enerxía barata, estamos falando de converternos en toda unha potencia exportadora de enerxía con cero retorno de beneficios para os galegos e galegas, con ausencia de ningunha bonificación e, dende logo, para os usuarios da luz, esa enerxía barata dende logo non é o que se percibe. Nese sentido, nós mantemos que resulta urxente unha reflexión e unha actualización deste Plan sectorial eólico, unha modificación que realmente contemple o beneficio de todos e todas, e que realmente o relato se deixe de construír dende o beneficio das empresas explotadoras obviando en todo momento os prexuízos, as limitacións e as eivas que constitúe para o territorio. Difícil de explicar, por outro lado, nunha comarca como a miña que, se é un modelo tan beneficioso, onde queda a fabricación de compoñentes e onde está o liderado da Xunta de Galicia á hora de actuar dende as súas competencias, que nada llo impide, pois para vincular a explotación coa fabricación de compoñentes e o desenvolvemento industrial asociado ao potencial eólico.

Sr. García Piñeiro

Moi rápido e ademais porque me vexo na obriga de dicilo. Eu dicíao ao principio, nós non estamos en contra deste tipo de enerxía, pero o que si estamos en

contra de que se actúe en moitos concellos como se está actuando. O compañeiro Sr. Roberto Rodríguez, do Partido Popular, vende todas as actuacións e este plan como un gran logro e un gran éxito, pero a realidade dinos que tampouco é así, e eu véxome na obrigaón de dicilo ademais porque no meu partido xudicial, aquí ao lado do meu concello, vemos como os veciños da Baña están protestando contra o proxecto de parque que se quere construír alí, pero non só os veciños, senón todos os partidos políticos, incluído o Partido Popular, aprobaron nun Pleno, de maneira unánime, pois que se atendan as demandas do propio Concello e dos propios veciños, 900 alegacións se presentaron. E vense abandonados, ven que o que prima é o interese da empresa sobre as súas reclamacións. E o mesmo que está pasando na Baña pois está acontecendo en Outes e está acontecendo tamén en Negreira e está acontecendo en Mazaricos e en moitos sitios de Galicia e da provincia.

Co cal, é bo reformularse moitas veces o plan e os propios proxectos e ir un pouco máis da man das administracións, que algo teremos que dicir os concellos tamén e algo teñen que dicir os veciños e as persoas afectadas polo plan eólico, co cal igual é bo reformularse, como dicía, isto e ver de facer un novo plan.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: 1 deputado/a (Marea Atlántica).

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños, o voto en contra do PP e a abstención de Marea Atlántica, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo provincial do BNG plan sectorial eólico

A Xunta da Galicia leva 11 anos de mudanzas normativas que crean un marco legal abusivo, que favorece as empresas promotoras pasando por riba dos intereses das comunidades locais e da vecinanza. A tramitación levase a cabo cunha total e absoluta falta de transparencia e de participación. Unha situación agravada pola dificultade de acceder a documentación e para socializala debido as restricións de mobilidade e de reunión provocadas pola pandemia da COVID-19.

Un modelo que favorece ao grande oligopolio enerxético fronte os dereitos das comunidades locais afectadas e o interese colectivo, outorgándolle ás empresas dereitos de usurpación das terras. Deixan nunha situación de indefensión ás persoas propietarias dos terreos, que non teñen outra alternativa que aceptar a proposta económica que lles fai a empresa adxudicataria ou enfrontarse a un expediente de expropiación. Este modelo supón ademais un ataque a autonomía municipal e a capacidade dos concellos para planificar e ordenar os usos do territorio e o desenvolvemento económico.

Esta previsión de parques eólicos non se esta a levar a cabo tendo en conta as necesidades do país, os intereses das comunidades locais, a protección do territorio e o medio e a compatibilidade con actividades socioeconómicas propias da contorna. Pola contra, prevalecen os intereses de grandes grupos económicos que tenen unha

visión puramente depredadora e extractivista dos recursos, do mesmo xeito que ocorre con outros sectores estratéxicos como o forestal ou o mineiro.

É polo que apostamos de maneira decidida polas enerxías renovábeis como a eólica, se ben entendemos que a enerxía debe ser considerada como un ben público galego, e os seus beneficios deben repercutir no conxunto do país e nos territorios onde se xera. Para iso defendemos a participación pública galega na planificación e desenvolvemento do sector enerxético en xeral e do eólico en particular.

ACORDOS:

1.-Instar á Xunta de Galicia a aprobar e desenvolver un novo Plan Sectorial Eólico para Galicia contando cos seguintes eixos:

- Participación dos axentes implicados política, sectorial e socialmente, co fin de garantir a máxima transparencia e consenso posíbel.
- Adecuación dos proxectos, en canto á súa localización e tamaño, ás características do territorio, en equilibrio coas figuras de protección existentes, sen condicionar ou limitar os usos e actividades xa existentes.
- Fomento de iniciativas como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo.

2.-Poñer a disposición dos concellos da provincia da Coruña os recursos do Servizo de Asesoría Xurídica para defender os intereses e a vontade destes ante a implantación de parques eólicos que se consideren abusivos ou prexudiciais pola veciñanza e corporacións."

Sr. Presidente

Seguente moción, que presenta o Grupo Provincial do PSdG, sobre o peche do Centro de Operacións de Redes de Naturgy na Coruña.

6.Moción que presenta o grupo provincial PSdeG-PSOE sobre o peche do Centro de Operacións de Redes de Naturgy en A CORUÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos a empresa Naturgy, propietaria da desaparecida Unión Fenosa, trasladou parte dos servizos que prestaba desde A Coruña a outras localizacións fóra de Galicia. Asemade, a empresa pechou tamén, no ano 2018, un referente para a educación e a cultura na cidade de A Coruña, o Museo de Arte Contemporáneo.

O pasado 2 de febreiro a dirección da empresa comunicou aos traballadores e ás traballadoras o peche do Centro de Operacións de Redes, situado na Avenida de Arteixo, centro que tamén ten previsto trasladar a outra localización fóra de Galicia.

Os traballadores da empresa, a través dos seus representantes, consideran que dito traslado suporía un duro revés laboral para os 28 empregados do servizo, e suporía tamén unha diminución na calidade do citado servizo empeorando, previsiblemente, os tempos nas resolucións de avarías, ao prestárense desde outros lugares sen ter un

mínimo coñecemento do territorio e polo tanto sen ter en conta as condicións e características do sistema eléctrico galego ao que actualmente dan cobertura.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Defender a necesidade de manter o Centro de Operacións de Redes de Naturgy na Coruña, para garantir un servizo nas mellores condicións, xa que o contrario podería supor unha eiva nos servizos que se prestan para a resolución de avarías en Galicia.
2. Trasladar o seu respaldo ás traballadoras e aos traballadores así como sumarse ás demandas de mantemento das súas condicións laborais rexeitando o seu traslado deste centro a outras localizacións.
3. Solicitar á Xunta de Galicia, administración con competencias no ámbito da Industria, que leve a cabo todas as accións necesarias para garantir o mantemento do Centro de Operacións de Redes de Naturgy na Coruña.

Sr. Lage Tuñas

Bo día a todos e a todas.

Ben, estamos diante dun asunto que non é novo, pero non é novo porque por desgraza a forma de operar dalgunhas empresas, como neste caso da antiga Unión Fenosa, agora coñecida como Naturgy, ten consecuencias negativas para o noso país e non por iso imos deixar de dicilo nin a pelexar, evidentemente, neste caso por un centro que é relevante, non é só relevante para a provincia da Coruña, e moito menos é relevante para onde está situado, que tamén, que é na cidade da Coruña, senón que é algo que debería de suscitar a preocupación de todos os concellos galegos, non só dos da nosa provincia.

Quero recordar que nos últimos anos a empresa Naturgy trasladou xa parte dos seus servizos que prestaba dende A Coruña a outras localizacións fóra de Galicia. De forma singular e moi simbólica no ano 2018 perdemos un referente para a educación e para a cultura na cidade como foi o Museo de Arte Contemporánea. A comunidade autónoma, a través do Goberno galego, dixo no seu momento que ía facer as xestións oportunas, pero tres anos despois o que se ve é que o Goberno que preside Alberto Núñez Feijóo, con moita pompa, non fixo absolutamente nada nesta dirección, co cal o que hai é unha perda, un valor cualitativo que perdemos nun ámbito que non é menor, como é o ámbito cultural.

Cabe recordar que o pasado 2 de febreiro a dirección da empresa, da empresa Naturgy, comunicoulles aos traballadores e traballadoras o peche do Centro de Operacións de Redes e a previsión tamén de trasladar a este persoal fóra de Galicia, concretamente a Madrid. Os traballadores da empresa, a través dos diferentes representantes do comité, entendían, e eu creo que é fácil de compartir, e o Partido Socialista é sensible e este grupo provincial, como grupo institucional, éo, é sensible a esta problemática, e non só se solidariza, senón que suscita a petición de apoio a todos os grupos para situarnos diante dun escenario que ten dúas vertentes como

mínimo: unha, que afecta ao plano laboral, e concretamente a 28 empregados; loxicamente estamos a falar dun marco de relacións laborais que ninguén pode dicir que Naturgy non teña a capacidade de recolocar en Galicia, tendo en conta a explotación de recursos naturais que temos e tendo en conta o negocio que ten Naturgy en Galicia, que teña que, digamos, mobilizar, desprazar, que faga que estas persoas se teñan que ir, esa é unha das vertentes. Pero despois hai outra vertente que é moito máis relevante, sendo moi relevante a do ámbito laboral, e é nin máis nin menos o que suporá o traslado deste centro, é dicir, o Centro de Operacións de Redes de Naturgy é relevante para todos os concellos galegos, ese traslado vai supoñer unha diminución da calidade do servizo do que estamos a falar, empeorando claramente. Empeorando en que? pois empeorando no tempo no que se resolven as avarías, sen máis.

Pero parece que estiveramos falando de algo menor, estamos a falar de enerxía eléctrica, estamos a falar da prestación dun servizo e do que calquera Concello, canto máis pequeno e con maior dispersión, seguramente teña maiores dificultades.

O que vemos é que é un asunto onde non se está poñendo o foco, que quen ten a competencia, neste caso como é a comunidade autónoma, a Xunta de Galicia, límitase a suxerir ao Comité de Empresa que chegue a un acordo entre empresa e traballadores como se fose unha mediación, que iso creo que o pode facer perfectamente o Consello Galego de Relacións Laborais, e como se o problema non fose un problema moito máis de fondo.

Seguramente hai moitos debates, moitos temas de interese e moitas mocións que a todos nos suscitan un gran apaixonamento defendéndoas. Isto non se trata só de poñerlle apaixonamento, trátase de ser conscientes do que vai supoñer.

Cando se falaba do sistema financeiro galego, había consciencia do que supoñía, cando se fala da desindustrialización, da deslocalización e dos paus que estamos a recibir os últimos anos nun país como o noso, onde xa temos un sector industrial bastante minguado, é dicir, onde temos dificultades importantes nese ámbito, neste caso é unha agresión máis, e eu creo que hai que chamarlle como tal, hai unha agresión máis, pero dende o plano institucional e dende as administracións, e dende o plano de quen é elixido e de quen son elixidos para defender os intereses dos galegos e das galegas, tamén nos corresponde ás organizacións e aos representantes institucionais dicir algo.

E por iso sometemos a consideración deste Pleno, a votación, esta moción na que falamos de defender a necesidade de manter o Centro de Operación de Redes de Naturgy cun obxectivo, que é garantir un servizo nas mellores condicións, xa que o contrario vai poder, case con toda seguridade, supoñer unha eiva neses servizos que se prestan para a resolución de avarías en toda Galicia; manifestar un respaldo claro e rotundo ás traballadoras e traballadores, entre outras cousas porque diminúe as condicións laborais e ademais supón un traslado cunha deslocalización; e en terceiro lugar, o que é tan relevante como todo o comentado con anterioridade: solicitarlle á Xunta de Galicia, a Administración con competencias no ámbito da industria, que leve a cabo todas as accións necesarias para garantir o mantemento do Centro de Operacións de Redes de Naturgy na Coruña.

Podíamos deixalo aí, pero eu non quero deixar de dicir que a actitude da empresa é unha actitude prepotente, que é unha actitude de asoballamento e de desprezo, e que desde logo a empresa pode actuar dentro, se estivésemos falando dun libre mercado, pois pode actuar de moitas maneiras, estamos a falar de que se afecta a sectores que están regulados, e segundo, que a comunidade autónoma, e o Goberno galego concretamente, ten negocios conxuntos con Naturgy, e non estou falando de nada raro, estou falando de cuestións de carácter legal. É dicir, sen ir máis lonxe, a escasos quilómetros de onde está a sede da institución provincial, hai unha sociedade que se chama Sociedade Galega de Medio Ambiente onde se comparte á metade os gastos pero tamén os beneficios; é dicir, Naturgy e a Xunta de Galicia teñen actividades conxuntas e, polo tanto, ao Goberno galego non lle ten que supoñer moito problema, se houberse alguén que tivera un mínimo de conciencia de país, é dicir, se en San Caetano houberse alguén que, á parte de ir aos faladoiros e opinar de todo, menos do que son as súas competencias, e operar e actuar, desde logo outro galo cantaría.

Non creo que ninguén se imaxine que puidera pasar isto en Bilbao, ou puidera pasar isto en Hospitalet, e que o Goberno da comunidade autónoma, tendo competencias, o único que se lle ocorrera dicir aos traballadores e ás traballadoras afectadas é que a ver se chegaban a un acordo coa empresa para sacar as mellores condicións posibles. É dicir, o que lle afecta a este país, cunha dispersión de poboación brutal, con concellos de menos de 10.000 habitantes con dificultades serias, e despois de que con cartos públicos se tiveran feito en Galicia, que eu recorde, que seguramente ao mellor me esqueza de cousas, o Plan Parga, o Plan Mega e todos os plans de electrificación, meténdolle cartos a unha empresa que é unha empresa ademais sistémica, porque para Galicia estamos a falar dunha empresa que é sistémica en termos de enerxía e de prestación do servizo de electricidade. Sen máis, séguense explotando recursos en Galicia, e agora falarannos do hidróxeno, moi importante, da eólica mariña, de que Naturgy ten moitos proxectos para Galicia, pero o que sabemos, que é que o que temos nolo quitan, e que o Goberno galego permanece pasivo, pasivo porque, se alguén fora consciente disto, máis alá de calquera cor política, isto non vai de caneo curto, non vai de meterlle o dedo no ollo a ninguén, isto vai de ter conciencia de país ou non tela. E, se hai que non coincidir cos que sexan da mesma cor política, pois non pasa absolutamente nada. O que é absolutamente escandaloso é a indiferenza que está causando un asunto coma este.

E, ben, pedir loxicamente o apoio de todos os deputados e deputadas, porque entendo que ninguén pode defender a pasividade e, desde logo, creo que é moi difícil votar en contra dunha posición como a que se somete hoxe aquí a consideración do Pleno da Corporación provincial, onde non facemos nin máis nin menos que defender os intereses deste país.

Nada máis.

Sr. Lema Suárez

Nós imos apoiar, por suposto, esta moción. Facer un pouquiño de historia tamén está ben e creo que analizar as cousas desde o presente ás veces tamén é un xeito de non poñer de relevo as responsabilidades e de onde veñen as cousas, de por que estamos como estamos. Entón se facemos un pequeno exercicio da historia

industrial do país e da historia tamén de Fenosa, que é o que agora se chama Naturgy, e que mañá acabará probablemente en mans dun fondo de investimentos australiano, unha operación ante a cal se inhibe, vaise inhibir a ministra de Industria, Reyes Maroto, apelando, dicindo no seu momento que había un conflito de intereses por razón do seu marido, que forma parte do Consello de Administración, creo, ou outro tipo de cargo relevante de Naturgy, pero retrotraéndonos ao momento relevante nesta historia pero que explica a situación que vivimos agora, que é a inauguración por exemplo da presa de Belesar, no ano 65 creo, en Chantada, onde o daquela ministro de Economía e Industria, o todopoderoso López Rodó, un tecnócrata do Opus, no seu discurso viña dicir o seguinte, viña dicir que que ben que inauguremos esta presa, que vai redundar nun aumento da produción eléctrica en Galicia, polo tanto vanse asentir en Galicia novas industrias e tamén se vai xerar emprego. Este é un discurso semellante ao discurso que escoitamos hoxe en defensa do sector eólico, da implantación de parques eólicos en Galicia, moi semellante.

O mesmo discurso de López Rodó vén a ser semellante ao discurso que defende ese produtivismo, hai que producir porque se produce por arte de maxia imos atraer empresas porque imos ter un diferencial competitivo en relación do custo da enerxía, cousa que non sucede porque o mercado enerxético ten unha estrutura estatal e non ten diferenzas a nivel de territorios, a nivel de autonomías, e tamén vai repercutir por suposto na xeración de emprego. Ningunha das dúas profecías é certa, nin a profecía de López Rodó no seu día, de que se ían instalar novas industrias, de que ía haber unha diferenza, non o dicía el que ía haber unha diferenza competitiva no prezo, que evidentemente daquela non lles facía falta mentir aos votantes, era a vantaxe que tiñan naquel sistema, e tamén tampouco se cumpría a profecía de que se ía xerar emprego porque estamos vendo, cincuenta e pico anos despois, como marchan da Coruña os que quedaban en Galicia, que eran ben poucos, nun sector que desde logo, o enerxético, non é intensivo en emprego, ningún economista pensa que o sector enerxético sexa intensivo en emprego e hai moitos que incluso discuten que sexa propiamente un sector industrial. É un sector de servizo á industria, pero, ben, ese é outro debate, non?

En todo caso estamos outra vez ante o mesmo caso, ante o mesmo caso que o anterior. Dentro de equis tempo, dentro de 50, 60 anos, iranse de Galicia os restos dos pequenos traballos auxiliares das industrias eólicas e haberá alguén que recorde: ben, pois pensade que naquel momento a xente dicía que os fallos dos tribunais non había que telos en conta porque era bo producir, porque se se produce sempre vai quedar algo aquí e demais. En realidade estamos ante a mesma crónica dun fracaso, sexa do sector eólico que hoxe empeza, ou sexa no sector hidroeléctrico, que é o que agora vemos que deslocaliza estes pequenos restos, cativos, ben cativos, do que era a antiga Fenosa no noso país.

En realidade o problema de fondo é que o sector enerxético é un sector completamente autonomizado respecto da vontade política, dos administradores políticos. Non vou falar aquí dos casos indecorosos, por repetidos, de portas xiratorias, e presenza de grandes representantes políticos en consellos de administración das enerxéticas, cousa que en todo caso todos cremos que pode explicar por que as cousas son como son, pero si quero poñer de manifesto que, mentres estes recursos do país non se exploten, do noso país mediante unha empresa pública, estaremos sempre sometidos á lei do mercado, que é monopolista e

acumuladora e, polo tanto, acabarán sendo expropiados cara a Madrid ou máis tarde cara a Australia, cara ao lugar onde dite a razón do mercado mundial. E, polo tanto, insisto en que, eu entendo que o discurso que fai o señor Lage é o que ten que facer, as responsabilidades que tamén poida ter a Xunta nesta cuestión, é indubidable que o conselleiro de Industria se distingue por non ter responsabilidade en nada, iso xa o padecemos noutras moitas ocasións, que non son unicamente estas, pero insisto en que hai que cuestionar realmente o que está sucedendo co sector enerxético en Galicia porque dentro de pouco imos repetir outra vez o mesmo esquema de que imos perder os poucos traballos asociados a el e aquí vaise manter o esquema de produción de man de obra e de enerxía a baixo custo para outros lugares.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Buenos días de nuevo a todos. Gracias, presidente.

Antes de nada, antes de intervenir me gustaría preguntarle, señor Lage, si va a aceptar la enmienda que presentamos, en primer lugar; y, en segundo lugar, si va a aceptar una votación por puntos.

Sr. Lage Tuñas

A emenda non a imos aceptar entre outras cuestións porque o que pretende a emenda do Partido Popular é evitar que a Xunta de Galicia asuma as súas responsabilidades e, polo tanto, non ten ningún sentido aceptala. A votación por puntos non ten ningún sentido, entre outras cousas, porque hai un conxunto na operativa e, polo tanto, non ten moito sentido facelo dese xeito. A votación sería á totalidade.

Sr. Ben Otero

Muy bien, perfecto. Lo esperado.

Nosotros que quede constancia de que hemos hecho, hemos intentado que hubiese una declaración institucional, hemos hecho todo lo posible. Suscribimos al cien por cien el punto 1 y el punto 2, al cien por cien suscribimos los dos primeros puntos y, si se hubiese votado por puntos, votaríamos a favor. Respecto al punto tercero, nosotros entendemos que la Xunta ya ha hecho su trabajo en este particular, ha hecho todo lo que tenía que hacer. La Xunta no está de acuerdo ni comparte en absoluto la decisión de Naturgy, eso que esté claro, es decir, y así se lo ha trasladado a la compañía, por lo que nos cuenta, y aparte se exige que se mantenga un equilibrio con los territorios que más aportan.

Pero, desde luego, a mí me llama un poco la atención esta postura, la empiezo a comprender, yo, repito, me gusta leer a diario los dossiers de prensa, veo todos los días, veo, sigo con mucha atención, con mucho interés el tour del señor Formoso por la provincia de A Coruña anunciando cuestiones ya anunciadas. Mañana imagino que habrá una gran portada en cada periódico en virtud de los convenios, lo cual me parece perfecto, anunciando el POS adicional. La semana que viene lo veremos de nuevo comarcamente, y la tercera semana visitará él a los ayuntamientos donde

gobiernan que más le interesa, sumando voluntades, lo cual me parece perfecto, al respecto de lo que supone para cada ayuntamiento el POS adicional. Esto estamos acostumbrados, últimamente más si cabe, repito, aquí estamos ante la serie de Juego de Tronos versión PSdG-PSOE, en que hay un gran protagonista, que es el señor Gonzalo Caballero que protagoniza a Los otros, que él ya no está con nosotros políticamente pero él no lo sabe, es el único que no lo sabe. En consecuencia, a raíz de eso, de esa salida, tenemos el tour de Formoso por toda la provincia de A Coruña, etc., etc.

Y yo sabía que iban a presentar esta moción ustedes desde el momento en que vi esta cuestión, esta noticia, su visita, ¿la ven? su visita a Naturgy, en que parece ser que no lo dejaron entrar y demás. La postura del señor Formoso en este caso, coincidente con el punto uno y punto dos, evidentemente que nosotros respaldamos, y hay una tercera postura, la de la alcaldesa de A Coruña, que dice e insta a la Xunta de Galicia, porque aquí se trata de meter presión a la Xunta de Galicia porque, claro, si queremos liderar una alternativa a la Xunta, tenemos que empezar a ser beligerantes. De aquí viene el tema de no sumarnos a fondo de hostelería, de aquí vienen una serie de cuestiones y de aquí viene que el otro día se nos intente meter como declaración institucional un panfleto aberrante al respecto de la sanidad pública que me imagino que vendrá en el siguiente Pleno. Esto es lo que nos espera de aquí a final de año, yo lo tengo claro, no tenemos ningún problema y actuaremos en consecuencia en todos los sentidos.

Señor Formoso, yo le voy a dar un consejo, si me lo permite, con toda la buena intención: dedíquese usted a atender esta institución, dedíquese usted a trabajar en esta institución, a que las cosas aquí vayan un poquito mejor, que trabajemos un poquito más rápido, que solucionemos problemas, que no vayamos lentos, tarde y mal siempre, y en consecuencia que trabaje también en lo que sea posible en As Pontes para sus vecinos.

Mire, les vi bastante menos beligerantes con la Ley de cambio climático; les vi bastante menos beligerantes, lo cual es tremendo, tremendo, con la aberración que ha supuesto el cierre de As Pontes y del cierre de Endesa en As Pontes, con el cierre de Meirama en la comarca de Ordes. Oiga, usted hizo mención antes si esto hubiera sucedido en Hospitalet, ¿qué hubiera pasado? No, yo le hago la pregunta al revés: si la Ley de saúde de Galicia se llamase Ley de salut no hubiera sido recurrida al Constitucional. Esto es lo que pasa, de aquellos polvos estos lodos, el Gobierno que tenemos en España con la ministra Ribera, que es una auténtica lacra para Galicia, una auténtica lacra para Galicia y para los intereses de los gallegos.

Pero, bueno, como yo entiendo que de aquí a final de año vamos a tener oportunidad de trabajar al respecto y debatir de muchísimas cosas que afectan a esta institución y a su funcionamiento, eso les interesa menos, como el tema de desabastecimiento y saneamiento o como el tema del PEL y de otras muchas cuestiones que también nos afectan, como políticos, pero que no dependen de nosotros, como en este caso, nosotros anunciamos que nos vamos a abstener con todo el dolor de nuestro corazón porque coincidimos plenamente con el punto uno y punto dos, pero creemos que se está siendo tremendamente injusto en el punto 3, porque es como si yo ahora trajera una moción a este Pleno en este punto y pidiese un adicional de 25 millones al POS. Es que ya lo hemos aprobado en unos puntos anteriores, la Xunta ya ha hecho su trabajo y lo está haciendo en defensa de los

intereses de los trabajadores, como no puede ser de otra manera. Pero dígame usted, señor Lage, ¿cómo puedo obligar a la Xunta a solucionar este problema? ¿Cómo lo puedo hacer? Claro, yo entiendo que usted, pellizquito de monja de aquí pellizquito de allí, hay que lanzar a nuestro delfín, esto es lo que hay, bueno, pues estaremos aquí, nos vamos a divertir todos un montón. Nuestro voto va a ser de abstención. Gracias.

Sra. Muíño Filgueira

Eu por non estenderme moito máis dicir que nós, o BNG, apoiamos o contido da moción, evidentemente no sentido de manter eses servizos de proximidade e calidade, por supostísimo, en dar o noso respaldo ás demandas de traballadores e traballadoras poñendo de relevancia a importancia do mantemento deses empregos aquí e, por último, tamén, nesa reivindicación de que o Goberno galego actúe no marco das súas competencias con responsabilidade e que, na medida que active todas as accións que sexan posibles para garantir o mantemento deste Centro de Operacións de Rede de Naturgy, que as empresas que se benefician, como xa dixemos, da explotación da enerxía, da distribución e que obteñen grandes lucros, evidentemente, hai que buscar as fórmulas para garantir que os servizos que ofertan sexan desde aquí e que creen emprego aquí. Entón, nese sentido compartimos o sentido da moción e o noso voto vai ser favorable.

Sr. Lage Tuñas

Eu quería facer uns comentarios moi breves e contestar as intervencións que se fixeron e, en primeiro lugar, compartir co señor Lema as reflexións, eu creo que hai un problema moito máis de fondo, evidentemente hoxe estamos a falar aquí de algo que nos afecta territorialmente, na Coruña, na provincia e, por que non dicilo, en Galicia.

Poderíamos falar evidentemente dos erros en canto ás políticas enerxéticas que se teñen seguido seguramente en España ao longo de moitos anos e incluso a comparativa co que pasa seguramente en Francia, falando das propias participacións estatais ou de cales son as posicións estratéxicas por parte dun Estado e en qué sectores.

Desde logo, a día de hoxe creo que é indiscutible que a enerxía é un elemento central dun dos debates máis importantes que hai hoxe no conxunto do planeta. A sostibilidade en si e a enerxía tamén, e como afecta aos Estados nación, sen dúbida ningunha.

E darlle as grazas á señora Muíño polo apoio do Bloque Nacionalista Galego. E dicirlle, señor Ben, a vostede eu sigo con atención nas súas intervencións habituais no Pleno e a verdade é que eu creo que debe de estar acostumado a que poida dicir todo o que lle veña así, a primeira ocorrencia que ten. Dicir que “la Xunta ya ha hecho su trabajo”..., pero poden pasar dúas cousas: unha, que vostede non saiba cal é o traballo da Xunta, e eu penso que si o sabe, penso que si o sabe, ou que faga un formulación completamente hipócrita, porque, cal é o traballo da Xunta? non despeitearse? É que a Xunta de Galicia non ten capacidade de interlocución coa empresa para evitar o traslado do centro? É dicir, a posición da Xunta é a resignación? E non sei se vostede fai unha pregunta retórica, imaxino que é retórica cando fixo esa pregunta, é dicir, que é o que hai que facer e como hai que facelo?

Pois loxicamente, se non saben, despois de levar gobernando doce anos que é o que hai que facer, e despois de levar compartindo o Consello de Administración de Sogama, entre outros, entre outras moitas empresas, con Naturgy, pois, en fin, a verdade é que van de grandes xestores, pero, desde logo, creo que quedan bastante retratados cando a preocupación que teñen é quedar ben coa empresa.

E dicirlle, desde logo, Sr. Ben, que non creo que lle preocuparan as portadas dos medios en ningún outro mandato, e paréceme dun filibusterismo e dun nivel de hipocrisía, vostede que considera?, que non se debe publicitar o POS? o POS, o POS adicional, as accións da Deputación?, ten algún problema vostede con que se dean a coñecer e se faga a información necesaria nos concellos? Ten algún problema vostede con que o presidente estea no territorio, recorra a provincia e estea próximo aos problemas dos cidadáns? Pois parece que ten ese problema.

E eu a verdade é que me alegro moito, despois de escoitalo hoxe, porque non falou vostede só, nos últimos 10 días falaron do señor Formoso na Deputación de Lugo, no Parlamento de Galicia e agora vostede, cumprindo esa liña estratéxica do propio Partido Popular, pois a verdade é que deixa ver que teñen preocupación co señor Formoso. Alégrame moito, alégrame moito que teñan preocupación co señor Formoso, señor Ben. Creo que cando teñen tanta preocupación polo que fai o señor Formoso é que seguramente esteamos facendo algo ben desde o Partido Socialista.

E que confundan defender os intereses deste país con facer, digamos, intervencións de medio pelo, voullo dicir así, de medio pelo, falando das portadas nos periódicos, non sei con quen fala vostede habitualmente, pero eu o que sei é que quen preside unha institución, o normal e o lóxico é que lles dea a coñecer aos veciños, ao conxunto da provincia, nos diferentes concellos as accións que desenvolve. Eu se tivera que formularlle unha crítica ao presidente desta institución, é que sae menos aínda do que debería, debería de saír máis nos periódicos, Sr. Ben, máis, para que a vostede lle preocupara aínda un pouco máis, porque vexo que as súas preocupacións as deixa ver con claridade, deixa ver con claridade cal é a preocupación que ten o Grupo provincial. Non é o Centro de Operacións de Naturgy, non lles importa nada. Nunha moción na que estamos a falar do sistema, da prestación do sistema para reparar as avarías en todo o país, a vostede o que lle preocupa é cantas veces sae o señor Formoso no periódico. Ben, pois larga vida ao señor Formoso e larga vida ás portadas nos periódicos. Nada máis.

Sr. Ben Otero

Presidente. Lo siento mucho, me veo obligado a tener que decir un par de cositas.

Respecto de hipocresía o no hipocresía, lo bueno de esto después de llevar tantos años en estas cuestiones, señor Lage, es que a usted y a mí nos conoce mucha gente y respecto a usted y a mí la gente tiene ya su imagen clara, es decir, no digo más.

Respecto al señor Formoso, yo no tengo ningún problema en que el señor Formoso salga en la prensa, es más, me gustaría que saliera en la prensa anunciando que ha hecho algo, no siendo una versión de milanuncios.com versión política. Oiga, es que aquí anunciamos lo mismo 25 veces y, si quiere, lo podemos

ver, cogemos el dossier de los últimos meses y vemos nada nuevo bajo el sol, pero el mismo formato en distintos anuncios.

Sabemos lo que hay, señor Lage, y mire, yo tenía un 1% de dudas, al respecto a lo que decía no tenía, pero lo veía bastante claro, con usted lo veo al 100% claro, quedan unos meses hasta octubre-noviembre, que les toca su catarsis, esto, el Juego de Tronos, es lo que hay. Y ya veo que usted está muy involucrado y como a usted le gustan mucho los medios y demás pues seguiremos viendo anuncios. Yo no tengo ningún problema en que el señor Formoso salga todos los días en la prensa, sería un hombre feliz si mañana saliera anunciando un plan de abastecimiento y saneamiento para municipios de menos de 20.000 habitantes. Lo que no puede ser es que la misma inversión del POS se anuncie 25 veces y que la misma carretera, 80 veces. Oiga, que la gente no es tonta, de verdad, que la gente es mucho más lista de lo que usted se cree, mucho más lista de lo que usted se cree.

No tengo nada más que decir. Nos vamos a abstener y que quede claro que estamos en la defensa clara, clara, clara de los puestos de trabajo de los trabajadores de Naturgy, igual que en otras muchas cuestiones, lo que pasa es que no podemos exigir hacer algo que ya se ha hecho, y ahí es donde usted está confundido y nada más. Y, de verdad, diga usted lo que quiera que no voy a decir nada más. Gracias.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Ben. Gracias, Sr. Lage, polo de larga vida a Formoso, agradécese.

Simplemente Evaristo comentar unha cousa, é dicir, a min non me vas pillar na incoherencia de defender ou non defender un interese concreto, neste caso dos traballadores de Naturgy, que sinceramente, díxenllo ao Comité de Empresa, é o menos importante nesta historia. Estamos falando de que 35 familias van ser desprazadas a Madrid, co impacto que supón no ámbito familiar, non perden o seu traballo, vale? Estamos asistindo a escenarios moitísimo máis graves aquí na Coruña con ALU Ibérica, ou nas Pontes, ou en Somozas, ou en Ferrol, ou en Narón, ou en Xubia ou en Vigo, é dicir, por toda Galicia o índice de produción industrial está a facer que pechen, e evidentemente a pandemia, está a facer que pechen moitas industrias con dramas familiares que supón a perda de emprego. Aquí estamos a falar dun traslado, pero hai, dicíao Lage ben na exposición, hai un tema moi relevante, que é bo que o saiban os alcaldes que están aquí sentados e que probablemente non son conscientes da importancia desta cuestión.

Vivímolo aqueles e aquelas alcaldesas que eramos responsables municipais en 2009, creo recordar, con aquel drama que foi o Klaus. Klaus arruinou o sistema eléctrico de baixa tensión en Galicia, sobre todo no rural e na costa, onde asolou practicamente todo o tendido de postes durante días e fixo que as granxas tiveran que ser asistidas con grupos electrógenos, barrios enteiros, comarcas enteiros, comarcas non, perdón, barrios enteiros en comarcas tiveron que ser asistidas de forma artificial electricamente. Claro, naquel momento o Centro de Atención de Unión Fenosa naquel momento, Gas Natural Fenosa despois, e hoxe Naturgy estaba na Coruña. Tiveron que ser asistidos por cuadrillas de Unión Fenosa de Extremadura e de Andalucía que duraron neste territorio a frioleira de 2-3 días porque eran incapaces de facer o seu traballo na orografía galega, eran incapaces.

Polo tanto, hoxe un alcalde sabe o difícil que é falar cun responsable de Naturgy para cambiar un poste, teno francamente difícil. Que levante a man aquí, dos que estamos aquí, que levante a man con quen ten que falar, quen é o responsable. Se hai unha avaría nunha parroquia que levan tres días sen ter subministración eléctrica, que levante a man con quen pode falar. Así como pode falar con Gonzalo Trenor ou co xefe territorial de Industria ou de Sanidade para calquera outra cuestión, sen ningunha dificultade, ten moitísima dificultade para falar co responsable de Unión Fenosa ou de Telefónica para resolver un problema nunha parroquia. Imaxinemos perdendo o único centro que ten Gas Natural Fenosa en todo o territorio nacional, que é en Galicia, onde ten, como dicía Lage, un papel sistémico no sistema de distribución de baixa tensión no noso territorio.

Por iso lle damos importancia, por iso lle damos importancia. E chócame moitísimo a resposta que recibían os traballadores de que teñen que poñerse de acordo coa empresa, chócame moitísimo porque a Consellería de Industria, Economía e Emprego, eu teño que dicir, e díxeno e vólvo a dicir, estou francamente orgulloso, francamente orgulloso de ver o conselleiro de Industria, a Paco Conde, o anterior director xeral de Industria, Ángel Tahoces, defender a central térmica das Pontes e As Pontes como fixeron con Endesa, francamente orgulloso de velo en distintas reunións facendo digamos que realidade a súa obriga como xestor dos intereses enerxéticos deste país. Téño que dicir, díxeno daquela e dígo agora, non é cuestión de delfíns, nin de candorcas, nin de cachalotes, Sr. Ben, é o que penso e vouno manter por coherencia. O que non me podes dicir é que levo seis anos nesta Deputación, seis anos, e moitos plenos ordinarios, moitos plenos extraordinarios, moitas mocións, moitos rogos presentados por todos os distintos partidos políticos en todas as materias que te poidas imaxinar, e falta unha soa vez, unha soa vez que, presentada aquí unha moción instando á Xunta a algo, o Partido Popular nesta Deputación votara a favor desa moción, falta unha soa vez.

E, polo tanto, hai un problema de coherencia, un problema de que defender os intereses da provincia non significa que teñas que deixar de contradicir nun momento determinado o Goberno do teu partido político. É dicir, é que cantas veces nosoutros recriminamos a Madrid cousas, cantas veces votamos en contra do que fai o Goberno do Partido Socialista de Madrid, cantas veces promovemos mocións en contra dos criterios que establece o Goberno, incluso o Partido Socialista. É un tema de coherencia, de coherencia. E neste caso, claro que a Xunta Galicia non ten unha tecla que ordene a Naturgy deixar aquí o Centro de Control en Galicia, sen dúbida ningunha, pero o que si que pedimos é que faga todo o posible, como está a facer nas Pontes con Endesa, que está facendo todo o posible, téño que dicir con orgullo e seguireino mantendo mentres sexa así.

Polo tanto, aquí o que me gustaría é que no Parlamento galego a Xunta de Galicia, igual que o fai en diversas ocasións, presente unha declaración, que sería apoiada por todos os grupos políticos, instando a Naturgy a que saiba a opinión de Galicia neste tema, que é que non estamos de acordo con que movan o Centro de Control de Naturgy de Galicia para Madrid, porque en Madrid non teñen parques eólicos de Naturgy, porque en Madrid non teñen centrais hidráulicas e porque en Madrid non pretenden instalar parques *offshore* nin pretenden instalar centrais de hidróxeno renovado.

Polo tanto, por eses motivos creo que debería facer un xesto a compañía de

deixar este centro de control aquí. Polo tanto, simplemente, é iso, non se trata de meterlle o dedo ao conselleiro, a Paco Conde que, como digo, noutros temas de bastante máis envergadura, de bastante máis envergadura que este, está facendo un labor para min encomiable. Co cal non é un tema, non vexas fantasmas onde non os hai, porque non hai fantasmas. É un tema de que cada un é coherente co que di e co que fai en cada día, e neste caso entendemos que a Xunta de Galicia debe ser máis proactiva, debe ser máis contundente á hora de exixir neste caso a Gas Natural Fenosa, como fai con outras compañías eléctricas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o grupo provincial PSdeG-PSOE sobre o peche do Centro de Operacións de Redes de Naturgy en A CORUÑA"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos a empresa Naturgy, propietaria da desaparecida Unión Fenosa, trasladou parte dos servizos que prestaba desde A Coruña a outras localizacións fóra de Galicia. Asemade, a empresa pechou tamén, no ano 2018, un referente para a educación e a cultura na cidade de A Coruña, o Museo de Arte Contemporáneo.

O pasado 2 de febreiro a dirección da empresa comunicou aos traballadores e ás traballadoras o peche do Centro de Operacións de Redes, situado na Avenida de Arteixo, centro que tamén ten previsto trasladar a outra localización fóra de Galicia.

Os traballadores da empresa, a través dos seus representantes, consideran que dito traslado suporía un duro revés laboral para os 28 empregados do servizo, e suporía tamén unha diminución na calidade do citado servizo empeorando, previsiblemente, os tempos nas resolucións de avarías, ao prestárense desde outros lugares sen ter un mínimo coñecemento do territorio e polo tanto sen ter en conta as condicións e características do sistema eléctrico galego ao que actualmente dan cobertura.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Defender a necesidade de manter o Centro de Operacións de Redes de Naturgy na Coruña, para garantir un servizo nas mellores condicións, xa que o contrario podería supor unha eiva nos servizos que se prestan para a resolución de avarías en Galicia.
2. Trasladar o seu respaldo ás traballadoras e aos traballadores así como sumarse ás demandas de mantemento das súas condicións laborais rexeitando o seu traslado deste centro a outras localizacións.

3. Solicitar á Xunta de Galicia, administración con competencias no ámbito da Industria, que leve a cabo todas as accións necesarias para garantir o mantemento do Centro de Operacións de Redes de Naturgy na Coruña."

Sr. Presidente

Moitas grazas. Imos á seguinte moción e última. Moción do Grupo Alternativa dos Veciños en apoio do sector do espectáculo de orquestras, bandas de música profesional e non profesional da verbena galega.

7.Moción do grupo Alternativa dos Veciños en apoio do sector do espectáculo, orquestras, bandas de música profesional e non profesional e da verbena galega

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia como Comunidade Autónoma posúe innumerables características e singularidades culturais e tradicionais que a fan distinta e singular desde tempos inmemoriais. Nas innumerables aldeas, vilas e cidades do País viñan a celebrarse numerosas festas patronais: un nexo de unión permanente dos pobos, da familia que, dispersa polo mundo na procura dun futuro mellor, regresaban á casa natal , ao fogar dos seus pais e avós os días de festa para confraternizar coa familia, amigos/as e veciñanza,.

Durante os meses de primavera e verán as prazas, os adros e campos da festa galegos, enchíanse de milleiros de romeiros/as e festexeiros que dende calquera punto das comarcas se desprazaban a divertirse e a gozar do noso polbo á feira, da carne ao caldeiro, das grandes churrascadas e mariscadas, entre outros manxares; regados polos bos viños e queimadas da nosa terra e acompañados pola música e o baile das bandas e orquestras.

Ademais do nexo permanente entre as familias e amigos e un alicerce cultural e histórico da nosa idiosincrasia como pobo, as romarías e festas galegas son o medio de vida de milleiros de músicos, gaiteiros, feirantes, transportistas, montadores, hostaleiros e empresas de servizos entre outros que conforman un importante sector da economía galega.

Esta parte tan importante da nosa cultura e da nosa historia é proclive a desaparecer principalmente pola acción especuladora e explotadora dirixida contra os músicos e xentes do espectáculo, ao que hai que engadir certas normas da administración pública. As orquestras deixaron de ser autónomas e víronse obrigadas, se querían traballar nas festas, a adaptarse as imposicións de determinados axentes do espectáculo. Isto ocasionou unha subida espectacular dos cachés e a desaparición de diversas agrupacións musicais. A citada subida dos cachés nunca foi parar ao peto dos músicos e traballadores do espectáculo que cada día percibían e perciben menor salario. Os cartos van parar aos petos dos intermediarios e dos mal chamados "axentes de contratación musical". Na actualidade un bo músico cobra menos que na década dos 80.

A esta xa difícil situación sumouse a colaboración da administración de Facenda que, durante anos, fixo a vista gorda para favorecer ás mafias que denostaban e afundían as orquestras e os músicos: quen cobraba era o axente comercial e quen tiña que declarar era a agrupación musical, despois de apartar a parte substancial do caché que se levaba en B o intermediario ou o representante.

A facenda pública iniciou e impuxo unha situación fiscal agresiva, dirixida contra as comisións de festas, tratándoas como empresarios e responsabilizándoas da situación contractual: alta como empresa, seguros de todo tipo, plans de aforo e seguridade, responsabilidade civil e penal para o presidente da comisión... Ante tal situación estamos seguros que máis do 50% das festas das vilas e pobos de Galicia deixaron de celebrarse e o outro 50% está as portas de facelo.

A situación provocada pola COVID-19 dou o derradeiro golpe aos colectivos de traballadores/as do espectáculo: máis de 12 meses sen traballar nin ter ningún evento ao que poder acudir a causa do confinamento domiciliario e as posteriores restricións xeraron unha importante crise económica e persoal no sector. Se non se toman medidas que favorezan a realización dos centos de festas de Galicia, desaparecerá da nosa terra unha profesión que dou de comer a milleiros de persoas que vivían da súa celebración.

Lamentablemente, estase a rematar cunha parte importantísima da nosa cultura e da nosa historia.

Polo exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Presidente do Pleno Provincial os seguintes:

ACORDOS:

- 1) Dirixirse a Xunta de Galicia para que se revisen as políticas fiscais e a aplicación das normas que se levan a cabo coas Comisión de Festas, que non cos axentes do espectáculo.
- 2) Que desde a Xunta de Galicia e dos concellos de Galicia se faciliten colaboracións e axudas ás Comisión de Festas para a celebración das festas patronais, festas populares, romarías, feiras... diminuindo a burocracia.
- 3) Que desde a Facenda estatal se controle aos axentes de espectáculos e deixen de perseguir aos músicos, vítimas dos anteriores.
- 4) Que se constituía unha comisión a petición da Deputación coa Xunta de Galicia e a Facenda do Estado, para revisar a situación actual e non perder unha parte esencial da historia e da cultura de Galicia como son as verbenas galegas, as romarías e festas populares que no ano 2019 foron propostas como Ben de Interese Cultural.
- 5) Dar traslado desta moción a todos cantos órganos sexan involucrados: Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais, Facenda do Estado, Concellos e Comisións de festas.

Sr. García Seoane

Paso a ler a moción. (Le o texto da moción).

Hai anos, no ano 79, que eu era deputado, as bandas de música estaban desaparecendo totalmente, e nunha intervención na Deputación da Coruña con Marfany á fronte fixérase un traballo entre as distintas deputacións, as catro deputacións de Galicia e apoiárase e revivírase o tema das bandas de música. Pois esta é unha chamada para revivir as nosas festas, unha parte da nosa cultura e mirar polo traballo de milleiros de persoas que están ao redor das festas.

Sr. Lema Suárez

Darlle os parabéns ao Sr. García Seoane por esta moción. Eu creo que hai mocións xustas, necesarias, pero tamén hai mocións fermosas, e esta é unha moción fermosa tanto no expositivo, eu creo que hai que darlle parabéns porque compila moitos dos valores que teñen as festas, que non son unicamente actos de lecer, son actos sociais, actos históricos, actos culturais, eu creo que o país se identifica nelas, e tamén pola parte resolutiva. Eu creo que desde logo non hai unha, ía dicir unha sensación de maltrato aos músicos, cando menos non hai unha situación de bo trato aos músicos, está claro. Eu creo que aquí fala, expón algúns problemas de intentar regulamentar excesivamente desde fóra, desde arriba, un gremio que vive dun sector moitas veces informal e que se ve eu creo que inxustamente tratado. É un caso de abuso da burocracia que ameaza ás veces con esmagar ou con estrangular este sector vital por moitas outras razóns que non son unicamente alimenticias, senón que forman parte do noso repertorio como nación e da nosa identidade. Entón, creo que tamén amosa, desde logo, creo que a ninguén se lle escapa, a sensibilidade probablemente persoal e especial que ten o promotor da moción co gremio este.

E, ben, darlle os parabéns, nós apoiámolo e é unha moción que dá gusto apoiar non só polo que di, senón tamén por como o di.

Sr. García Piñeiro

Moi rapidamente porque, dadas as horas que son e despois de escoitar a moción e de lela, que fala aí de churrasco, marisco e outros alimentos que degustamos nas festas tradicionais, pois tamén sumarme ou sumarnos ás felicitacións ao Sr. García Seoane por esta moción que presenta, e a verdade como el dixo e como vén moi ben explicado na moción as festas patronais e a verbena galega é parte da nosa cultura tradicional, parte da nosa idiosincrasia, co cal é algo que non debemos deixar morrer. É unha situación que xa se estaba agravando nos anos anteriores a esta situación Covid, xa viña arrastrando moitos problemas precisamente polo que el dicía, pola cantidade de burocracia que teñen que asumir as comisións de festas, que recordemos que ao final son os veciños e veciñas que perden parte do seu tempo en andar casa por casa para organizar a festa da súa vila, e que cada vez se lles pedía máis requisitos e incluso máis responsabilidades. E que agora se sumou toda esta situación da Covid onde vemos a realidade que había detrás dos profesionais, onde vía estes días que hai 5.000 persoas, estímase, que viven na contorna das festas tradicionais, que dependen disto, case 300 empresas, e vemos agora moitas situacións dramáticas, e eu vívoas e coñézoas tamén porque aquí no meu concello hai moitos músicos, moitas persoas que viven diso e están, por desgraza, non tiveron

dereito a ningún ERTE nin a ningunha axuda porque precisamente a súa situación laboral era bastante precaria e os daban de alta só nos momentos das actuacións, cando tiñan traballo, e o resto do ano non. Entón, por non estenderme moito máis, grazas, parabéns pola iniciativa e anunciar o noso voto favorable.

Sr. Ben Otero

Vamos a ver nosotros nos vamos a abstener por un motivo. Es decir, en el punto uno no es porque se dirija a la Xunta de Galicia o inste a la Xunta de Galicia a revisar las políticas fiscales, que la competencia en este tema es una competencia del Gobierno del Estado, en consecuencia, no vemos cuál es el papel que pueda tener la Xunta en este tema.

Respecto al punto dos, llama la atención que hace un rato el señor García Seoane haya dicho que no al PEL porque no hay que ayudar a los hosteleros y hable de ayudas a las comisiones de fiestas, también nos llama esto la atención.

A maiores de esto, yo voy a decir una cosa: nosotros somos claramente pro verbenas, pro fiestas, de hecho las ponemos en valor, las potenciamos desde las instituciones en las que estamos y como partido las propugnamos y las celebramos. El Partido Popular es el partido que más se parece a Galicia, es una evidencia, un partido nacido en el rural que crece y se expande a las ciudades y, evidentemente, nadie está más feliz que nosotros con la potenciación de las fiestas. Lo que está claro es una cosa: cuando pase la pandemia, si Dios quiere pasará, cuando la gente, se incremente el ritmo de vacunación, haya vacunas, Galicia volverá a ser una fiesta todos los veranos, esperemos que sea lo antes posible y, si bien estamos de acuerdo con parte de lo que sugiere la moción o lo que quiere decir la moción, sí que no podemos estar de acuerdo en todo lo que se dice en el punto de los acuerdos. En consecuencia, nos vamos a abstener. Gracias.

Sra. Muíño Filgueira

Eu, en relación á moción, reitero os parabéns dos compañeiros, é un texto elaborado, evidénciase, dende un fondo coñecemento e feito dende a realidade, que toca todos os paus, dende o que é a dignificación laboral das persoas profesionais como de todos aqueles factores que inciden en que realmente esa parte da nosa cultura, efectivamente, se poida reactivar da mellor maneira. En relación ao rol das comisións de festas, na maioría das vilas que haxa festa ou non, que a xente vinculada ao mundo da festa e da verbena, que son numerosos profesionais, músicos, toldeiros, feirantes, poidan traballar ou non depende de que se constitúan esas comisións de festas, e de feito, unhas condicións de burocracia e exixencia que lle complican a existencia moitas veces, como ben dicía antes o Sr. García Piñeiro, a veciños e veciñas que se xuntan para ordenar a festa, os superan e inciden efectivamente en que realmente deixe de haber en moitos lugares esas festas e verbenas.

Nese sentido, reiterar a exhaustividade e o coñecemento da realidade e o ben feita que está a moción, e trasladar a nosa coincidencia e respaldo a esta moción.

Sr. García Seoane

Si, imos ver, era respecto ao que dicía o Sr. Ben. Eu non sei que ten esta moción que poida molestar a ninguén porque, se hai unha realidade, é que a Xunta de Galicia ten que ver coas festas, ten moito que ver coas festas. Eu non estou pedindo, e respecto ao PEL, eu non estou pedindo cartos para as festas, os cartos pídenos as comisións de festas polos vilas e nos concellos, pero eu non estou pedindo nin cartos, por tanto non ten nada que ver co PEL que dicía Evaristo Ben, e non vexo que cousas hai que contradigan aquí para nada o tema da ...: "Dirixirse á Xunta de Galicia para que revise as políticas fiscais de aplicación en relación coas comisións de festas". Non estou pedindo ningunha cousa, nin chamándolle nada ao presidente nin ao Goberno, estou dicindo que aqueles que teñen parte e arte en que as festas se fagan, pois que revisen esa situación.

Por tanto, non sei a que vén ese malestar que poida ter nun ataque nunha moción que, como digo, coñezo o mundo porque son músico ante todo, vivín as atrocidades que nos ocasionaron os axentes ás orquestras, vivín a demolición de centos de orquestras en Galicia, vivín o roubo dos cartos aos músicos en Galicia por parte dos axentes, eses axentes que por certo, xa sei que están moi ben preparados algúns deles para o Xacobeo, e esas orquestras que estragaron Galicia, que contratan os músicos nada máis no verán e logo mándanos para Santo Domingo ou para Cuba, por riba non tendo músicos galegos na maior parte dos casos, pois resulta que van ter xa sei uns bos contratos, uns suculentos contratos e alguén máis, alguén máis, uns suculentos ingresos a raíz desas actuacións.

Pero eu estou defendendo aos músicos, aos de abaixo, ás bandas de música os gaiteiros, os feirantes, toda esa xente que é un mundo, é un mundo en Galicia, é unha parte da nosa historia, unha parte tremenda da nosa historia, e que non a podemos perder, por iso presenteí a moción, e creo que o podemos facer porque xa dixeran antes que noutra ocasión, cando fun presidente na primeira corporación democrática, xa se levara unha actuación na defensa dos músicos e naquel momento era das bandas de música, eses homes e mulleres que ían labrar a leira ao monte, que non lles sandaban os dedos e logo ían a un local de ensaio do concello, a unha escola desas antigas para facer a música, por certo marabillosamente como o facían. E hoxe existe a Federación de Bandas Galegas, que foi creada naquel entón desde as deputacións de Galicia. Por tanto, por iso insisto neste tema, temos unha obriga e lamento que o Sr. Ben neste caso non estea acertado na súa intervención. Nada máis.

Sr. Ben Otero

No, simplemente, es tardísimo ya, pero bueno, los tiempos son los que son, lo importante es atender las cuestiones como corresponde. Yo no voy a... mi intención es ... yo no prejuzgo que tengas razón o no la tengas, pero como no conozco en profundidad las tropelías, todo esto a lo que tú haces referencia, y como yo aquí no estoy para reírle las gracias a nadie, ni para tomar decisiones así al albur, y como considero que no tenemos el conocimiento tan extenso que tú tienes al respecto de esto, pues simplemente nos vamos a abstener. Nada más y muchas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP).

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

"Moción do grupo Alternativa dos Veciños en apoio do sector do espectáculo, orquestras, bandas de música profesional e non profesional e da verbena galega

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia como Comunidade Autónoma posúe innumerables características e singularidades culturais e tradicionais que a fan distinta e singular desde tempos inmemoriais. Nas innumerables aldeas, vilas e cidades do País viñan a celebrarse numerosas festas patronais: un nexo de unión permanente dos pobos, da familia que, dispersa polo mundo na procura dun futuro mellor, regresaban á casa natal, ao fogar dos seus pais e avós os días de festa para confraternizar coa familia, amigos/as e veciñanza,.

Durante os meses de primavera e verán as prazas, os adros e campos da festa galegos, enchíanse de milleiros de romeiros/as e festexeiros que dende calquera punto das comarcas se desprazaban a divertirse e a gozar do noso polbo á feira, da carne ao caldeiro, das grandes churrascadas e mariscadas, entre outros manxares; regados polos bos viños e queimadas da nosa terra e acompañados pola música e o baile das bandas e orquestras.

Ademais do nexo permanente entre as familias e amigos e un alicerce cultural e histórico da nosa idiosincrasia como pobo, as romarías e festas galegas son o medio de vida de milleiros de músicos, gaiteiros, feirantes, transportistas, montadores, hostaleiros e empresas de servizos entre outros que conforman un importante sector da economía galega.

Esta parte tan importante da nosa cultura e da nosa historia é proclive a desaparecer principalmente pola acción especuladora e explotadora dirixida contra os músicos e xentes do espectáculo, ao que hai que engadir certas normas da administración pública. As orquestras deixaron de ser autónomas e víronse obrigadas, se querían traballar nas festas, a adaptarse as imposicións de determinados axentes do espectáculo. Isto ocasionou unha subida espectacular dos cachés e a desaparición de diversas agrupacións musicais. A citada subida dos cachés nunca foi parar ao peto dos músicos e traballadores do espectáculo que cada día percibían e perciben menor salario. Os cartos van parar aos petos dos intermediarios e dos mal chamados "axentes de contratación musical". Na actualidade un bo músico cobra menos que na década dos 80.

A esta xa difícil situación sumouse a colaboración da administración de Facenda que, durante anos, fixo a vista gorda para favorecer ás mafias que denostaban e afundían

as orquestras e os músicos: quen cobraba era o axente comercial e quen tiña que declarar era a agrupación musical, despois de apartar a parte substancial do caché que se levaba en B o intermediario ou o representante.

A facenda pública iniciou e impuxo unha situación fiscal agresiva, dirixida contra as comisións de festas, tratándoas como empresarios e responsabilizándoas da situación contractual: alta como empresa, seguros de todo tipo, plans de aforo e seguridade, responsabilidade civil e penal para o presidente da comisión... Ante tal situación estamos seguros que máis do 50% das festas das vilas e pobos de Galicia deixaron de celebrarse e o outro 50% está as portas de facelo.

A situación provocada pola COVID-19 dou o derradeiro golpe aos colectivos de traballadores/as do espectáculo: máis de 12 meses sen traballar nin ter ningún evento ao que poder acudir a causa do confinamento domiciliario e as posteriores restricións xeraron unha importante crise económica e persoal no sector. Se non se toman medidas que favorezan a realización dos centos de festas de Galicia, desaparecerá da nosa terra unha profesión que dou de comer a milleiros de persoas que vivían da súa celebración.

Lamentablemente, estase a rematar cunha parte importantísima da nosa cultura e da nosa historia.

Polo exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Presidente do Pleno Provincial os seguintes:

ACORDOS:

- 1) Dirixirse a Xunta de Galicia para que se revisen as políticas fiscais e a aplicación das normas que se levan a cabo coas Comisión de Festas, que non cos axentes do espectáculo.
- 2) Que desde a Xunta de Galicia e dos concellos de Galicia se faciliten colaboracións e axudas ás Comisión de Festas para a celebración das festas patronais, festas populares, romarías, feiras... diminuindo a burocracia.
- 3) Que desde a Facenda estatal se controle aos axentes de espectáculos e deixen de perseguir aos músicos, vítimas dos anteriores.
- 4) Que se constituía unha comisión a petición da Deputación coa Xunta de Galicia e a Facenda do Estado, para revisar a situación actual e non perder unha parte esencial da historia e da cultura de Galicia como son as verbenas galegas, as romarías e festas populares que no ano 2019 foron propostas como Ben de Interese Cultural.
- 5) Dar traslado desta moción a todos cantos órganos sexan involucrados: Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais, Facenda do Estado, Concellos e Comisións de festas."

(Abandona a sesión a Sra. Gallego Neira).

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Acabamos coas mocións. Se hai algún rogo ou pregunta.

Sr. García Seoane

Hai un rogo presidente, é un rogo moi rápido.

A Deputación está levando adiante a mellora dunha estrada no municipio limítrofe aquí na comarca da Coruña, en concreto na zona de Iliade e Guísamo, o municipio de Bergondo, e levárase unha actuación por parte do anterior Goberno do Partido Popular que se levara moi mal e non se puido anhear a estrada nese punto, unha estrada que ten tres metros e medio de ancho, unha estrada provincial onde hai desgrazas continuamente.

E o único que digo é que se presentou un recurso por parte do propietario, un Bahamonde, un Bahamonde, primo da familia Franco, que resulta que se chunguea da Deputación e di que “no se encuentra aquí en España, que está en Portugal, que si cuadra vendrá ya en el verano...”. Quero dicir, que deamos leña, que deamos caña, que se ocupe ese predio para que esa obra se poida facer e que os técnicos da Deputación actúen mellor que antes, porque antes non se fixo ben, antes non se fixo ben. Os servizos xurídicos da Deputación, desde o meu punto de vista, non actuaron conforme había que actuar naquel entón cando gobernaba o Partido Popular.

Por tanto, rogo que se meta caña e se acabe, dunha vez por todas, un problema grave no municipio de Bergondo.

Sr. Presidente

Estamos totalmente de acordo co tema e, de feito, é verdade que todas as argucias legais que o propietario está empregando dilataron no seu momento, incluso intentaron paralizar incluso a poda das árbores da parcela que impedían a visión e a seguridade nun punto onde non debemos de esquecer que hai escasamente un ano e medio morreu un ciclista.

Por tanto, é unha demanda xeneralizada e non se poden empregar argucias legais para evitar que se mellore a seguridade viaria da vía. Co cal nese sentido ten toda a seguridade de que imos estar moi pendentes.

Sr. García Seoane

Vale, grazas.

Sr. Presidente

Si, había algún rogo máis. Si, Sr. Ben.

Sr. Ben Otero

Dos ruegos referidos al Concello de Curtis. Ya creo que tenéis conocimiento en la casa de estos dos ruegos, porque han sido acuerdos plenarios del propio Ayuntamiento que los ha transmitido a la Diputación. Uno es respecto a la DP-3201, estación de Curtis a O Carregal y Gorxá; y el otro es referente al Centro Etnográfico de Teixeira, que es de esta casa.

Parece ser que hay unas filtraciones de agua importantes y que se está deteriorando muchísimo, que incluso se está poniendo en riesgo, el propio tejado se puede venir abajo y yo creo que sería urgente que actuarais tanto en la DP-3201 entre los puntos kilométricos 8,400 y 11,700 como en el Centro etnográfico. Voy a trasladaros los ruegos para hacéroslos llegar, que yo creo que ya han llegado a la casa y os pediría, por favor, que a la mayor brevedad que pudieseis atender estas dos cuestiones. Gracias.

Sr. Presidente

Moi ben, moitas grazas. Sr. Penas.

Sr. Penas Corral

Nada por alusións, Sr. Ben, eu xa falei co alcalde hai un par de semanas e xa concretamos unha visita e unha xuntanza para seguramente a semana que vén ou a próxima, entón xa miraremos como está o do centro etnográfico.

Sr. Presidente

Grazas Sr. Penas. Si, Sr. Fernández Mouriño.

Sr. Fernández Mouriño

Si, vou intentar facer un rogo, como di o Sr. Lema, fermoso. Todos coñecemos a 5804, que é unha estrada, unha vía provincial, unha rede e un remate dunha vía, estamos falando da avenida de Santa Cristina, que é titularidade da Deputación, e entendemos que é de titularidade da Deputación porque ten o seu interese por chegar a esa magnífica praia e porque todos nós, seguro que todos os que estivemos aquí ou estamos aquí nalgún momento estivemos tomando algunha caña nesas terrazas. E nós pediamos, seguro que o alcalde o pediría máis dunha vez, pero consideramos que esta avenida de Santa Cristina, como se lle chama á 5804, que debía mellorarse, mellorarse e humanizala dunha forma como realmente merece.

Como vedes, están as baldosas pois parecen un cadro de xadrez, todas a cores; a iluminación no seu día foi moi boa pero ten máis de 30 anos; as árbores si é

certo que están ben podadas, pero esas árbores unha vez que apagan as luces os establecementos quedan sen luz. Os bolardos son eses tubos que había antes, como dicía hai 30 anos, e os bancos e as marquesiñas eu penso que non están acordes co que realmente é a avenida de Santa Cristina que todos nós coñecemos e consideramos que, aínda que si pertence o Concello de Oleiros é de toda a provincia e de todos os da comarca.

É por iso que os meus compañeiros do Partido Popular de Oleiros transmitíronme que pedira este rogo e que intentemos que por parte da Deputación, en colaboración por suposto sempre co concello, que se redacte un proxecto, un proxecto ambicioso para humanizar esa zona, incluso tan ambicioso que poderíamos pensar ao mellor facer un subterráneo no cal puidéramos incluso liberar máis espazo para que a avenida de Santa Cristina fora do mellor que podemos presumir, que é esa magnífica praia, esas magníficas vistas e por suposto todo o ocio que todos noutros tempos desfrutamos e esperemos seguir desfrutando.

Sr. Presidente

Podía contestar o Sr. García Seoane perfectamente, pero vouche contestar. Hai escasamente dous meses, a petición do alcalde, visitamos esa rúa, esa avenida e acordamos, xa está en licitación, a redacción dun proxecto para a execución este mesmo ano dunha nova avenida totalmente, coincide plenamente co que acabas de dicir, un proceso de humanización completo que vai facer da avenida de Santa Cristina un espazo totalmente distinto. Falabamos o Sr. García Seoane e máis eu de intentar que tivera a maior accesibilidade posible, concretamos, digamos, cos técnicos da Deputación practicamente todos os aspectos de accesibilidade, de seguridade, de iluminación, incluso chegamos ata ese punto, vimos ademais os anchos das beirarrúas, porque van ser distintos, nunha marxe e noutra polo que puidemos apreciar. O orzamento vai andar na orde creo, paréceme de 900 e un millón de euros e co compromiso do Concello, a quen queremos agradecer a responsabilidade coa Deputación, de que despois a xestión desa avenida será municipal.

Polo tanto, é agradable ver que coincidimos nas prioridades, nas fórmulas para facela realidade. Grazas, Sr. Fernández Mouriño, e nada máis.

Non sei se hai algún rogo máis. Ben, pois boa fin de semana a todos e a todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:44 horas.